



CURSO 2008/09  
PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA  
DEPARTAMENTO DE  
CC.SS, Xeog. e Historia

<b>Xefe/a de departamento</b>	<b>Asignaturas / módulos</b>	<b><i>Sinatura</i></b>
<b>Francisco Javier Poch Gutiérrez</b>	Historia 2º Bac (A,B) ESA. Ámbito Social Atención Pendentes	
<b>Membros do departamento</b>	<b><i>Asignaturas / módulos</i></b>	<b><i>Sinatura</i></b>
<b>Andrea Ricoy Riego</b>	Xeografía 2º Bac Xeografía 3º ESO (A)	
<b>Susana Calvo Peña</b>	HMCO 1º Bac CC.SS 4º ESO (A,B) CC.SS 2º ESO (C,D)	
<b>Dolores Camba Castro</b>	Hª Arte 2º Bac CC.SS 3º ESO (A,C,) CC.SS 1º ESO (C,D)	
<b>Cristina González Domínguez</b>	CC.SS 1º ESO (A,B) CC.SS 2º ESO (A,B)	

## INDICE

<b>INTRODUCCIÓN. REPARTO DE CURSOS E GRUPOS</b>	<b>3</b>
<b>1. COMPETENCIAS BÁSICAS</b>	<b>5</b>
<b>2. OBXECTIVOS DE ÁREA</b>	<b>13</b>
<b>3. METODOLOXÍA</b>	<b>8</b>
<b>4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>	<b>12</b>
<b>5. AVALIACIÓN E TRANSVERSALIDADE</b>	<b>14</b>
<b>6. PROGRAMACIÓN DA ESO</b>	<b>17</b>
<b>7-10. PROGRAMACIÓN BACHARALATO</b>	<b>43</b>
<b>11. EDUCACIÓN DE ADULTOS. NIVEL III</b>	<b>114</b>
<b>12. MATERIAIS E RECURSOS NO BACHARALATO</b>	<b>128</b>
<b>13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</b>	<b>128</b>
<b>14. PENDENTES</b>	<b>129</b>
<b>15. EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA</b>	<b>130</b>

Este curso temos que introduciren as novidades que se derivan da aplicación dos cambios que a LOE introduce e que se contemplan no DCB, e que se poñen en vixencia nos cursos 2º e 4º da ESO.

Como novidade no funcionamento interno do Departamento resaltamos a incorporación con destino definitivo de dúas profesoras que obtiveron praza no Concurso de Traslados, son Dolores Camba e Susana Calvo. Salientamos tamén que Andrea Ricoy permanece no posto de Xefa de estudos. Tamén se incorpora a este Departamento con destino provisional a profesora en prácticas Cristina González que a súa docencia có de Filosofía.

Como consecuencia do acordo do claustro, có fin de evitar un gasto innecesario de papel, esta programación quedará gravada en formato informático, e a disposición dos membros do departamento no ordenador do noso seminario e en copia de C.D-ROM na Xefatura de estudos.

## **REPARTO DE CURSOS E GRUPOS**

Este curso contamos con 64 horas a distribuír do seguinte xeito:

### **1º Ciclo da E.S.O:**

1º Curso: 4 grupos (12 horas): Imparten Cristina González (A,B) e Dolores Camba (C,D)

2º Curso: 4 grupos (12 horas): Imparten Cristina González (A,B) e Susana Calvo (C,D)

### **2º Ciclo da E.S.O:**

3º Curso: 3 grupos (9 horas): Imparten Andrea Ricoy (B) e Dolores Camba (A,C)

4º Curso: 2 grupos (6 horas): Imparte Susana Calvo

### **Bacharelato:**

1º Curso: 1 grupo (4 horas): Imparte Susana Calvo

2º Curso:

Historia: 2 grupos (8 horas): Imparte Javier Poch

Xeografía: 1 grupo (4 horas): Imparte Andrea Ricoy

Hª da Arte: 1 grupo (4 horas): Imparte Dolores Camba

### **Atención a alumnado con disciplinas pendentes:**

Unha hora semanal fora do horario lectivo. Imparte Javier Poch

### **Educación de Adultos (ESA):**

Ámbito Social: 1 Grupo (4 horas): Imparte Javier Poch

En consecuencia, o reparto das horas lectivas que en total ten encomendado para impartir este Departamento, queda da seguinte maneira:

Dolores Camba ten 16 horas, Andrea Ricoy 7, que compatibiliza co seu traballo na Xefatura de Estudos, Susana Calvo impartirá 16 horas de clase, e Javier Poch, que ocupa a Xefatura do Departamento, lle corresponden 13 horas. Cristina González, 12 horas.

Queremos destacar que a distribución das materias se fixo con absoluto acordo dos membros, procurando compartir as materias do Bach., tentando impedir que se produciran repetición de materias co mesmo alumnado, e buscando un equilibrio de niveis que facilitase a mellor operatividade funcional.

A hora de reunión de Departamento será os venres de 11:50 11:40

## **AREA DE CIENCIAS SOCIAIS, XEOGRAFÍA E HISTORIA**

Esta área engloba un conxunto de disciplinas e materias que gardan relación entre si e que responden a obxectivos educativos predeterminados. Unha delas, a historia, debe proporcionarlles ós alumnos coñecementos e métodos para comprende-la evolución das sociedades a través do tempo; a outra, a xeografía, debe facelo na dimensión espacial. Ámbalas dúas cumpren a finalidade de forma-lo alumnado, ofrecéndolle unha visión global do mundo e un conxunto de valores imprescindibles para que adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria.

Podemos definir uns obxectivos comúns para toda a área. En xeografía, pretenden asegurarse na súa concreción espacial unha percepción e unha sensibilidade dos aspectos ambientais e o coñecemento das grandes unidades xeográficas, preferentemente das comunidades autónomas, de España e do mundo; en historia, preténdese que o alumnado adquira o concepto de evolución histórica, as nocións de cambio e permanencia, e que comprenda a interrelación dos factores multicausais que explican as transformacións; que identifique no tempo e no espazo os procesos e feitos relevantes asegurando a percepción do común e do plural na historia de España, coas súas nacionalidades e rexións.

Respectando o Real decreto 1631/2006 do Ministerio de Educación e Ciencia, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da Educación Secundaria Obrigatoria, e no Decreto 133/2007 do Consello da Xunta de Galicia, do 5 de xullo, polo que se establece o Currículo da Educación Secundaria Obrigatoria para esta Comunidade, no primeiro ciclo introdúcense contidos referentes a ambas materias. No primeiro curso inclúense, en xeografía, a Terra e os medios naturais e en historia, a prehistoria e a historia antiga. En segundo curso, as sociedades humanas (a poboación, a economía, a sociedade) en xeografía, e a época medieval, en historia. No segundo ciclo sepáranse os contidos de ambas materias. O terceiro curso dedícase ó estudio dos espazos xeográficos e, en cuarto, abórdase a evolución das sociedades históricas desde a época moderna ó mundo actual.

### **1. COMPETENCIAS BÁSICAS**

As competencias básicas son as aprendizaxes conceptuais e procedementais que debe ter desenvolvidas o alumno e a alumna ao rematar o ensino obrigatorio para lograr a súa realización persoal, exercer unha cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de xeito satisfactorio e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A área de ciencias sociais resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá, posto que facilita as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural, e así mesmo a comprensión da realidade social.

É ben coñecido o papel que as ciencias sociais xogaron na conformación das identidades sociais e territoriais. Na medida en que constrúen as categorías de tempo e espazo social permiten a construción de tempo e espazo persoal no alumnado. Pero, para que estas categorías se traduzan no desenvolvemento dunha competencia social democrática e posibiliten unha interacción responsable co medio, teñen que incorporar a visión de que o mundo en que vivimos é froito das decisións que tomaron os nosos antepasados máis ou menos libremente. Esta visión permitiralle ao alumnado adquirir a conciencia de que o futuro está condicionado polas nosas decisións e actuacións, e adoptar, polo tanto, unha posición comprometida e responsable ante este.

O desenvolvemento desta competencia require ademais o tratamento destes contidos desde unhas metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para

participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprimento dos deberes.

Na competencia sobre coñecemento e interacción co mundo físico, as contribucións son relevantes e permiten relacións interdisciplinares. Interactuar co mundo físico, tanto no que ten de espazo natural como na medida en que o transforma a acción humana, é un aspecto esencial no coñecemento social, en canto permite comprender mellor o que sucede, as consecuencias dun proceso determinado e as condicións de vida de homes e mulleres, que son os suxeitos dos asuntos sociais.

Contribúese á adquisición desta competencia na medida en que se asegure que a dimensión espacial impregna a aprendizaxe dos contidos xeográficos, adquirindo particular importancia o desenvolvemento de procedementos de orientación, localización, observación e interpretación de espazos, paisaxes e a súa representación cartográfica.

Permite, ademais, analizar a acción humana na utilización do espazo e os seus recursos, e non só os problemas que isto xera, senón tamén as accións que pode arbitrar de xeito responsable para asegurar a protección do ambiente.

A competencia cultural e artística supón apreciar, comprender e valorar as diferentes manifestacións culturais e artísticas materiais e inmateriais, utilízalas para o enriquecemento persoal e estímolas como elementos do patrimonio cultural de que dispoñemos e que resulta necesario preservar.

A contribución da área concrétese facilitando a selección e coñecemento de obras de arte relevantes, ben polo seu significado na caracterización de estilos e artistas.

No mundo actual é innegable a importancia que ten a competencia no tratamento da información e competencia dixital para a comprensión dos fenómenos sociais e históricos. Poder contar con certas habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar a información e transformala en coñecemento. As TIC resultan imprescindibles na sociedade da información na que vivimos, aumentan as posibilidades de comunicación e axilizan os intercambios, mesmo poden propiciar formas de traballo cooperativo que abarquen espazos físicos e sociais cada vez máis amplos, que son precisamente os que interesa coñecer desde esta área.

En todo caso, debe insistirse en que a información é preciso saber utilizala, xa que por si mesma non produce unha forma axeitada de coñecemento. Por iso, é necesario comprendela e integrala nos esquemas previos de coñecemento e, así mesmo, capacitarse para a transmisión desta información do xeito máis eficaz posible.

Na medida en que a linguaxe é un vehículo imprescindible de comunicación no proceso de ensinanza-aprendizaxe, a competencia en comunicación lingüística resulta imprescindible. A lingua é o principal instrumento para organizar o pensamento, para aprender e para explicar. Co discurso é posible describir, narrar, disertar e argumentar, e así mesmo, adquirir un vocabulario preciso e específico das ciencias sociais que deberá asumir o alumnado, como tamén a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente.

Esta competencia implica o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos cada vez máis complexos e que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica. Trátase de ser capaces de expoñer clara e sistematicamente as ideas, argumentando con rigor e precisión.

A competencia para aprender a aprender supón iniciarse na aprendizaxe e continualo dun xeito autónomo. Do que se trata é de ter ferramentas que faciliten a aprendizaxe e de atopar repostas que se correspondan cun coñecemento racional, asumindo que poden ser diversas e que é posible atopalas desde distintas perspectivas metodolóxicas.

Para asumir esta competencia é preciso tamén coñecer o que se sabe e o que queda por aprender, orientando os procesos de aprendizaxe ata as nosas capacidades. Noutras palabras, trátase de coñecer as propias potencialidades e as propias carencias.

## **2. OBXECTIVOS DE ÁREA**

- Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, participando nelas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas.
- Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexen a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais, asumir que estas son o resultado de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de causas, e, o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudio.
- Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espacio e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
- Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio no que se desenvolven e organizan.
- Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
- Identificar e localizar no tempo e no espacio os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando causas e consecuencias, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade, e para conseguir ser capaces de elaborar unha interpretación dinámica desta que permita comprender a pluralidade de comunidades en que se distribúen os seres humanos e, de xeito particular, a propia.
- Valorar a diversidade cultural .puntos de vista, formas de vida, códigos morais. manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sempre que non sexan atentatorias contra a dignidade humana, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.
- Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e a maneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas.
- Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade socio-cultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo.
- Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora.
- Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as ciencias sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.
- Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguida, e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.
- Valorar a construción colectiva do coñecemento científico, recoñecendo o seu carácter provisional e comparalo co coñecemento social.

- Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude constructiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
- Resolver problemas e levar cabo estudos e investigacións escolares aplicando os instrumentos conceptuais, as técnicas e os procedementos básicos da indagación característicos das ciencias sociais.
- Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, apreciando os seus valores fundamentais e o feito de que os dereitos e liberdades humanas constitúen un logro irrenunciable da humanidade e unha condición necesaria para a paz. Denunciar, en consecuencia, actitudes e situacións discriminatorias e inxustas, amosándose solidario cos pobos, grupos sociais e persoas privados dos seus dereitos ou dos recursos económicos necesarios.
- Procurar a comprensión da realidade social galega actual como unha realidade dinámica e cambiante que se constrúe continuamente en contacto con outras sociedades e culturas . Asumir a necesidade de ordenación do territorio desde criterios sustentables, respectando o patrimonio natural e construído e recollendo, así mesmo, o panorama futuro que pode ofrecerse tras a análise destes presupostos.

### 3. METODOLOXÍA

#### 3.1. Principios pedagóxicos xerais

A Reforma concibe a educación como un proceso constructivo, no que a actitude que mantén o profesor e alumno permite unha **aprendizaxe significativa**.

Como consecuencia desta concepción da ensinanza, o alumno convértese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ó modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía ó poñer en contacto aqueles coñecementos e experiencias previas do alumno cunha serie de novos contidos.

A **concepción constructivista** da ensinanza permite ademais garantir a funcionalidade da aprendizaxe, é dicir, asegurar que o alumno poida utilizar o aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

#### 3.2. Principios metodolóxicos da área de Xeografía e Historia e CC.SS.

##### Entre outros, mencionaremos os seguintes:

1. Insistir na análise de continuidade dos elementos do pasado, intentando provocar nos alumnos a curiosidade por coñecer as súas raízes históricas dos acontecementos, procesos, costumes... do mundo actual.
2. Conceder especial amplitude ó estudio da historia e a xeografía de España (recalcando aqueles aspectos singulares e significativos que se refiran a Galicia).
3. Dar importancia á comprensión do mundo en que vivimos. Así, por un lado, dende a perspectiva xeográfica, realizaremos un análise detallado do mundo actual (sistema mundo, novo orde internacional, grandes potencias, desequilibrios espaciais, problemas medioambientais...) e se estudian os problemas fundamentais da sociedade do noso tempo. Polo outro lado da perspectiva histórica centrarse (sobre todo no segundo ciclo) no mundo contemporáneo, é dicir, examinar os principais acontecementos históricos que tiveron lugar dende o último tercio do século XVIII ata o momento presente (sen desbotar os antecedentes da Idade Moderna).



4. Pertencemos a unha aldea global, somos cidadáns do mundo isto non impide que recalquemos certos aspectos da nosa identidade: cidadáns galegos que pertencen ó Estado español, con clara vocación europeísta e que pretendemos ser solidarios (en pensamento e acción) co do Hemisferio Sur un espacio que aglutina a máis do 80% da humanidade.
5. Incorporar os avances e enfoques da investigación xeográfica e histórica: en xeografía introducimos o enfoque ecoxeográfico incluíndo temas como o sistema mundo, a globalización, os fluxos económicos e humanos, a xeografía do ocio, etc. En historia incorporar os enfoques da *nova historia*: prestándolle atención ó estudio da historia social, da vida cotiá, das mentalidades, da muller...
6. Combinar unha metodoloxía expositiva e unha indagatoria. A estrutura das unidades supera a dicotomía entre a impartición do profesor ou profesora dunha información pechada, que os alumnos e alumnas teñen que aprender, e o aprendizaxe a través da realización de investigacións por parte do alumnado pero con escasos contidos concretos.
7. Combinar actividades individuais (traballo e estudio persoal) e colectivas (debates, postas en común, ...).

### **3.3. Organización do traballo docente**

En relación coas anteriores liñas mestras, articulamos o traballo na área en tres grandes seccións: *información xeral, actividades, estudio de casos*.

#### **a Información xeral.**

Plantexa os contidos esenciais de xeito expositivo, aínda que propicia a reflexión das alumnas e alumnos mediante a análise de diversos documentos e cuestións.

#### **b Actividades.**

Orientadas a garantir e comprobar o nivel de aprendizaxe dos contidos esenciais e tamén exercitar as técnicas máis comúns para os historiadores e xeógrafos (cronoloxía, empatía, representación espacial, causalidade, etc.)

#### **c Estudio de casos**

Plantexa a comprensión de acontecementos ou fenómenos concretos de tipo variado (un feito histórico, un fenómeno demográfico, artístico, económico, social...), ligados co tema da unidade. A metodoloxía é activa: os alumnos deben extraer as súas propias conclusións mediante a realización dun pequeno proxecto de investigación.

### 3.4. Materiais e recursos.

Tomando como marco de referencia os criterios de selección de materiais curriculares que están recollidos no *Proxecto curricular de centro* e constatando a súa pertinencia didáctica e adecuación ás características do alumnado, seleccionamos o seguinte material de traballo:

MATERIAIS	1º CICLO	2º CICLO
Libro de texto	1º ciclo de E.S.O. Editorial ANAYA	2º ciclo de E.S.O. Editorial ANAYA (3º) E VICENS VIVES (4º)
Outros materiais e recursos didácticos <sup>1</sup>	Audiovisuais didácticos Colección de diapositivas Mapas murais históricos, xeográficos, topográficos... Planos urbanos, croquis, globo terráqueo. Libros e guías didácticas adaptadas a este ciclo Documentos e textos Material de apoio subministrado polo centro de recursos da zona	Audiovisuais didácticos Colección de diapositivas Mapas murais históricos, xeográficos, topográficos... Planos urbanos, croquis, globo terráqueo... Libros e guías didácticas adaptadas a este ciclo. Documentos e textos Material de apoio subministrado polo centro de recursos da zona
Materiais de reforzo e ampliación (atención a diversidade)	Material elaborado polo departamento de <i>CC.SS</i> , <i>Xeografía e historia</i>	Material elaborado polo departamento de <i>CC.SS</i> <i>Xeografía e historia</i>

### 3.5. Organización do espacio.

Sería desexable dispoñer dunha aula de *ciencias sociais* pero mentres isto sexa unha pretensión de *educación e ciencia ficción*, a utilización de diversos espacios (dentro e fóra da aula realizarase en función da natureza das actividades que se poidan levar a cabo.

### 3.6. Aplicación á presentación de unidades didácticas.

A partir do marco xeral que fixamos nos apartados anteriores, pasamos a concretar a opción metodolóxica pola que se refire á organización didáctica do material.

Os catro cursos dividíronse aproximadamente en quince unidades didácticas. Cada unidade viría ocupar dúas semanas (*seis ou sete sesións*), o que permite traballar os contidos con *suficiente* profundidade e variedade de actividades. O plantexamento didáctico de tódalas unidades é similar, aínda que faranse axustes naqueles casos en que se considere necesario.

- Actividade motivadora.
- Indagación das ideas previas do alumnado.
- Plantexamento da información básica.
- Actividades sobre a unidade.
- Estudio de casos.

<sup>1</sup> O departamento de *xeografía e historia* ten inventariado o material do departamento e os recursos que hai na biblioteca do centro. Facendo unha breve recensión sobre a utilidade para cada curso.

O plantexamento didáctico parte do xeral para despois pasar ó estudio do concreto, pois deste xeito será máis doado realizar o estudio de causas e consecuencias, comparar con outros países ou procesos, analizar as desviacións que se produzan sobre o modelo xeral tratando en primeiro término e, sobre todo, de contextualizar o estudio da sociedade, a arte, a mentalidade, etc.

As actitudes traballaranse ó longo de todo o tema, relacionadas co concepto e procedemento concreto que se está traballando nese momento e servirán para promover debates e postas en común.

### **3.6.1. Actividade motivadora e ideas previas**

Antes de comezar a explicación de cada unidade é necesario motivar. Para iso farase unha selección dun material (*texto, audiovisual...*) que acerque o tema ós núcleos de interese do alumnado (*que pretenda ser significativo na súa experiencia persoal*).

A continuación revisaremos o estado dos coñecementos previos do alumnado, co fin de orientar a clase conforme ó nivel de comprensión que os alumnos mostren e de rexeitar as ideas equivocadas que estes teñen sobre un tema. A idea subxacente é que é máis doado lograr que unha aprendizaxe sexa significativa se conecta dalgún xeito con coñecementos anteriores dos alumnos.

Unha forma axeitada para realizar este traballo cos coñecementos previos é arrancar da observación de fotografías ou elaborar un pequeno cuestionario para, a partir disto, iniciar unha discusión ou unha *choiva de ideas* sobre o que lle suxire ós alumnos. Ó terminar a discusión, débense sintetizar as ideas principais que o alumnado ten sobre un tema concreto. Finalmente, estas ideas clave deben orientar o traballo ó longo de toda a unidade.

### **3.6.2. Información básica**

Esta parte consiste en formular os contidos seleccionados neste proxecto. A metodoloxía será nesta primeira parte expositiva, controlando coidadosamente que o nivel presentado poida ser alcanzado por todo o alumnado. Así mesmo, o estilo expositivo debe ser narrativo, para facilitar a aprendizaxe dos novos conceptos, acontecementos e principios.

Contido básico non quere dicir contido tradicional. As unidades deben incluír explicacións sobre aspectos antropolóxicos, sociolóxicos, etc, ademais dos contidos históricos, artísticos e xeográficos tradicionais. Así mesmo, metodoloxía expositiva non quere dicir aprendizaxe pasiva por parte do alumnado. Para que estes poñan en práctica os contidos explicados, plantexaranse cuestións na clase que inviten ós alumnos a realizar comparacións, a buscar causas e consecuencias dun feito ou analizar a pervivencia do estudiado no mundo actual.

### **3.6.3. Actividades**

As actividades servirán para comprobar o nivel de comprensión alcanzado por cada alumno e para diagnosticar puntos necesarios de repaso en cada caso concreto, e tamén para exercitar os procedementos máis comúns para os historiadores e xeógrafos (cronoloxía, empatía, representación espacial, causalidade...). Neste senso é importante realizar actividades de aplicación do aprendido no ámbito concreto de cada disciplina (realización de mapas e gráficos en xeografía; interpretación de documentos de época no caso da historia), e de interpretación de problemas do mundo actual á luz do aprendido ó longo da unidade.

O importante nesta etapa é traballar con fontes variadas (textos, mapas, planos, fotografías, gráficos, restos arqueolóxicos e artísticos, caricaturas e chistes de época...) a partir das cales os alumnos indagarán e plantexarán as súas propias hipóteses. Cando sexa conveniente, os documentos elixidos confrontarán distintas opinións sobre o tema tratado tanto de historiadores ou xeógrafos como de persoas da época. A finalidade é que os alumnos comprendan o relativismo das Ciencias Sociais.

#### 3.6.4. Estudio de casos

Unha vez aprendido o contido máis xeral pasarase a estudar aspectos concretos. Xeralmente será necesario realizar unha pequena contextualización do tema a investigar, para facilitar o traballo ós alumnos. Así mesmo, se lles proverá dunha pequena pauta de análise, suficientemente aberta para que permita diversos grados de profundización.

O traballo nesta fase non só está orientado a que os alumnos consigan ampliar os seus coñecementos sobre un tema determinado, senón que tamén ten como obxectivo a práctica dos alumnos en diversas estratexias propias da área de Ciencias Sociais: empatía, causalidade, tratamento da información de tipo diverso (escrita, gráfica, etc.), xuízo crítico, etc.

#### 3.6.5 traballo en equipo

Polo que respecta ó **traballo en equipo** se favorecerá a integración dos alumnos en grupos que podan poñer en práctica destrezas que contribúan a divulgar coñecementos e a valorar a solidariedade e outros valores sociais que se pretenden potenciar.

Entre outros traballos estarán a elaboración de murais, a preparación e exposición pública de traballos de investigación, que inclúan entre outros aspectos de historia oral,

...

### 4. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

#### a. Atención á diversidade na programación

Pretendemos dar un ensino de calidade. O primeiro paso é ofrecer un acercamento á realidade do alumnado, tanto no seu entorno como as súas propias aspiracións, capacidades e intereses. Isto é particularmente relevante na área de Ciencias Sociais, moi marcada polo estudio de casos particulares e de evolucións específicas de determinadas zonas ou países, e pola diferente percepción do medio social que ten o alumnado do entorno socioeconómico, cultural...

O alumnado, por outro lado, non ten un nivel de coñecemento homoxéneo. Nuns casos hai **diferencias moi marcadas no nivel lingüístico**, o que provoca grandes desniveis á hora de entender conceptos, a maioría de grande abstracción, específicos da xeografía e da historia. **Noutros casos sucede algo similar co nivel matemático**, o que influirá na facilidade de comprensión de certas fórmulas e contidos xeográficos.

Este proxecto ten en conta tamén que non tódolos alumnos adquiren ó mesmo tempo e coa mesma intensidade os contidos tratados. Por iso, debemos deseñar dun xeito que asegure un **nivel mínimo** para todos ó final da etapa, permitindo *á vez que os máis avantaxados poidan ampliar os seus coñecementos máis alá do mínimo común*.

Estes obxectivos lógranse mediante o **plantexamento das unidades en dous niveis**. Nun **primeiro nivel plantexaranse as ideas xerais e básicas sobre o tema**, para pasar, nun

**segundo nivel de afondamento**, ó estudio de aspectos máis concretos. O primeiro nivel debería ser asimilado por todo o alumnado, en tanto que os contidos do segundo nivel poden ser traballados, máis ou menos profundamente segundo as capacidades de cada alumna ou alumno.

#### b. Atención á diversidade na metodoloxía

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que van aplicarse na aula. Estas estratexias son de dous tipos:

- Unha **estratexia expositiva** nos contidos básicos. O obxectivo é asegurarnos de que eses contidos básicos son comprendidos por tódolos alumnos, definindo claramente o nivel que se quere alcanzar.
- Unha **estratexia indagatoria** no caso dos contidos específicos. A finalidade é permitir ós alumnos afondar nas súas investigacións segundo sexan as súas distintas capacidades e intereses.

A área de *Ciencias Sociais, xeografía e historia* ten unha grande capacidade formativa dende o punto de vista das actitudes e da socialización dos alumnos. Neste senso, é importante realizar actividades que vinculen a toda a clase: traballos en grupo, debates, postas en común, saídas externas..., e nas que os alumnos poñan en práctica as normas de convivencia na sociedade, a tolerancia cara as ideas dos demais, etc.

#### c. Atención á diversidade nos materiais utilizados

A selección dos materiais utilizados na aula ten tamén unha grande importancia á hora de atender ás diferencias individuais no conxunto dos alumnos e alumnas.

Como material esencial debe considerarse o **libro base**. O uso de **materiais de reforzo ou ampliación**, tales como o *Material de recursos do departamento*, permite atender á diversidade en función dos obxectivos que nos queremos fixar.

#### d. Atención a diversidade con actividades de reforzo

Nunha disciplina como a das Ciencias sociais resulta moi difícil matizar aspectos concretos a reforzar y, por tanto, máis difícil aínda adecuar puntualmente actividades de reforzo a cada caso concreto.

Nembargantes temos observado que os malos resultados que obteñen algúns dos nosos alumnos nesta disciplina débense fundamentalmente a dúas causas concretas: falta de estudio y/o capacidade de síntese. Así, e salvo algún caso concreto que o profesor estime oportuno revisar o criterio, consideramos que unha boa medida de reforzo podería consistir na elaboración de esquemas conceptuais ou de resumos daqueles temas nos que o alumno non tivera obtido unha valoración positiva. Con esta medida consideramos que poderíamos contrarrestar os dous aspectos antes mencionados:

- a) Obrígase a ler con calma e plasmar por escrito determinados coñecementos a aqueles alumnos que adoecen de falta de traballo.
- b) Supón un exercicio de síntese para aqueles que mostren problemas coa súa capacidade neste senso.

De todas maneiras, este tipo de traballo parécenos máis adecuado para os temas de Historia, por o que no caso da Xeografía empregaranse en maior medida exercicios de aplicación, dado o carácter eminentemente práctico desta disciplina.

## 5. AVALIACIÓN E TRANSVERSALIDADE

### • Procedementos de avaliación

Non só debemos avaliar o que os alumnos saben, senón tamén o que son capaces de facer, as destrezas que poden desenvolver e o grado de consecución dos obxectivos iniciais da programación. Todo isto estará en función das actividades realizadas na clase e destinadas a estimular o desenvolvemento da súa capacidade de aprendizaxe e de conceptualización. Nunha palabra a avaliación debe ser un **PROCESO, UNHA SUMA DE PROGRESOS**.

<p><b>AVALIACIÓN INICIAL</b>  <b>¿Que avaliamos?</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Os coñecementos previos.</li> <li>• As actitudes persoais ante a nova aprendizaxe.</li> </ul>
<p><b>AVALIACIÓN DO PROCESO DE APRENDIZAXE</b>  <b>¿Que avaliamos?</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• O traballo concreto do alumnado.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• O grao no que van alcanzando os obxectivos didácticos que nos propuxemos na Unidade.</li> </ul>
<p><b>AVALIACIÓN FINAL</b>  <b>¿Que avaliamos?</b></p>
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Grao de consecución final obtido polo alumnado respecto os obxectivos didácticos formulados en cada unidade.</li> </ul>

### ¿ QUE VALORAR ?

<b>PARTICIPACIÓN NA AULA</b>	<p><i>¿Fai preguntas coherentes?</i>  <i>¿Ten iniciativa?</i>  <i>¿Ideas ordenadas?</i>  <i>Facilidade de interpretación de datos.</i>  <i>¿Aplica o aprendido a novas situacións?</i></p>
<b>TRABALLO</b>	<p><i>En grupo.</i>  <i>Individual.</i>  <i>Investigación.</i>  <i>Exposicións orais.</i>  <i>Comentario de texto, mapas, fotografías, obras de arte...</i>  <i>Debuxos, mapas conceptuais...</i>  <i>Debates...</i></p>
<b>CUADERNO DE AULA</b>	<p><i>¿ó día? ¿ordenado?</i>  <i>¿Chega a conclusións propias?</i>  <i>¿Ampla información?</i>  <i>¿Fai esquemas, gráficos... do explicado?</i></p>
<b>PROBA OBXECTIVA</b>	<p>Debe posibilitar a transferencia de coñecementos adquiridos na clase e no estudio a situación novas, e polo tanto deben ser eminentemente prácticos:</p>

	<i>Contidos conceptuais e procedimentais adquiridos.  Expresión e ortografía.  Capacidade de razoamento e argumentación.</i>
--	--

## ¿CÓMO AVALIALO?

### Avaliación inicial

O Departamento de Xeografía e Historia e Ciencias Sociais realizará ó comezo do curso unha proba inicial non só ó alumnado de 1º senón tamén ó de 3º de Secundaria, en tanto que inician os seus respectivos ciclos.

As preguntas para os alumnos de 1º tratarán de indagar sobre:

- O coñecemento do planeta terra
- O aspecto físico da Península Ibérica
- Os ríos de España
- A cronoloxía histórica
- A análise de gráficos de poboación e interpretación de gráficos climáticas.

A proba realizada ós alumnos de 3º de E.S.O. estará **orientada non tanto a tratar de avaliar os contidos conceptuais adquiridos polos alumnos, canto a tratar de comprobar o nivel de contidos procedimentais acadados polos mesmos.**

Tendo en conta este enfoque, a actividade -á que dedicamos dúas sesións- consta de varias partes:

- Elaboración de gráficos.
- Comentario razoado e interrelacionado de pequenos textos.
- Definición dun vocabulario básico.
- Situación de elementos concretos nun mapa de España.
- Traslado de información a un eixe cronolóxico.
- Elaboración dun esquema sobre a técnica xeral do comentario de texto.

Con estes elementos **tratamos de acercarnos ó nivel medio de "madurez" dos nosos alumnos:** capacidade de abstracción (gráficas, eixe cronolóxico), razoamento lóxico, claridade na expresión, ortografía...(comentario de texto, vocabulario), ordenamento de contidos (esquema)... e unha pequena valoración dos contidos de nivel conceptual (vocabulario, mapa).

### **Procedementos de avaliación ó longo do curso**

Dos catro apartados que anteriormente sinalabamos coma avaliáveis (participación na aula, traballo, caderno de aula e proba obxectiva) é necesario precisar que o último deles -as probas escritas- terá un peso específico maior, xa que nos permitirá comprobar dunha maneira máis directa non só se o alumno acadou os contidos conceptuais esixibles, senón tamén se este sabe aplicar ós mesmos os procedementos ensinados, procedementos que -ben en grupo ou de maneira individual- terá exercitados no seu caderno de aula.

Sobre a base deste apartado iremos engadindo outros elementos avaliáveis: **participación na clase, traballo e caderno de aula.**

É evidente que a avaliación é continua e que, polo tanto, o nivel de coñecementos que un profesor ten dos seus alumnos vai aumentando a medida que avanza o curso. Polo tanto, nas avaliacións parciais que temos que facer deles, o nivel de aplicación destes tres últimos elementos irá adquirindo máis peso e máis importancia á medida que aumenta tamén o noso coñecemento de cada un dos alumnos, xa que cuestións coma a participación na aula, exposicións orais, aplicación do aprendido a novas situacións, maneira de traballar en grupo..., non poden ser a penas valoradas na primeira avaliación simplemente porque a falta de tempo non nos permite chegar a tal grao de coñecemento individual.

É por isto polo que o traballo, a participación e o caderno de aula irán adquirindo maior entidade ó longo do curso e acadarán todo o seu potencial valorable á hora da avaliación final na que, ademais dos contidos conceptuais intentaremos calibrar ó nivel xeral de "madurez" acadada polo alumno á hora de aplicar eses contidos.

## **TRANSVERSALIDADE**

- Educación ambiental. Educación vial.
- Educación para a igualdade.
- Educación para a saúde.
- Educación para a convivencia.
- Educación para a paz.
- Educación para o consumidor.



## 6. PROGRAMACIÓN DA E.S.O

### SECUENCIA DE CONTIDOS.

<i>Primeiro curso</i>	<i>Segundo Curso</i>
<p><b>Unidade 1: A terra e a súa representación</b></p> <p><b>Unidade 2: A superficie terrestre. Litosfera e hidrosfera</b></p> <p><b>Unidade 3: O relevo e as augas dos continentes</b></p> <p><b>Unidade 4: O relevo e as augas de Europa, España e Galicia</b></p> <p><b>Unidade 5: A atmosfera, os climas e os seres vivos</b></p> <p><b>Unidade 6: Os medios naturais das zonas cálida</b></p> <p><b>Unidade 7: Os medios naturais da zona temperada, fría e de montaña</b></p> <p><b>Unidade 8: Os medios naturais de España e de Galicia</b></p> <p><b>Unidade 9: A Prehistoria</b></p> <p><b>Unidade 10: As primeiras civilizacións históricas</b></p> <p><b>Unidade 11: A civilización grega</b></p> <p><b>Unidade 12: Roma e o seu imperio</b></p> <p><b>Unidade 13: Os territorios de España na Antigüidade</b></p> <p><b>Unidade 14: Os reinos xermánicos</b></p>	<p><b>Unidade 1: A poboación mundial</b></p> <p><b>Unidade 2: A poboación de España e Galicia</b></p> <p><b>Unidade 3: Un mundo de cidades</b></p> <p><b>Unidade 4: As cidades de España e Galicia</b></p> <p><b>Unidade 5: As sociedades actuais</b></p> <p><b>Unidade 6: Bizancio e o Imperio Carolinxio</b></p> <p><b>Unidade 7: Orixe e expansión do Islam</b></p> <p><b>Unidade 8: A Europa feudal entre os Séculos IX e XI</b></p> <p><b>Unidade 9: A Península Ibérica. O predominio musulmán</b></p> <p><b>Unidade 10: A Europa feudal entre os séculos XII e XV</b></p> <p><b>Unidade 11: A Península Ibérica. O predominio cristián</b></p> <p><b>Unidade 12: Nacemento e esplendor do Estado moderno</b></p> <p><b>Unidade 13: Os inicios da Idade Moderna en España e en Galicia</b></p> <p><b>Unidade 14: O século XVII en Europa, en España e en Galicia. O Barroco</b></p>

<b>TERCEIRO CURSO</b>	<b>Cuarto curso</b>
<p>UNIDADE 1: <i>O MEDIO FÍSICO DA TERRA</i>  UNIDADE 2: <i>O MEDIO FÍSICO DE EUROPA , ESPAÑA E GALICIA</i></p> <p>UNIDADE 3: <i>A ACTIVIDADE ECONÓMICA. A ECONOMÍA DE MERCADO</i>  UNIDADE 4: <i>AS ACTIVIDADES AGRARIAS E A PESCA.</i>  UNIDADE 5: <i>AS ACTIVIDADES AGRARIAS E A PESCA EN EUROPA, ESPAÑA E GALICIA.</i>  UNIDADE 6: <i>AS ACTIVIDADES INDUSTRIAIS</i>  UNIDADE 7: <i>AS ACTIVIDADES INDUSTRIAIS EN EUROPA, ESPAÑA E GALICIA</i>  UNIDADE 8: <i>AS ACTIVIDADES TERCIARIAS</i>  UNIDADE 9: <i>AS ACTIVIDADES TERCIARIAS EN EUROPA, ESPAÑA E GALICIA.</i>  UNIDADE 10: <i>CONSECUENCIAS AMBIENTAIS DA ACTIVIDADE ECONÓMICA</i>  UNIDADE 11: <i>A ORGANIZACIÓN POLÍTICA DAS SOCIEDADES</i>  UNIDADE 12: <i>INTERDEPENDENCIA E GLOBALIZACIÓN. O DESENVOLVEMENTO DESIGUAL</i>  UNIDADE 13: <i>OS GRANDES ÁMBITOS XEOECONÓMICOS. AS POTENCIAS MUNDIAIS E REXIONAIS</i>  UNIDADE 14: <i>OS GRANDES ÁMBITOS XEOECONÓMICOS. AS ÁREAS DEPENDENTES</i></p>	<p>UNIDADE 1. <i>O SÉCULO XVIII: A CRISE DO ANTIGO RÉXIME</i>  UNIDADE 2. <i>LIBERALISMO E NACIONALISMO</i>  UNIDADE 3. <i>A INDUSTRIALIZACIÓN DAS SOCIEDADES EUROPEAS</i>  UNIDADE 4. <i>A ESPAÑA DO SÉCULO XIX: A CONSTRUCCIÓN DUN RÉXIME LIBERAL</i>  UNIDADE 5. <i>INDUSTRIALIZACIÓN E SOCIEDADE NA ESPAÑA DO SÉCULO XIX</i>  UNIDADE 6. <i>A ÉPOCA DO IMPERIALISMO</i>  UNIDADE 7. <i>ARTE DO SÉCULO XIX</i>  UNIDADE 8. <i>O PERÍODO DE ENTREGUERRAS (1919-1939)</i>  UNIDADE 9. <i>TEMPOS DE CONFRONTACIÓN EN ESPAÑA (1902-1939)</i>  UNIDADE 10. <i>A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS</i>  UNIDADE 11. <i>UN MUNDO BIPOLAR</i>  UNIDADE 12. <i>ESPAÑA DURANTE O FRANQUISMO</i>  UNIDADE 13. <i>ESPAÑA EN DEMOCRACIA</i>  UNIDADE 14. <i>A UNIÓN EUROPEA</i>  UNIDADE 15. <i>O MUNDO ACTUAL</i>  UNIDADE 16. <i>A ARTE DO SÉCULO XX</i></p>

## **PRIMEIRO CURSO DE ESO**

### **OBXECTIVOS**

- Coñecer o sistema solar, a formación e composición da Terra, explicar os seus movementos e consecuencias, e identificar medios de orientación e métodos de representación do espazo.
- Comprender a estrutura e composición da Terra, situar os continentes, océanos e mares e identificar as características do relevo de continentes e océanos.
- Diferenciar os grandes conxuntos estruturais do globo, e describir o relevo, as costas e as augas continentais dos continentes, de España e de Galicia.
- Coñecer a natureza da atmosfera, diferenciar entre tempo e clima e analizar os climas e a vexetación das distintas zonas da Terra.
- Enumerar e localizar os principais medios naturais da Terra, de España e de Galicia e percibir o seu distinto uso polos seres humanos.
- Diferenciar entre Prehistoria e Historia e distinguir as súas etapas e fontes esenciais, identificar procesos de cambio no tempo, e coñecer os principais períodos e transformacións da Prehistoria con especial atención a España e Galicia.
- Situar no espazo e no tempo as civilizacións fluviais e os primeiros estados e imperios da Terra, e recoñecer as súas características. Identificar, situar e recoñecer características das culturas mediterráneas.
- Situar no espazo e no tempo a civilización grega, recoñecer as súas etapas esenciais, comprender a súa organización política, económica e social, e valorar o seu legado cultural.
- Situar no espazo e no tempo a civilización romana, recoñecer as súas etapas esenciais e comprender a súa organización política, económica e social, e valorar o seu legado cultural ó mundo occidental.
- Identificar e recoñecer as principais características da España romana, e recoñecer o rico e variado legado cultural deixado por Roma na Península Ibérica. Coñecer as etapas prerromana e romana en Galicia.
- Relacionar a crise do mundo romano coas invasións e os reinos xermánicos, identificalos e localizalos, e describir a evolución histórica do Imperio Carolinxio e dos reinos suevo e visigodo.
- Obter información de diversas fontes e realizar pequenas investigacións aplicando os instrumentos conceptuais propios da Xeografía e da Historia.
- Realizar tarefas en grupo e participar en debates de actualidade de contido xeográfico e histórico, mantendo en todo momento unha actitude constructiva, tolerante e solidaria.
- Elaborar, analizar e comentar mapas, gráficos, diagramas, etc., de contido xeográfico e histórico, e utilizar procedementos xerais elaborados polas Ciencias Sociais.
- Tomar conciencia da necesidade de defensa do ambiente, e participar activamente na súa conservación e mellora.

## COMPETENCIAS

### 1. Competencia social e cidadá

- Comprender a achega que as diferentes culturas fixeron á evolución da humanidade.
- Reflexionar de forma crítica sobre os feitos e problemas sociais e históricos.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.
- escoitar activamente; saber poñerse no lugar do outro e comprender o seu punto de vista.
- Relacionarse, cooperar e traballar en equipo.
- Comprender os valores democráticos.
- Entender os comportamentos e as formas de vida en contextos históricos e/ou culturais distintos do propio.

### 2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Coñecer as características do espazo físico no que se desenvolven a vida e a actividade humana.
- Localizar no espazo os elementos do medio físico e os acontecementos históricos traballados.
- Analizar a acción do ser humano sobre o medio e interesarse pola conserva do ambiente.
- Aprender a orientarse e a situarse no espazo, utilizando mapas e planos.
- Realizar predicións e inferencias de distinto nivel de complexidade.

### 3. Competencia cultural e artística

- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
- Valorar a importancia do patrimonio para acceder ao coñecemento das sociedades do pasado.
- Interesarse por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico.

### 4. Tratamento da información e competencia dixital

- Obter información a través de fontes de distinta natureza: cartográficas, iconográficas, textuais, etc.
- Utilizar os buscadores para localizar información en Internet, seguindo un criterio específico.
- Analizar datos cuantitativos de táboas e gráficas.
- Relacionar, analizar, comparar e sintetizar a información procedente das distintas fontes traballadas.

### 5. Competencia en comunicación lingüística

- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Saber expresar axeitadamente as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial a descrición e a argumentación.
- Defender o punto de vista persoal con argumentos coherentes e pertinentes.
- Elaborar definicións dos conceptos estudados, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.

- escoitar, analizar e ter en conta opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico.

## **6. Competencia matemática**

- Interpretar escalas numéricas e gráficas.
- Analizar e comparar a información cuantitativa de táboas, listaxes, gráficos e mapas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar dimensións, calcular distancias e diferenzas horarias.

## **7. Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Buscar explicacións multicausais para comprender un fenómeno e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios ou consecuencias das accións individuais e sociais.
- Saber comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo.
- Tomar conciencia do que se aprendeu e o que falta por aprender.

## **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente os propios puntos de vista.
- Tomar decisións e saber escoller a maneira de recuperar a información máis axeitada en cada caso.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas.

# **CONTIDOS**

## **Bloque 1. Contidos comúns**

- Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características. Percepción da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta. Interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos.
- Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.
- Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.
- Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.
- Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.
- Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.

## **Bloque 2. A Terra e os medios naturais**

- A representación da Terra. Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.
- Localización no mapa e caracterización de continentes, océanos, mares, unidades do relevo e ríos no mundo, en Europa, en España e en Galicia.
- Caracterización dos principais medios naturais, identificando os compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen. Observación e interpretación de imaxes representativas destes. Valoración da diversidade como riqueza que hai que conservar.
- Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas. Principais unidades paisaxísticas en Galicia e España. A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos ( aldeas ), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.
- Riscos. Estudio dalgún problema ambiental como, por exemplo, a acción humana sobre a vexetación, o problema da auga ou o cambio climático. Toma de conciencia das posibilidades que o medio ofrece e disposición favorable para contribuír ao mantemento da biodiversidade e a un desenvolvemento sustentable.

## **Bloque 3. Sociedades prehistóricas, primeiras civilizacións e idade antiga**

- Cazadores e recolectores, os primitivos actuais. Cambios producidos pola revolución neolítica. Aspectos significativos da prehistoria no territorio peninsular.
- As primeiras civilizacións urbanas. Orixe do poder político e patriarcado.
- As primeiras formas de poboamento e distribución da poboación en Galicia. A cultura castrexa.
- O mundo clásico: Grecia e Roma. As sociedades escravistas. A democracia ateniense. As formas de organización económica, social, administrativa e política romanas. O proceso de romanización e as súas consecuencias en Hispania. A cidade e a forma de vida urbana. Acheugas da cultura e da arte clásicas. Pervivencias do mundo cultural romano na Gallaecia.
  - Orixe e expansión do cristianismo. Fin do imperio romano e fraccionamento da unidade mediterránea. O reino suevo como exemplo de adaptación de comunidades endóxeas e esóxeas

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Coñecemento das características básicas do método científico propio da Xeografía e a Historia. (*Contido procedimental*)
- Ser capaz de obter e integrar información sobre diversos aspectos sociais a partir de fontes escritas orais, gráficas, estatísticas e cartográficas, así como dos medios de comunicación, as obras de arte, os obxectos do contorno e os restos naturais do pasado. (*Contido procedimental*)
- Distinción entre fontes primarias e secundarias e analizar criticamente a información que proporcionan, valorando a súa fiabilidade e utilidade e diferenciando os datos obxectivos das opinións e xuízos de valor. (*Contido procedimental*)
- Distinción en diversas informacións sobre un mesmo feito os datos comúns complementarios e contradictorios. (*Contido procedimental*)
- Elaboración e transmisión de información sobre os períodos históricos e fenómenos xeográficos referidos a este ciclo xa sexa oral: participando en debates, formulando

preguntas ou dúbidas... e escrito: libreta de clase, controles, traballos individuais...  
(*Contido procedimental*)

- Identificación, relación e avaliación dos factores intencionais e causais que interveñen na explicación dos feitos sociais e colectivos das unidades didácticas deste ciclo así como as súas consecuencias. (*Contido conceptual*)
- Situación cronolóxica e xeográfica de feitos e situacións **máis** relevantes do presente e do pasado. (*Contido conceptual*)
- Descrición e caracterización de exemplos significativos de explotación e aproveitamento diferencial dos recursos en función do desenvolvemento tecnolóxico e do modelo económico e social. (*Contido conceptual*)
- A toma dunha actitude positiva e activa nas actividades realizadas nesta área. (*Contido actitudinal*)
- Valoración do medio natural e o patrimonio histórico e artístico en especial o español e galego e implicación activa na súa conservación e mellora. (*Contido actitudinal*)

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Localizar lugares ou espazos nun mapa utilizando datos de coordenadas xeográficas e obter información sobre o espazo representado a partir da lenda e da simboloxía. Elaborar mapas sinxelos iniciándose no emprego de recursos informáticos.
2. Localizar nun mapa os elementos básicos que configuran o medio físico mundial, de España e de Galicia, caracterizando os trazos que predominan nun espazo concreto.
3. Comparar os rasgos físicos máis destacados (relevo, clima, augas e elementos bioxeográficos) que configuran os grandes medios naturais do planeta, con especial referencia a Galicia, localizándoos no espazo representado e analizando exemplos das paisaxes que resultan da actividade humana.
4. Interpretar a paisaxe do seu contorno, identificando os seus trazos característicos e relacionando elementos físicos, recursos e formas de asentamento rurais ou urbanos.
5. Identificar e explicar exemplos de riscos e de impactos que a acción humana ten sobre o medio, analizando as súas causas e efectos, e proporcionando medidas e conductas para prevelos e limitalos, facendo unha especial referencia ao ámbito galego.
6. Utilizar as convencións e unidades cronolóxicas e as nocións de evolución e cambio, aplicándoas a feitos e procesos referidos á prehistoria e historia antiga do mundo, da Península Ibérica e de Galicia.
7. Identificar e expoñer os cambios que supuxo a revolución neolítica na evolución da humanidade e valorar a súa importancia e as súas consecuencias ao comparalos cos elementos que conformaron as sociedades cazadoras e recolectoras.
8. Diferenciar os trazos que caracterizan algunha das primeiras civilizacións urbanas e a civilización grega, identificando os elementos orixinais desta última e valorando aspectos relevantes da súa contribución á civilización occidental.
9. Comprender os trazos característicos da cultura castrexa, a área xeográfica na que se desenvolveu e a súa particular forma de ocupación do territorio.
10. Caracterizar os trazos da organización política, económica e social da civilización romana na súa época de expansión, valorando a transcendencia da romanización na Hispania e na Gallaecia e a pervivencia do seu legado.
11. Realizar unha lectura comprensiva de fontes de información e comunicar a información obtida de forma correcta por escrito.

## **TEMPORALIZACIÓN**

1ª AVALIACIÓN: TEMAS 9-14.

2ª AVALIACIÓN: 1-4

3ª AVALIACIÓN: 5-8



## SEGUNDO CURSO DE ESO

### OBXECTIVOS

1. Aprender a se relacionar cos demais e a participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes.
2. Coñecer e respectar os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás, preparándose para o exercicio dos primeiros e para o cumprimento dos segundos.
3. Asimilar hábitos e estratexias de traballo autónomo que favorezan a aprendizaxe e desenvolvemento intelectual do alumnado.
4. Valorar criticamente as diferenzas entre individuos ou colectivos e rexeitar os prexuízos sociais e calquera xeito de discriminación baseado en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
5. Establecer relacións afectivas con persoas de distintas idades e sexo, superando calquera tipo de discriminación baseado nas características persoais e sociais.
6. Aprender a xestionar a información (procura, selección e tratamento de datos), interpretala e valorala de forma crítica, e transmitírllela aos demais de xeito organizado e intelixible.
7. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión e a análise de datos, a presentación de traballos e informes.
8. Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas en diferentes áreas de coñecemento, mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e o contraste de hipóteses.
9. Analizar e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia en diferentes eidos do saber, así como a súa incidencia no medio físico, social e cultural.
10. Desenvolver o propio autoconceito, elaborando unha imaxe positiva pero realista da propia personalidade, potenciando a autonomía persoal na aprendizaxe e unha actitude positiva cara ao esforzo e á superación das dificultades.
11. Comprender e producir mensaxes orais e escritas para se comunicar e organizar o pensamento, reflexionar sobre os procesos implicados no uso da linguaxe; e recoñecer as particularidades das distintas linguas que se falan en España.
12. Ler e interpretar textos literarios a partir do coñecemento do seu contexto cultural e histórico. (h)
13. Adquirir unha destreza comunicativa funcional na lingua ou linguas estranxeiras obxecto de estudo.
14. Coñecer e respectar os aspectos básicos da propia cultura desenvolvendo actitudes de respecto e interese por outras culturas.
15. Comprender os aspectos básicos do funcionamento do corpo humano e desenvolver actitudes e hábitos positivos cara á conservación e prevención da saúde individual e colectiva (levar unha vida sa cun exercicio físico periódico, unha hixiene esmerada e unha alimentación equilibrada etc.).
16. Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico valorando as repercusións que as actividades humanas teñen sobre el e as diversas formas de contribuír activamente a defendelo, conservalo e melloralo.

17. Saber interpretar e producir mensaxes que utilicen códigos artísticos, científicos e técnicos co fin de enriquecer as posibilidades de comunicación de forma precisa, creativa e comunicativa.
18. Valorar o patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia adoptando actitudes que favorezan a súa preservación e desenvolvemento.
19. Comprender a importancia do coñecemento do uso do galego como parte da nosa identidade colectiva e individual.

#### COMPETENCIAS BÁSICAS

##### **1. Competencia social e cidadá**

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Desenvolver a empatía mediante a comprensión das accións humanas do pasado.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e mais ao traballo cooperativo.

##### **2. Coñecemento e a interacción co mundo físico**

- Identificar e localizar os ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Idade Media e a Historia Moderna.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

##### **3. Competencia cultural e artística**

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte medieval e moderno, e os valores estéticos que expresan.
- Analizar obras de arte de xeito técnico e identificar o contexto histórico que explica a súa aparición.
- Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

##### **4. Tratamento da información e competencia dixital**

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais etc.
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.

##### **5. Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar adecuadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.

- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

### **6. Competencia matemática**

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos de números enteiros e porcentaxes para chegar a conclusións cuantitativas.

### **7. Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos etc.
- Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto de compañeiros.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e máis a actualización permanente.

### **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular o propio aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

## **CONTIDOS**

### **Bloque 1. Contidos comúns**

- Localización no tempo e no espazo de períodos e acontecementos históricos. Nocións de simultaneidade e evolución. Representación gráfica de secuencias temporais.
- Recoñecemento de causas e consecuencias nos feitos e procesos históricos distinguindo a súa natureza. Identificación da multiplicidade causal nos feitos sociais. Valoración do papel dos homes e as mulleres como suxeitos da historia.
- Busca, obtención e selección de información do contorno, de fontes escritas, iconográficas, gráficas, audiovisuais e proporcionadas polas tecnoloxías da información. Elaboración escrita da información obtida. Transformación de información estatística en gráficos.
- Recoñecemento de elementos básicos que caracterizan os estilos artísticos e interpretación de obras significativas considerando o seu contexto. Valoración da

herdanza cultural e do patrimonio artístico como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación

- Análise dalgún aspecto da época medieval ou moderna relacionado cun feito ou situación relevante da actualidade: as orixes da organización parroquial, o Camiño de Santiago, a peste negra, sida,....

### **Bloque 2. As sociedades preindustriais.**

- Os séculos medievais. Orixe e expansión do Islam. A sociedade, a economía e o poder na Europa feudal. O rexurdir das vilas, da cidade e o intercambio comercial. A cultura e a arte medieval.
- A Península Ibérica na Idade Media. Al Andalus e os reinos cristiáns. A forma de vida nas cidades cristiás e musulmanas.
- Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais
- Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas. Principais unidades paisaxísticas en Galicia e España. A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos ( aldeas ), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.
- Características do Estado moderno en Europa. O significado do Renacemento.
- Evolución social, política e económica da Península Ibérica na época moderna. A monarquía hispánica e a colonización de América.
- A Galicia dependente e agraria. Fidalgos e foreiros.
- Arte, ciencia e cultura na época moderna. O Barroco galego.

### **Bloque 3. Poboación e sociedade.**

- A poboación e a evolución histórica da súa distribución. Aplicación dos conceptos básicos de demografía á comprensión dos comportamentos demográficos actuais, análise e valoración das súas consecuencias no mundo, en España e en Galicia. Elaboración e interpretación de datos e gráficos de demografía.
- A mobilidade da poboación: modalidades, etapas, causas e consecuencias. Análise do fenómeno migratorio en Galicia.
- As sociedades actuais. Estrutura e diversidade. Desigualdades e conflitos. Caracterización da sociedade galega, española e europea. Análise e valoración relativa das diferenzas culturais.
- A transformación das cidades a partir da industrialización, como resposta ás novas necesidades sociais. Urbanización do territorio no mundo actual e xerarquía urbana. A creación do espazo urbano: diferenciación social e funcional nas cidades españolas e galegas. Problemas e planeamento urbano.
- O poboamento galego: transformación das formas tradicionais e novo sistema urbano.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Coñecemento das características básicas do método científico propio da Xeografía e a Historia. (*Contido procedimental*)
- Ser capaz de obter e integrar información sobre diversos aspectos sociais a partir de fontes escritas orais, gráficas, estatísticas e cartográficas, así como dos medios de comunicación, as obras de arte, os obxectos do contorno e os restos naturais do pasado. (*Contido procedimental*)

- Distinción entre fontes primarias e secundarias e analizar criticamente a información que proporcionan, valorando a súa fiabilidade e utilidade e diferenciando os datos obxectivos das opinións e xuízos de valor. (*Contido procedimental*)
- Distinción en diversas informacións sobre un mesmo feito os datos comúns complementarios e contradictorios. (*Contido procedimental*)
- Elaboración e transmisión de información sobre os períodos históricos e fenómenos xeográficos referidos a este ciclo xa sexa oral: participando en debates, formulando preguntas ou dúbidas... e escrito: libreta de clase, controles, traballos individuais... (*Contido procedimental*)
- Identificación, relación e avaliación dos factores intencionais e causais que interveñen na explicación dos feitos sociais e colectivos das unidades didácticas deste ciclo así como as súas consecuencias. (*Contido conceptual*)
- Situación cronolóxica e xeográfica de feitos e situacións **máis** relevantes do presente e do pasado. (*Contido conceptual*)
- Descrición e caracterización de exemplos significativos de explotación e aproveitamento diferencial dos recursos en función do desenvolvemento tecnolóxico e do modelo económico e social. (*Contido conceptual*)
- A toma dunha actitude positiva e activa nas actividades realizadas nesta área. (*Contido actitudinal*)
- Valoración do medio natural e o patrimonio histórico e artístico en especial o español e galego e implicación activa na súa conservación e mellora. (*Contido actitudinal*)

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Describir os trazos sociais, económicos, políticos, culturais e artísticos que caracterizan a Europa medieval a partir das funcións desempeñadas pola nobreza, o clero e o campesiñado e recoñecer a súa evolución ata a aparición do Estado moderno.
2. Situar no tempo e no espazo as diversas unidades políticas que coexistiron na Península Ibérica durante a Idade Media, distinguindo as súas peculiaridades e recoñecendo na España actual exemplos da pervivencia do seu legado cultural e artístico, particularmente no mundo urbano.
3. Valorar a identidade do período medieval galego nos seus momentos fundamentais, destacando o papel hexemónico que exerce a Igrexa na economía, na cultura ou na articulación do poboamento e establecendo unha relación entre as súas crises sociais e a xeral do feudalismo.
4. Distinguir os principais momentos na formación e evolución do Estado moderno destacando as características máis relevantes da monarquía hispánica e do imperio colonial español.
5. Identificar e localizar os principais estilos artísticos do Medievo e da Idade Moderna, e aplicar ese coñecemento á análise dalgunhas obras e autores representativos destes estilos.
6. Describir os factores que condicionan os comportamentos e movementos demográficos, utilizando os conceptos e indicadores básicos, caracterizando as tendencias predominantes e aplicando este coñecemento á análise do actual réxime demográfico de Galicia e España.
7. Identificar os trazos que caracterizan as sociedades actuais distinguindo a diversidade de grupos sociais que as configuran, e expoñendo algunha situación que relata a desigualdade social.

8. Analizar o crecemento das áreas urbanas e as súas novas modalidades, a diferenciación social e funcional do espazo urbano e algúns dos seus problemas, aplicando este coñecemento a exemplos de cidades españolas e galegas.
9. Realizar de forma individual e tamén en grupo, coa axuda do profesor, un traballo sinxelo de carácter descritivo sobre algún pazo ou mosteiro da comarca, utilizando fontes diversas (prensa, bibliografía, páxinas web, etc.), seleccionando a información máis relevante, integrándoa nun esquema ou guión e comunicando os resultados do estudo de forma intelixible.

## **TEMPORALIZACIÓN**

1ª AVALIACIÓN: TEMAS 1-5

2ª AVALIACIÓN: TEMAS 6-9

3ª AVALIACIÓN: TEMAS 10-14

## TERCEIRO CURSO DA ESO

### OBXECTIVOS

1. Aprender a se relacionar cos demais e a participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, valorando criticamente as diferenzas e rexeitando os prexuízos sociais, así como calquera xeito de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
2. Asimilar hábitos e estratexias de traballo autónomo e en equipo que favorezan a aprendizaxe e o desenvolvemento intelectual del alumnado.
3. Valorar positivamente as diferenzas entre individuos rexeitando os prexuízos sociais e calquera xeito de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
4. Establecer relacións afectivas con persoas de distintas idades e sexo, superando calquera tipo de discriminación baseado nas características persoais e sociais.
5. Aprender a xestionar a información (busca, escolla e tratamento de datos), interpretala e valorala de forma crítica; e a transmitirla aos demais de maneira organizada e intelixible.
6. Utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión e mais a análise de datos, e a presentación de traballos e informes.
7. Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas en diferentes eidos de coñecemento, mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e o contraste de hipóteses.
8. Coñecer e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia nos diversos campos do saber.
9. Adquirir coñecementos básicos sobre as leis e mecanismos que rexen o funcionamento da natureza.
10. Coñecerse cada vez máis a si mesmo cunha imaxe positiva, exercer unha crecente autonomía persoal na aprendizaxe, buscando un equilibrio das distintas capacidades físicas, intelectuais e emocionais, con actitude positiva cara ao esforzo e a superación das dificultades.
11. Comprender e producir mensaxes orais e escritas para se comunicar e organizar o pensamento, reflexionar sobre os procesos implicados no emprego da linguaxe; e recoñecer as particularidades das distintas linguas que se falan en España.
12. Iniciarse na análise e interpretación de textos literarios relacionándoos coa súa correspondente corrente e xénero literarios.
13. Adquirir unha destreza comunicativa funcional na lingua ou linguas obxecto de estudo.
14. Comprender a necesidade de coñecer, protexer e conservar a xeografía e o patrimonio artístico, cultural e lingüístico de España e do mundo, entendendo a diversidade lingüística e cultural como un dereito indiscutible dos pobos e dos individuos.
15. Valorar positivamente a diversidade cultural e lingüística existente en España e en Galicia.
16. Comprender os aspectos básicos do funcionamento do corpo humano e desenvolver actitudes e hábitos positivos cara á conservación e prevención da saúde individual e colectiva (levar unha vida sa cun exercicio físico periódico, unha hixiene esmerada, unha alimentación equilibrada...).
17. Desenvolver hábitos e actitudes que favorezan o propio desenvolvemento individual e a conservación do medio.

18. Saber interpretar, valorar e producir mensaxes que utilicen diversos códigos artísticos, científicos e técnicos co fin de enriquecer as posibilidades de comprensión e expresión de xeito preciso, creativo e comunicativo.
19. Coñecer as particularidades do patrimonio natural, cultural, histórico-artístico e lingüístico de Galicia e valorar a necesidade de participar de forma activa na súa protección e conservación para asegurar a súa sostibilidade e o seu traspaso ás xeracións vindeiras.
20. Comprender a importancia do coñecemento do galego como parte da nosa identidade colectiva e individual.

## COMPETENCIAS

### 1. Competencia social e cidadá

- Coñecer os axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado.
- Entender as mudanzas que se están a producir nas relacións económicas e sociais a escala mundial.
- Analizar as causas e as consecuencias das tendencias migratorias predominantes no mundo actual.
- Expresar as propias opinións de forma asertiva.
- escoitar activamente e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.
- Reflexionar de forma crítica sobre algúns problemas sociais como a existencia de colectivos desfavorecidos.

### 2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Identificar e localizar no mapa os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.
- Recoñecer os trazos físicos e humanos básicos do territorio español e da Unión Europea.
- Recoñecer os desequilibrios territoriais na distribución dos recursos e explicar as súas consecuencias.
- Tomar conciencia dos problemas que a explotación do espazo pode xerar no medio.
- Suxerir actuacións e políticas concretas que contribúan ao desenvolvemento sostible.

### 3. Competencia cultural e artística

- Desenvolver a sensibilidade para gozar con distintas expresións do patrimonio natural e cultural.
- Interesarse pola conservación do patrimonio cultural.

### 4. Tratamento da información e competencia dixital

- Obter información a través de varios tipos de fontes: documentos visuais, cartográficos, etc.
- Analizar os datos numéricos e mais os indicadores socioeconómicos de táboas e diagramas.
- Relacionar, procesar e sintetizar a información procedente de fontes diversas: gráficos, bocexos, mapas temáticos, bases de datos, imaxes e fontes escritas.
- Comunicar as conclusións de forma organizada empregando as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación.



## **5. Competencia en comunicación lingüística**

- Saber expresar as propias ideas e emocións, oralmente e por escrito, utilizando a terminoloxía máis axeitada en cada caso.
- Interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, nomeadamente a descrición e a argumentación.
- escoitar as opinións distintas á propia con sensibilidade e espírito crítico, respectando as normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo.

## **6. Competencia matemática**

- Extraer, analizar e comprender a información numérica de táboas, listaxes, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para comparar fenómenos de carácter social e/ou xeográfico.

## **7. Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.
- Aplicar razoamentos de distinto tipo e procurar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Comprender as actividades presentadas e planificar a estratexia máis axeitada para resolvelas.
- Comunicar e expresar de forma efectiva os resultados do propio traballo, argumentando de forma coherente as opinións persoais.

## **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Planificar a secuencia de tarefas para realizar un traballo de investigación ou de busca de información.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Tomar decisións e saber escoller o xeito máis axeitado para recuperar e presentar a información.
- Facer un seguimento das aprendizaxes realizadas para tomar conciencia do que se aprendeu e mais do que falta por aprender.

# **CONTIDOS**

## **Bloque 1. Contidos comúns**

- Obtención e procesamento de información a partir da percepción das paisaxes xeográficas do contorno ou de imaxes, de fontes orais e de documentos visuais, cartográficos e estatísticos, incluídos os proporcionados polas tecnoloxías da información e a comunicación. Comunicación oral ou escrita da información obtida.
- Realización de debates, análises de casos ou resolución de problemas sobre algunha cuestión de actualidade servíndose, entre outras, das fontes de información que proporcionan os medios de comunicación, valorando informacións diversas sobre un mesmo feito, fundamentando as opinións, argumentando as propostas, respectando as dos demais e utilizando o vocabulario xeográfico axeitado.

- Realización de traballos de síntese e de indagación, utilizando información de fontes variadas e presentándoos correctamente, combinando diferentes formas de expresión incluídas as que proporcionan as tecnoloxías da información e a comunicación.

### **Bloque 2. Actividade económica e espazo xeográfico**

- A actividade económica. Necesidades humanas e recursos económicos. Conceptos, axentes e institucións básicas que interveñen na economía de mercado e a súa relación coas unidades familiares. Cambios recentes no mundo do traballo e o seu impacto espacial: a deslocalización.
- O sector agrario e as transformacións no mundo rural. A actividade pesqueira. A actividade e os espazos industriais. O proceso de terciarización: diversidade e importancia dos servizos na economía actual.
- Localización, caracterización e dinamismo dos principais eixos e focos de actividade económica, con especial referencia ao territorio galego
- Observación e identificación das principais paisaxes xeográficas derivadas da actividade humana.
- Toma de conciencia do carácter esgotable dos recursos e da necesidade de racionalizar o seu consumo. O impacto da actividade económica: riscos e problemas ambientais. Medidas correctoras e políticas de sustentabilidade. Disposición favorable para contribuír á racionalización no consumo e ao desenvolvemento humano de forma equitativa e sustentable.

### **Bloque 3. Organización política e espazo xeográfico**

- A organización política das sociedades. Diferentes tipos de réximes políticos. Identificación dos principios e institucións dos réximes democráticos e as dificultades da súa implantación en Latinoamérica, Asia e África.
- O proceso de configuración territorial de Estado español. A organización política e administrativa de España. Diversidade xeográfica e desequilibrios rexionais.
- A realidade territorial de Galicia. Aldeas, parroquias, vilas e áreas urbanas Comarcas e parroquias. Os desequilibrios espaciais.
- O espazo xeográfico europeo. Organización política e administrativa da Unión Europea. Funcionamento das institucións. A condición periférica de Galicia e repercusión das políticas europeas. A eurrrexión atlántica Galicia-Norte de Portugal.
- Localización e caracterización dos grandes ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais do mundo.

### **Bloque 4. Transformacións e desequilibrios no mundo actual**

- Interdependencia e globalización. Movements antiglobalización.
- Desenvolvemento humano desigual: indicadores e evolución recente. Actitude crítica fronte cos desequilibrios no desenvolvemento. Políticas e organismos de cooperación.
- Tendencias, causas e consecuencias dos grandes desprazamentos de poboación no mundo actual. Análise da situación en Galicia, en España e en Europa.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

Ademais dos puntos mencionados para o primeiro ciclo:

- Identificación e localización dos trazos físicos máis destacados (relevo, hidrografía...) dos diferentes continentes, de España e de Galicia.

- Coñecemento e utilización dos modelos de crecemento demográficos e do coñecemento da distribución da poboación no mundo.
- Identificación, localización, caracterización e diferenciación dos principais sistemas de explotación agraria existentes no mundo.
- Identificación dos distintos tipos de fontes de enerxía valorando as súas vantaxes e os seus inconvenientes.
- Clasificación das materias primas pola súa orixe.
- Localización das áreas xeográficas máis significativas do mundo onde se atopan as materias primas e fontes de enerxía.
- Identificación de tipos de industrias e formas de organización industrial.
- Localización e caracterización dos principais espazos industriais do mundo.
- Identificación das características do comercio no mundo actual, analizando especialmente as relacións de intercambio que se establecen entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos.
- Descrición dos principais subsectores que integran o sector terciario, valorando a importancia dos servizos no mundo actual.
- Identificación das diferentes áreas morfolóxicas e funcionais dun conxunto urbano. Localización destas diferentes áreas nunha cidade de Galicia.
- Coñecemento da xerarquía urbana no mundo e en España, analizando especialmente o caso galego.
- Análise de algúns dos riscos e problemas medioambientais máis graves do mundo actual ocasionados polas actividades humanas (industrialización, explotación abusiva dos recursos, refugallos urbanos...).
- Análise dos desequilibrios e as desigualdades no desenvolvemento que existen entre diferentes áreas do mundo.
- Identificación, análise e valoración dos principais problemas sociais e económicos do mundo desenvolvido.
- Análise da riqueza e a variedade da creación científica e do desenvolvemento tecnolóxico en particular no mundo da información e das comunicacións, avaliando o seu impacto sobre a vida das persoas.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Identificar os principais axentes e institucións económicas así como as funcións que desempeñan no marco dunha economía cada vez máis interdependente, e aplicar este coñecemento á análise e valoración crítica dalgunhas realidades actuais.
2. Caracterizar os principais sistemas de explotación agraria e pesqueira existentes no mundo, e as paisaxes a que dan lugar, localizando algúns exemplos representativos destes, e utilizar esa caracterización para analizar algúns problemas do campo e da pesca españois e galegos, identificando as súas orixes históricas..
3. Comprender e describir as transformacións que nos campos das tecnoloxías, da organización empresarial e da localización se están producindo nas actividades, espazos e paisaxes industriais, localizando e caracterizando os principais centros de produción no mundo, España e Galicia, e analizando as relacións de intercambio desigual.
4. Identificar o desenvolvemento e a transformación recente das actividades terciarias, para entender os cambios que se están producindo tanto nas relacións económicas como sociais, e analizar as súas diversas repercusións espaciais, en particular no ámbito galego.

5. Describir algún caso, con preferencia do ámbito galego, que mostre as consecuencias ambientais das actividades económicas e os comportamentos individuais e colectivos, recoñecendo as formas de desenvolvemento sustentable e ofrecendo algún exemplo de medidas correctoras, así como de acordos e políticas para frear o deterioro do medio ambiente.
6. Identificar e localizar os principais países e áreas xeoeconómicas e culturais do mundo, os estados europeos, e as comunidades autónomas de España, coñecendo a estrutura da Unión Europea e a organización político-administrativa e territorial galega e española.
7. Comprender os rasgos xeográficos comúns e diversos que caracterizan o territorio español e galego, e explicar as causas da súa diferente organización e os contrastes internos a partir do papel dos principais centros e eixos de actividade económica e de comunicación, en canto vertebradores do espacio.
8. Analizar indicadores socioeconómicos de diferentes países para comprender os conceptos de desenvolvemento humano e de estado de benestar, e recoñecer desequilibrios na súa distribución e a dos recursos, explicando algunhas das súas causas e consecuencias, e amosando sensibilidade ante as desigualdades.
9. Analizar algún exemplo representativo das tendencias migratorias na actualidade, identificando as súas causas e relacionándoas co proceso de globalización, así como as consecuencias para os países receptores e emisores, e manifestando actitudes de solidariedade no axuizamento deste fenómeno.
10. Utilizar fontes diversas para obter, relacionar e procesar información sobre feitos sociais e comunicar as conclusións de forma organizada e intelixible, empregando para isto as posibilidades que ofrecen as TIC.
11. Participar en debates sobre cuestións de actualidade próximas á vida do alumnado, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade.

## **TEMPORALIZACIÓN**

1ª AVALIACIÓN- UNIDADES 1-5.

2ª AVALIACIÓN- UNIDADES 6-9.

3ª AVALIACIÓN- UNIDADES 11-14.

## PROGRAMACIÓN DE HISTORIA DE 4º DE ESO

### OBXECTIVOS

1. Coñecer e respectar os dereitos e deberes dos cidadáns e cidadás, preparándose para o exercicio dos primeiros e para o cumprimento dos segundos.
2. Asimilar hábitos e estratexias de traballo autónomo e en equipo que favorezan a aprendizaxe e desenvolvemento intelectual do alumnado.
3. Aprender a relacionarse cos demais e a participar en actividades de grupo con actitudes solidarias e tolerantes, valorando criticamente as diferenzas e rexeitando os prexuízos sociais, así como calquera forma de discriminación baseada en diferenzas de raza, sexo, crenzas ou clase social.
4. Aprender a xestionar a información (procura, selección e tratamento de datos), interpretala e valorala de forma crítica; e a transmitírllela aos demais de xeito organizado e intelixible.
5. Utilizar estratexias de identificación e resolución de problemas en diferentes áreas de coñecemento mediante a aplicación do razoamento lóxico, a formulación e o contraste de hipóteses.
6. Coñecer e valorar criticamente o desenvolvemento científico e tecnolóxico que tivo lugar ao longo da historia nos diversos eidos do saber; utilizar as novas tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión e a análise de datos, a presentación de traballos e informes.
7. Coñecerse cada vez máis a si mesmo cunha imaxe positiva, exercer unha crecente autonomía persoal na aprendizaxe, buscando un equilibrio das distintas capacidades físicas, intelectuais e emocionais, con actitude positiva cara ao esforzo e a superación das dificultades.
8. Comprender e producir mensaxes orais e escritas correctamente, reflexionar sobre os procesos implicados no uso dos distintos tipos de linguaxe (verbal, matemática, gráfica, plástica, musical, informática), e iniciarse no estudo da literatura.
9. Adquirir unha destreza comunicativa funcional nunha ou dúas linguas estranxeiras.
10. Coñecer e respectar os mecanismos e valores que rexen a sociedade, as crenzas e valores da nosa tradición e do noso patrimonio cultural e desenvolver unha actitude favorable a coñecelos e comprendelos mellor.
11. Comprender os aspectos básicos do funcionamento do corpo humano e desenvolver actitudes e hábitos positivos cara á conservación e prevención da saúde individual e colectiva (levar unha vida sa cun exercicio físico periódico, unha hixiene esmerada e unha alimentación equilibrada, etc.).

12. Analizar os mecanismos básicos que rexen o funcionamento do medio físico valorando as repercusións que as actividades humanas teñen sobre el, así como as diversas formas de contribuír activamente a defendelo, conservalo e melloralo.
13. Saber interpretar, valorar e producir mensaxes que utilicen diversos códigos artísticos, científicos e técnicos co fin de enriquecer as posibilidades de comprensión e expresión de forma precisa, creativa e comunicativa.
14. Valorar a necesidade de coñecer, protexer e conservar o patrimonio lingüístico e cultural como manifestación da nosa memoria colectiva, e entender a diversidade lingüística e cultural como un dereito indiscutible dos pobos e dos individuos.
15. Coñecer as particularidades do patrimonio natural, histórico e artístico de Galicia, e valorar a necesidade de participar de forma activa na súa protección e conservación para asegurar a súa sostibilidade e o seu traspaso ás xeracións futuras.
16. Comprender a importancia do coñecemento e o uso do galego como parte da nosa identidade colectiva e individual.

#### COMPETENCIAS BÁSICAS

### 1. Competencia social e cidadá

- Comprender o concepto de tempo histórico.
- Identificar a relación multicausal dun feito histórico e as súas consecuencias.
- Coñecer as grandes etapas e os principais acontecementos da Historia contemporánea.
- Comprender o funcionamento das sociedades, o seu pasado histórico, a súa evolución e transformacións.
- Recoñecer e asumir os valores democráticos; aceptar e practicar normas sociais acordes con eles.
- Expresarse de forma asertiva e mostrar unha actitude favorable ao diálogo e ao traballo cooperativo.

### 2. Coñecemento e a interacción co mundo físico

- Identificar e localizar os principais ámbitos xeopolíticos, económicos e culturais en que se enmarcan os acontecementos da Historia contemporánea.
- Coñecer os distintos usos do espazo e dos recursos que fixeron as sociedades ao longo dos períodos históricos estudados.

### 3. Competencia cultural e artística

- Comprender a función que as artes tiveron e teñen na vida dos seres humanos.
- Recoñecer os diferentes estilos da arte contemporánea e os cambios que os motivaron.
- Analizar obras de arte de distintas épocas; cultivar o sentido estético e a capacidade de se emocionar.
- Desenvolver unha actitude activa en relación coa conservación e a protección do patrimonio histórico.

#### **4. Tratamento da información e competencia dixital**

- Relacionar e comparar a información procedente de diversas fontes: escritas, gráficas, audiovisuais, etc.
- Contrastar a información obtida e desenvolver un pensamento crítico e creativo.
- Elaborar a información transformando os datos recollidos e traducíndoos a outro formato ou linguaxe.
- Empregar as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías da información e a comunicación na procura e o procesamento da información.

#### **5. Competencia en comunicación lingüística**

- Utilizar axeitadamente o vocabulario propio das ciencias sociais para construír un discurso preciso.
- Desenvolver a empatía e interesarse por coñecer e escoitar opinións distintas á propia.
- Utilizar diferentes variantes do discurso, en especial, a descrición e a argumentación.
- Ler e interpretar textos de tipoloxía diversa, linguaxes icónicas, simbólicas e de representación.

#### **6. Competencia matemática**

- Elaborar e interpretar eixes cronolóxicos.
- Analizar e comprender os datos cuantitativos recollidos en táboas, gráficos e diagramas.
- Facer cálculos matemáticos sinxelos para analizar e interpretar fenómenos de carácter social.

#### **7. Competencia para aprender a aprender**

- Desenvolver unha visión estratéxica dos problemas, anticipar posibles escenarios e consecuencias futuras das accións individuais e/ou sociais.
- Buscar explicacións multicausais para comprender os fenómenos sociais e avaliar as súas consecuencias.
- Utilizar distintas estratexias para organizar, memorizar e recuperar a información: esquemas, resumos, etc.
- Participar en debates e contrastar as opinións persoais coas do resto de compañeiros.
- Desenvolver o gusto pola aprendizaxe continua e a actualización permanente.

#### **8. Autonomía e iniciativa persoal**

- Asumir responsabilidades e tomar decisións con respecto á planificación do proceso de resolución das actividades propostas.
- Interpretar adecuadamente as particularidades de cada situación e de cada problema estudado.
- Saber argumentar de forma lóxica e coherente as explicacións dos conceptos e fenómenos estudados.
- Autorregular a propia aprendizaxe: tomar conciencia do que se sabe e do que falta por aprender; e realizar autoavaliacións do propio traballo.

## CONTIDOS

### **Bloque 1. Contidos comúns**

- Localización no tempo e no espazo dos acontecementos e procesos históricos máis relevantes do mundo contemporáneo. Identificación dos factores que interveñen nos procesos de cambio histórico, considerando as súas interrelacións. Diferenciación de causas e consecuencias e valoración do papel dos homes e as mulleres, individual e colectivamente, como suxeitos da historia.
- Procura, selección e obtención de información de fontes escritas, obtida segundo criterios de veracidade e pertinencia, diferenciando os feitos das opinións e as fontes primarias das secundarias. Contraste de informacións contraditorias e/ou complementarias a propósito dun mesmo feito ou situación. Análise e traballo con textos históricos de especial relevancia.
- Análise de feitos ou situacións relevantes da actualidade, particularmente de Galicia, con indagación dos seus antecedentes históricos e das circunstancias que os condicionan.
- Valoración dos dereitos humanos e rexeitamento de calquera forma de discriminación ou de dominio. Visión crítica ante as situacións inxustas e valoración do diálogo e a procura da paz na resolución dos conflitos.
- Recoñecemento dos elementos básicos que configuran os principais estilos ou artistas relevantes do mundo contemporáneo, contextualizándoos na súa época, e interpretación de obras artísticas significativas de arquitectura, artes plásticas, literatura e música.

### **Bloque 2. Bases históricas da sociedade actual.**

- Transformacións políticas e económicas na Europa do Antigo Réxime. A crise do Estado absoluto. As ideas ilustradas. Reformismo borbónico en España. A Ilustración galega: as Sociedades Económicas de Amigos do País.
- Transformacións políticas e socioeconómicas no século XIX. Revolución industrial. Liberalismo, nacionalismo e imperialismo: activismo revolucionario para a transformación de Europa. Novo modelo social e movemento obreiro. A exclusión das mulleres do espazo público e a súa loita pola igualdade: sufraxismo e dereito á educación.
- Crise do Antigo Réxime e construción do Estado liberal na España do século XIX. A fin do imperio colonial español. As desamortizacións e a súa importancia en Galicia.
- Grandes cambios e conflitos na primeira metade do século XX. Imperialismo, guerra e revolución. A depresión de 1929 e o auxe dos fascismos. A revolución soviética.
- Transformacións na España do século XX: crise do Estado liberal; a II República; guerra civil e represión en Galicia; franquismo. As reivindicacións periféricas: o nacionalismo galego.
- Arte e cultura na época contemporánea.

### **Bloque 3. O mundo actual.**

- A orde política e económica mundial na segunda metade do século XX: bloques de poder e modelos socioeconómicos. Os procesos de descolonización e o terceiro mundo. O neocolonialismo. O papel dos organismos internacionais.



- Transición política e configuración do Estado democrático en España. O Estatuto de autonomía de Galicia.
- Proceso de construción da Unión Europea. España e Galicia dentro da Unión Europea hoxe. A eurorexión Galicia-Norte de Portugal.
- Cambios nas sociedades actuais. Os novos movementos sociais e culturais. Os medios de comunicación e a súa influencia.
- A desaparición da URSS e a nova orde mundial: globalización e novos centros de poder.
  - Focos de tensión e perspectivas no mundo actual

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

- Identificación dos trazos das revolucións industrial e liberal burguesa e sinalar as transformacións políticas, económicas e sociais que a consecuencia das mesmas se produciron a partir do século XIX.
- Obtención de información relevante a partir de varias fontes (documentos escritos, obras de arte, mapas, gráficas...
- Utilización axeitada das técnicas de representación do tempo histórico (eixes cronolóxicos...)
- Participación demostrando madurez en debates sobre conflitos e dilemas identificando os diferentes modelos éticos de comportamento.
- Coñecemento dos trazos políticos, sociais e económicos principais da España do século XIX con atención especial á situación galega deste tempo.
- Identificación cronolóxica e xeográfica dalgunhas das grandes transformacións e conflitos mundiais que se produciron no século XX, avaliando criticamente os intereses das grandes potencias e os diferentes grupos sociais e a súa incidencia nos feitos analizados. Aplicación deste coñecemento á comprensión dalgúns destacados problemas internacionais da actualidade.
- Descrición das principais tendencias e vangardas artísticas do século XX.
- Descrición e interrelación dos principais cambios (políticos, ideolóxicos, demográficos, sociais...) producidos en España e en Galicia dende a 2ª República ata hoxe.
- Recoñecemento na Constitución española e no Estatuto de Autonomía de Galicia dos principios e institucións democráticas básicas.
- Coñecemento do funcionamento da Unión Europea e o papel que España representa nesta institución supraestatal.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Situar no tempo e no espazo períodos, feitos e procesos históricos relevantes aplicando as convencións habituais no estudo da historia.
2. Identificar as causas e consecuencias de feitos e procesos históricos significativos, establecendo conexións entre elas e recoñecendo a causalidade múltiple que comportan os feitos sociais.
3. Expor as características sociais, económicas e políticas do Antigo Réxime derivando delas as transformacións que se producen en Europa no século XVIII e explicando os trazos significativos do reformismo borbónico en España e en Galicia.
4. Identificar os trazos fundamentais das revolucións industriais e liberal-burguesas, valorando os grandes procesos de transformación que experimentou o mundo

- occidental, e analizando as particularidades destes procesos en España e Galicia en comparación con outros exemplos representativos.
5. Explicar as razóns da hexemonía política e económica dos países europeos desde a segunda metade do século XIX, identificando os conflitos e problemas que caracterizan estes anos, tanto entre como dentro dos estados, especialmente os relacionados coa expansión colonial e coas tensións sociais e políticas.
  6. Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeográficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX.
  7. Analizar os procesos de cambio desde a segunda metade do século XX, e aplicar este coñecemento á comprensión dalgúns dos problemas internacionais máis destacados da actualidade.
  8. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución política, social e económica de España e de Galicia durante o século XX e os avances e retrocesos no camiño cara á modernización económica, á consolidación do sistema democrático, e á pertenza á Unión Europea.
  9. Realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social no mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces, utilizando para iso diversas fontes de información, incluídas as que permitan obter interpretacións diferentes ou complementarias dun mesmo feito.
  10. Realizar en pequeno grupo unha investigación no contorno sobre algún aspecto da historia recente, utilizando fontes orais que permitan traballar aspectos de vida cotiá e memoria histórica, e procurar conecta-los a contextos máis amplos, sendo capaz de expoñer e defender as súas conclusións.

## **TEMPORALIZACIÓN**

1ª AVALIACIÓN- UNIDADE 1-6

2ª AVALIACIÓN- UNIDADE 7-11.

3ª AVALIACIÓN- UNIDADE 12-16.

## 7. O BACHARELATO. HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO

### Introducción.

O coñecemento do mundo actual, dos problemas sociais máis relevantes, dos fenómenos globais que se producen nel e inflúen na vida dos grupos humanos son requisitos esenciais para situarse conscientemente na realidade na que vivimos, entender os problemas que nos afectan e adoptar decisións razoadas e autónomas ante eles, así como compromisos activos que contribúan á construción dun mundo mellor.

Nesta tarefa a Historia do mundo contemporáneo desempeña unha función relevante: debe facilitar a comprensión do presente como unha fase dun proceso inacabado, que se configura a partir de elementos do pasado, e sobre o que é posible actuar para modelar o futuro. O coñecemento histórico pretende apprehender a realidade social a través dos mecanismos que lle son propios: a indagación sobre as orixes e a evolución dos acontecementos e as relacións que se establecen entre eles; o estudo das sociedades nas súas dimensións económica, social, política, cultural e tecnolóxica; a explicación dos cambios e as continuidades que se producen ao longo do tempo. Todo isto sen perder de vista os diversos suxeitos e grupos que protagonizan e sofren os acontecementos históricos: os grupos hexemónicos e os excluídos, os homes e as mulleres, a cultura propia e as alleas. Unha historia que sexa capaz de dar conta dos éxitos e dos fracasos, dos avances e dos abusos, dos triunfadores e das vítimas e que teña como protagonista a toda a humanidade.

A materia de Historia do mundo contemporáneo aborda os procesos que influíron de forma decisiva na modelaxe do mundo actual. O estudo iníciase na crise do Antigo Réxime e os grandes cambios do século XIX, que determinan, en gran medida, os trazos do século XX ata a configuración da actualidade. Esta presentación non debe considerarse incompatible cun tratamento que poida abranguer, en unidades de tempo máis amplas, a evolución dos grandes temas que configuran o período. O estudo da realidade máis inmediata permite recorrer a fontes como os medios de comunicación, as novas tecnoloxías ou a historia oral, máis novidosas pero non por iso menos rigorosas. É imprescindible que o alumnado comprenda o mundo en que vive e os problemas en que está inmerso, que aprenda a situar o presente en perspectiva histórica, a transferir coñecementos do pasado para interpretar problemas actuais; daquela estará en condicións de tomar decisións racionais e conscientes como integrante da cidadanía do mundo.

A materia debe servir tamén para adquirir sensibilidade ante os retos do presente, desenvolver unha actitude crítica cara ás inxustizas, aos abusos e ás desigualdades e adoptar un compromiso activo na defensa das liberdades, os dereitos humanos e a construción da paz.

A organización dos contidos segue unha orde cronolóxica e preséntase cun criterio co que se trata de abordar, de forma equilibrada, os aspectos políticos, económicos, sociais e culturais, sen esquecer os novos suxeitos e as novas preocupacións históricas. Inevitablemente, os contidos prestan unha maior atención aos procesos históricos que se desenvolven no mundo occidental, pero non desde perspectivas sociocéntricas; daquela, búscanse oportunidades e momentos para facer visibles fenómenos que se desenvolven en contextos alén de Europa para mostrar a diversidade das manifestacións históricas e, ao mesmo tempo, cuestionar estereotipos e prexuízos cara ás culturas diferentes da propia. A

interdependencia e o enfoque dos problemas do mundo desde unha perspectiva global existen, hoxe máis ca nunca, o estudo de fenómenos que acontecen en lugares diversos. Só se é verdadeiramente universal, a historia do mundo poderá explicar de maneira satisfactoria o contemporáneo.

Continuando a formación adquirida nas etapas anteriores, esta materia afonda nas destrezas que son propias da aprendizaxe histórica, como a localización dos acontecementos no espazo e no tempo, o manexo das fontes de información, a interpretación crítica dos datos, a interacción de factores diversos nas explicacións causais, a análise e a síntese, ou a emisión de xuízos fundados sobre asuntos controvertidos. Todas elas, ademais de contribuir ao propio coñecemento histórico, ensinan que o coñecemento científico é antidogmático e provisional. Estas destrezas,

que posúen en si mesmas un alto valor formativo, preséntanse nun bloque inicial como contidos

comúns que deben desenvolverse transversalmente ao longo de todos os demais bloques, e atopan un lugar relevante nos criterios de avaliación.

### **OBXECTIVOS DE BACHARELATO**

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sostibilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lles permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades existentes e impulsar a igualdade real e a non-discriminación das persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe, e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como escrita, a lingua castelá e, se é o caso, a lingua cooficial da súa comunidade autónoma.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e a comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de forma solidaria no desenvolvemento e mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais e dominar as habilidades básicas propias da modalidade escollida.
- j) Comprender os elementos e procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e a tecnoloxía no cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio.
- k) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

- l) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- m) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- n) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.

## SECUENCIA DE CONTIDOS

### ***1º. DE BACHARALATO. HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO***

- TEMA 1. A CRISE DO ANTIGO RÉXIME**
- TEMA 2. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL**
- TEMA 3. LIBERALISMO E NACIONALISMO**
- TEMA 4. O MOVEMENTO OBREIRO**
- TEMA 5. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL E O IMPERIALISMO**
- TEMA 6. A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL**
- TEMA 7. A REVOLUCIÓN SOVIÉTICA E A URSS (1917-1941)**
- TEMA 8. ECONOMÍA DE ENTREGUERRAS E CRISE DO 29**
- TEMA 9. DEMOCRACIA E TOTALITARISMO (1918-1939)**
- TEMA 10. A SEGUNDA GUERRA MUNDIAL (1939-1945)**
- TEMA 11. A GUERRA FRÍA E A POLÍTICA DE BLOQUES (1945-1989)**
- TEMA 12. DESCOLONIZACIÓN E TERCEIRO MUNDO**
- TEMA 13. UN MUNDO DIVIDIDO. A EVOLUCIÓN DOS BLOQUES**
- TEMA 14. A FORMACIÓN DA UNIÓN EUROPEA**
- TEMA 15. IBEROAMÉRICA NO SÉCULO XX**
- TEMA 16. XEOPOLÍTICA DO MUNDO ACTUAL**
- TEMA 17. GLOBALIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DESIGUAL**

### **Obxectivos.**

O ensino da Historia do mundo contemporáneo no bacharelato terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Coñecer os principais procesos e acontecementos do mundo contemporáneo, situándoos no espazo e no tempo e tomando conciencia da diversidade de ritmo e intensidade coa que se producen nos diferentes territorios, mesmo das súas pegadas en Galicia.
2. Revisar criticamente estereotipos e prexuízos respecto das sociedades que se incorporan tardiamente á contemporaneidade.
3. Analizar as grandes transformacións que experimentan as sociedades contemporáneas establecendo relacións significativas entre os aspectos económicos, sociais, políticos, culturais e tecnolóxicos; identificar os cambios e as continuidades que se producen e as súas consecuencias na actualidade.

4. Comprender o significado dos conceptos históricos máis importantes que se empregan para analizar os procesos e acontecementos contemporáneos e utilízalos correctamente para dar conta das realidades sociais en diferentes contextos.
5. Entender o presente como un proceso inacabado, resultado do éxito de determinados proxectos sociais e do fracaso doutros, no que se teñen producido importantes avances pero tamén inxustizas e conflitos que aínda hoxe persisten e que esixen un compromiso activo a favor da paz, da xustiza, da igualdade e dos dereitos humanos no mundo.
6. Entender e apreciar a historia como unha reflexión permanente sobre o pasado para buscar respostas aos problemas do presente e formular proxectos sociais para a construción do futuro.
7. Utilizar o coñecemento histórico para revisar as ideas comunmente aceptadas, dar voz aos grupos excluídos polos discursos hexemónicos e participar activamente na construción dun mundo mellor.
8. Buscar, seleccionar e interpretar información procedente de fontes diversas -o contorno, documentos históricos, representacións iconográficas, medios de comunicación, etc.-; tratala de forma rigorosa para obter información histórica relevante, relacionándoa cos coñecementos adquiridos para redactar textos rigorosos de contido histórico.
9. Planificar e realizar informes ou breves investigacións escolares, de xeito individual ou en grupo, nos que se integren informacións diversas, facendo referencia á súa procedencia, así como aos diferentes enfoques históricos. Presentar os resultados de forma oral e escrita utilizando as tecnoloxías da comunicación.
10. Participar de forma ordenada en debates e discusións sobre problemas controvertidos do mundo contemporáneo e da actualidade, argumentar as propias ideas e incorporar as doutras persoas para chegar a conclusións que obteñan un maior consenso, sen esquecer o dereito a discrepar e a que se escolten as diferentes opinións.
11. Valorar positivamente os conceptos de democracia, liberdade, igualdade e solidariedade ante os problemas sociais, asumindo o compromiso coa defensa dos valores democráticos ante situacións de discriminación e de inxustiza, en especial as relacionadas cos dereitos humanos e a paz.

## **Contidos.**

### **Contidos comúns.**

1. Localización no espazo e no tempo de procesos, estruturas e acontecementos relevantes do mundo contemporáneo, identificando semellanzas e diferenzas na súa concreción en distintas sociedades e reparando na diversidade de ritmos da difusión destes procesos.
2. Identificación de relacións significativas entre factores de tipo económico, social, político, cultural e tecnolóxico á hora de manexar explicacións causais sobre os procesos de evolución e cambio máis relevantes no mundo contemporáneo e na configuración do mundo actual.
3. Utilización de diferentes escalas (global, europea, española, galega) na análise dos procesos e acontecementos contemporáneos e actuais; capacidade para cuestionar prexuízos e estereotipos cara a outros pobos e culturas.
4. Busca, selección e tratamento de información procedente de fontes diversas (documentos históricos, datos estatísticos, textos historiográficos, mapas, prensa, tecnoloxías da información, etc.); capacidade crítica para interpretar e valorar as informacións tendo en conta a fonte de procedencia e os intereses e intencións de quen as pon en circulación.

5. Elaboración de informes e investigacións escolares utilizando información procedente de diferentes fontes; presentación dos resultados de forma estruturada e clara, manexando correctamente a linguaxe e os conceptos históricos específicos.

### **Contidos específicos.**

Bloque 1. Crise do Antigo Réxime: ilustración e revolución. Independencia dos Estados Unidos e Revolución Francesa.

- Transformacións económicas e Revolución Industrial. Difusión da industrialización e consolidación da economía capitalista.
- Liberalismo e nacionalismo. A formación dos estados-nación en Europa. As ideas liberais noutros ámbitos: emancipación de Latinoamérica e modernización de Xapón.
- Sociedade de clases e hexemonía burguesa. Pensamento socialista e movemento obreiro. Os grupos excluídos da orde social liberal: mulleres, non propietarios, escravos.
- Loitas sociais e avances cara á democracia: ampliación do sufraxio, extensión da educación e medidas da protección social.
- Expansión imperialista e tensións internacionais.

Bloque 2. Conflictos e cambios na primeira metade do século XX.

- A Primeira Guerra Mundial. Os tratados de paz.
- A Revolución Rusa de 1917. Formación e evolución da URSS.
- A economía de entreguerras. Da recuperación dos anos vinte á Gran Depresión.
- Sociedade de masas e incorporación da muller ao traballo asalariado. O voto feminino.
- Crise das democracias parlamentarias. Dictaduras e réximes fascistas.
- Tensións internacionais e Segunda Guerra Mundial.
- A organización da paz. As vítimas das dictaduras e da guerra; o holocausto.

Bloque 3. O mundo na segunda metade do século XX.

- Formación, evolución e final dos bloques. Os conflitos nun mundo bipolar.
- Descolonización e Terceiro Mundo. A política de non aliñamento.
- Organización da economía mundial por parte das grandes potencias: mundo capitalista e mundo socialista.
- Crecemento económico e estado de benestar nos países do norte. Subdesenvolvemento e inestabilidade política nos países do sur.
- A construción da Unión Europea: procesos de ampliación, institucións e políticas comunitarias.
- Institucións e movementos supranacionais.
- Iberoamérica no século XX.
- Movementos de contestación social: pacifismo, feminismo, ecoloxismo, loita polos dereitos civís.
- A crise económica de finais do século. Estancamento e fracaso dos países socialistas. Recesión económica e políticas neoliberais nos países capitalistas.

#### Bloque 4. Perspectivas do mundo actual.

- Sociedades postindustriais e novas formas de exclusión. O impacto da revolución científico-técnica. Riscos ambientais e desenvolvemento sustentable.
- As desigualdades no mundo: o estado de benestar e a súa desigual distribución. Os obxectivos de desenvolvemento do Milenio.
- Globalización económica e diversidade cultural. Fluxos migratorios, políticas de inmigración e movementos xenófobos.
- A nova configuración xeopolítica do mundo. Focos de conflito. Cooperación e diálogo entre culturas.
- Xénero, desigualdade social e sexismo. Avances cara á igualdade e cara á eliminación da violencia de xénero.

#### **Criterios de avaliación.**

1. Identificar e caracterizar as transformacións económicas, sociais e políticas máis importantes do mundo contemporáneo desde a crise do Antigo Réxime ata a Primeira Guerra Mundial, sinalando o distinto grao de influencia en diferentes zonas do mundo e destacando o papel hexemónico das potencias occidentais que acaban impulsando a expansión imperialista.

Este criterio trata de comprobar que se saben sintetizar os grandes cambios –económicos, demográficos, sociais, políticos, tecnolóxicos, culturais– que se producen ao longo do século XIX e no primeiro terzo do XX, así como os efectos que producen nas relacións sociais e nos modos de vida das poboacións en distintos lugares do mundo en función do diferente grao de penetración destes mesmos. Tamén se trata de avaliar a comprensión dos intereses económicos e estratéxicos que levaron as elites dirixentes das potencias occidentais a impulsar a expansión imperialista e á formación dos imperios coloniais, os mecanismos de xustificación utilizados e as tensións internacionais a que deron lugar, que desembocarán na Primeira Guerra Mundial.

2. Coñecer e caracterizar as grandes correntes ideolóxicas que teñen exercido unha maior influencia nos movementos sociais e políticos ao longo dos séculos XIX e XX, identificar as contribucións máis destacadas no pensamento e dar conta das realizacións políticas e sociais a que deron lugar nos diferentes ámbitos territoriais.

Trátase de avaliar que se comprenden os principios ideolóxicos que caracterizan as grandes correntes do pensamento político dos séculos XIX e XX –liberalismo, nacionalismo, democracia, socialismo, anarquismo, fascismo– así como as contribucións das pensadoras e dos pensadores máis relevantes. Tamén se trata de avaliar o coñecemento das formas de organización política a que deron lugar en diferentes estados, destacando a influencia que tiveron na evolución social e política movementos sociais como o feminismo, o pacifismo, o ecoloxismo ou o movemento polos dereitos civís.

3. Situar cronoloxicamente os acontecementos e procesos relevantes da historia do mundo nos séculos XIX e XX, valorar o seu significado e consecuencias posteriores, así como as relacións entre a acción individual e os comportamentos colectivos.



Pretende avaliarse a capacidade para contextualizar os principais acontecementos e procesos históricos dos séculos XIX e XX, sendo conscientes da diversidade coa que se desenvolven en diferentes territorios, percibíndoos como o resultado do éxito de determinados proxectos e o fracaso doutros e valorando o seu significado e consecuencias posteriores.

As alumnas e os alumnos deben ser capaces de analizar algúns destes acontecementos facendo referencia aos factores presentes e mostrando a necesaria empatía histórica para comprender e analizar, con sentido crítico, os comportamentos individuais e colectivos en función do contexto e da mentalidade da época e dedicando especial atención aos prexuízos existentes sobre as mulleres ao longo da historia.

4. Identificar os mecanismos que rexen as relacións entre os estados no século XX, analizando en profundidade as causas dos dous conflitos bélicos mundiais e os acordos establecidos para articular as relacións internacionais, valorando a súa eficacia.

Trátase de avaliar se o alumnado é quen de identificar e analizar os factores –económicos, políticos, territoriais, estratéxicos– sobre os que se articulan as relacións entre os estados ao longo do século XX e o papel deses factores como desencadéante dos grandes conflitos mundiais. Do mesmo xeito, deberán coñecer as consecuencias –humanas, territoriais, políticas, económicas, sociais– máis destacadas destes conflitos, así como os mecanismos e institucións creadas para regular de forma pacífica as relacións internacionais, valorando os seus éxitos e fracasos.

5. Coñecer e explicar os principios e as institucións que caracterizan os réximes políticos democráticos, as loitas que os fixeron posibles, así como os factores que influíron na quebra do réxime democrático e o auxe de sistemas dictatoriais e fascistas durante o período de entreguerras.

Trátase de comprobar se o alumnado é capaz de analizar a evolución dos sistemas parlamentarios liberais cara a maiores niveis de liberdade, participación política e benestar social, ao longo dos séculos XIX e XX, como consecuencia das loitas dos grupos excluídos (clases populares, mulleres, minorías).

Deben identificar tamén os factores que teñen influído de forma destacada na crise dos sistemas parlamentarios e a súa substitución por outros de corte autoritario e fascista, durante o período de entreguerras, ou na recuperación e ampliación dos sistemas democráticos despois da Segunda Guerra Mundial. Tamén deben ser capaces de establecer diferencias significativas entre democracias e réximes autoritarios e valorar a liberdade e a xustiza como fontes da orde social democrática, fronte ao terror e á negación dos dereitos humanos característicos das dictaduras.

6. Situar cronoloxicamente e distinguir as características dos períodos de expansión e recesión que ten experimentado a economía mundial contemporánea, determinando, a través dalgún caso significativo, as implicacións que os períodos dun e outro signo teñen nas relacións sociais, nos modos de vida, na ocupación laboral ou nas políticas nacionais e internacional.

A través deste criterio avalíase se o alumnado identifica as principais etapas de prosperidade e de crise económica da época contemporánea, os trazos máis destacados dunhas e doutras e mais os mecanismos que interveñen no seu desenvolvemento e difusión. Tamén deben ser capaces de analizar e valorar as consecuencias que tiveron as crises máis

importantes e as etapas de crecemento nas relacións sociais, nos modos de vida e nas relacións internacionais, con especial referencia á crise de finais do século XIX, á crise do período de entreguerras, aos anos dourados posteriores á Segunda Guerra Mundial e á crise dos anos setenta e oitenta do século XX.

7. Sintetizar o proceso histórico que conduciu no século XX á descolonización e á configuración do chamado Terceiro Mundo, identificando os seus trazos máis significativos. Establecer, a través do estudo dalgún país pertencente a el, as posibles relacións coa experiencia colonial ou as dificultades para a súa integración nun mundo interrelacionado.

Trátase de comprobar que o alumnado comprende o proceso de descolonización, os factores que o impulsan e os momentos decisivos deste, así como os cambios que supón no sistema económico-político mundial a formación do chamado Terceiro Mundo. Tamén debe mostrar capacidade para sintetizar a historia dalgún país independizado durante o século XX, valorando as pegadas da colonización, os problemas económicos, sociais e políticos, así como as dificultades para se integrar no sistema económico e político mundial, achegándose de forma empática á súa realidade actual.

8. Describir o proceso de construción da Unión Europea e a súa configuración actual, valorando os seus logros e dificultades, así como o papel que xoga no contexto internacional, establecendo relacións significativas con outros movementos de integración internacional que se producen fóra de Europa.

Trátase de comprobar que o alumnado coñece o proceso de construción da Unión Europea, as súas institucións, funcións e dificultades e mais que é capaz de analizar o seu papel no contexto internacional. Do mesmo xeito, debe dar conta dos principais movementos de integración internacional que se producen en Latinoamérica, Asia, África e o mundo islámico, establecendo semellanzas e diferenzas entre uns e outros.

9. Caracterizar as transformacións máis significativas que se produciron no mundo desde o último terzo do século XX, valorando a existencia de novos centros de poder e o impacto da globalización nas esferas política, económica e cultural, e establecendo conexións entre o global e o local.

Con este criterio trátase de avaliar que o alumnado é capaz de identificar os cambios máis significativos que se produciron no mundo a finais do século XX –globalización da economía, revolución científicotécnica, avance social das mulleres, incremento das desigualdades a nivel mundial, novas migracións– e algúns riscos que acompañan estes cambios: deterioro ambiental, novas formas de exclusión, violencia de xénero, racismo. Tamén debe recoñecer os cambios que se produciron na repartición do poder a nivel mundial, os novos centros de poder económico e político nun mundo máis interdependente, así como os actuais focos de conflito e as iniciativas para a busca da paz e a cooperación internacional.

10. Obter e analizar información sobre o pasado procedente de fontes diversas, valorar a súa relevancia e os posibles sesgos e mais relacionar a información obtida cos coñecementos adquiridos, empreñando adecuadamente a terminoloxía histórica e facendo referencia á pluralidade de interpretacións que pode ter un feito histórico.

Este criterio pretende comprobar que se adquiriron as habilidades necesarias para obter e utilizar informacións sobre o pasado mediante a análise crítica de fontes documentais, textos historiográficos, prensa, internet, etc., relacionalas cos coñecementos adquiridos e, se é o caso, recoñecer a pluralidade de interpretacións que ten un mesmo feito ou proceso histórico, extraendo conclusións e elaborando unha píntese para comunicala de forma oral e por escrito.

11. Redactar un informe sobre algún feito histórico ou cuestión da actualidade a partir da información de distintas fontes, incluídos os medios de comunicación, a historia oral e as tecnoloxías da información, tomando en consideración os antecedentes históricos, analizando as interrelacións e axuizando a súa importancia no contexto.

Este criterio trata de comprobar a capacidade de seleccionar fontes apropiadas, analizalas, contrastalas e sacar conclusións sobre algún acontecemento da actualidade, estudiándoo en relación cos seus antecedentes históricos. Pretende tamén comprobar o interese do alumnado polos problemas de hoxe, así como a capacidade para obter, organizar e presentar a información escribindo un breve ensaio de píntese no que utilice correctamente a linguaxe e a terminoloxía histórica.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

1. Saber explicar, situándoos adecuadamente no tempo e no espacio, feitos e acontecementos relevantes da Historia do Mundo Contemporáneo, valorando a súa significación no proceso histórico e as súas repercusións no presente.
2. Coñecer os principais procesos económicos, sociais, políticos e culturais que configuran a historia recente, identificando os seus rasgos máis significativos e analizando os factores que os conformaron.
3. Ter unha visión global do mundo contemporáneo e dos seus problemas á luz dos antecedentes históricos, comprendendo as súas relacións de interdependencia e a interrelación de factores (políticos, económicos, tecnolóxicos, ...) que se dan nel e analizando a función que cumpren as institucións supranacionais.
4. Empregar con propiedade a terminoloxía básica acuñada pola historiografía e realizar actividades de indagación e de síntese nas que se analicen, contrasten e integren informacións diversas, valorando o papel das fontes e o labor do historiador.
5. Mostrar sensibilidade e o sentido da responsabilidade ante os problemas sociais do noso tempo, en especial os que afectan ós dereitos humanos e á paz, adoptando actitudes democráticas e tolerantes e adquirindo independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual.

## **SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN**

Cada unha das tres avaliacións abordará un bloque temático. Na primeira trataremos as transformacións do S.XIX, no segundo trimestre abordaremos as tensións e conflitos na 1ª metade do S.XX, e na terceira estudiaremos o mundo actual. Dependendo das datas en que se fixen as sesións, podería variar algo a materia que entrara nelas.

## **8. HISTORIA DE ESPAÑA CONTEMPORÁNEA. 2º DE BACHARALATO**

### **8.1. Obxectivos Xerais**

- Comprende-los principais procesos económicos, sociais, políticos e culturais que configuran a historia española recente, identificando os seus trazos máis significativos e analizando os factores que os conforman.
- Explicar, situándoos adecuadamente no tempo e no espacio, feitos e acontecementos relevantes da España e a Galicia contemporánea, valorando a súa significación histórica e as súas repercusións no presente.
- Comprende-la dimensión internacional da historia española, adquirindo unha visión global dos problemas e proxectos colectivos que supere enfoques localistas e promova actitudes democráticas e tolerantes.
- Argumenta-las propias ideas sobre a sociedade e revisa-las de forma crítica tendo en conta novas informacións, corrixindo estereotipos e prexuizos cunha actitude reflexiva e indagadora.
- Identificar e comprende-los problemas importantes da España e a Galicia do presente, analizando as súas raíces, evolución e consecuencias, e valorando os proxectos de futuro da sociedade da que forman parte.
- Analizar e explica-la pluralidade e diversidade de realidades históricas que conforman a España actual, comprendendo os desequilibrios territoriais e os diferentes grados de desenvolvemento cunha actitude solidaria e participativa na defensa de proxectos que leven a mitígalos.
- Iniciarse en traballos de investigación con pequenos estudos, informes e sínteses coherentes, manexando con seguridade os conceptos propios da Historia coa finalidade de extraer información de fontes directas, valorar interpretacións historiográficas e comproba-la validez dos análises políticos e socioeconómicos.
- Valora-la pertenza a unha comunidade nacional (Galicia), a un Estado histórico (España) e a unha cultura universal, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, Estados e outras culturas.
- Comprender que o patrimonio natural, cultural, histórico e artístico galego é diferente ó das outras nacionalidades e autonomías que compoñen o Estado español, participando activamente na súa defensa e valorando a diversidade como un dereito dos pobos e individuos a súa identidade.

## 8.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

1. Comprende-lo concepto de Historia, clasifica-la duración do tempo histórico e valora-la súa utilización como ferramenta científica para a comprensión da evolución das sociedades.
2. Localizar xeograficamente os principais escenarios dos conflitos da época e elaborar mapas conceptuais dos feitos e fenómenos estudados.
3. Valora-la importancia dos principais acontecementos da historia contemporánea no proceso histórico de España e as súas repercusións no presente.
4. Comprender cáles son as raíces históricas de España mediante o coñecemento dos principais feitos da historia do país desde as orixes do seu poboamento ata a formación do Imperio dos Austrias.
5. Describi-la evolución e as consecuencias do proceso realizado no século XVIII nos ámbitos político, económico e social e as súas repercusións na historia contemporánea de España.
6. Coñece-las causas e mailas consecuencias da caída do Antigo Réxime en España.
7. Valora-la importancia da Constitución de 1812 na historia constitucional de España.
8. Comprende-la orixe e maila evolución do movemento emancipador na América hispana.
9. Analiza-la orixe e a evolución do movemento liberal en España.
10. Identifica-los trazos que definen a configuración dun Estado liberal en España.
11. Comprende-lo conxunto de transformacións que se producen na agricultura española no século XIX e a súa repercusión no crecemento demográfico e na expansión industrial.
12. Identifica-las bases do desenvolvemento industrial español.
13. Explica-los antecedentes e as consecuencias da revolución de 1868.
14. Identifica-los trazos democráticos do sexenio 1868-1874.
15. Describi-la nova estrutura social que se configura en España no século XIX.
16. Coñece-las características do sistema da Restauración e as bases en que se sustenta.
17. Analiza-la transformación global da economía e a súa influencia na dinámica demográfica na etapa da Restauración.
18. Comprende-las razóns do desenvolvemento industrial iniciado na etapa da Restauración.
19. Coñece-las causas da perda da última colonia española en América e analiza-las repercusións políticas e económicas da guerra do 98 na sociedade española.

20. Analiza-las razóns que conduciron ó fracaso dos intentos de reforma do sistema político da Restauración.
21. Localizar no tempo o xurdimento dos movementos de carácter nacionalista en Cataluña, o País Vasco e Galicia, e analiza-la súa evolución ó longo do século XX.
22. Coñece-lo contexto socioeconómico no que tivo lugar o desenvolvemento do movemento obreiro organizado e as causas que conduciron á conflictividade social de comezos do século XX.
23. Coñece-las causas e mailas consecuencias da neutralidade española ante a Primeira Guerra Mundial.
24. Comprende-los motivos que conducen á descomposición do sistema da Restauración e á implantación da dictadura de Primo de Rivera.
25. Describi-lo contexto no que se produce a proclamación da Segunda República española e analiza-las súas etapas.
26. Coñece-los principais acontecementos que rodearon a Guerra Civil española, así como as súas causas e as súas consecuencias.
27. Identifica-las características fundamentais do réxime franquista entre 1939 e 1959, con especial referencia ás consecuencias derivadas da guerra civil nos ámbitos político, económico e social.
28. Explica-la evolución do réxime franquista e as transformacións sociais e económicas que se producen en España entre 1959 e 1975.
29. Coñece-los trazos fundamentais da transición democrática en España e a construción do Estado das autonomías, facendo especial fincapé no Estatuto Galego.
30. Analiza-lo proceso de consolidación da democracia en España.
31. Explica-las causas do crecemento económico da España dos anos 80, así como as principais liñas de actuación do goberno socialista
32. Analiza-la conxuntura socioeconómica de España nos anos 90 e reconece-los problemas de desemprego e de déficit público que aceleraron o declive do goberno socialista.
33. Identifica-los elementos clave da política de integración de España no Mercado Común e na Unión Europea.
34. Comprende-la importancia da realidade histórico-cultural á que se pertence, respectando as diferentes realidades culturais e as dos tempos pasados.
35. Coñece-las principais manifestacións do patrimonio histórico, cultural e artístico da Comunidade Galega e participar de forma activa na súa protección e conservación.
36. Supera-los enfoques localistas e adquirir unha visión global da historia contemporánea de España que axude a comprender-las situacións do presente.

37. Comprende-la importancia dos antecedentes históricos e das relacións de interdependencia na análise dos problemas do presente.
38. Identificar e aplica-las diversas fontes históricas, primarias e secundarias, valorando a súa importancia e comprendendo a súa relación cos coñecementos adquiridos.
39. Analizar fontes e documentos literarios, filosóficos e artísticos para coñece-la evolución das formas de vida e mailas mentalidades que se producen ó longo dos séculos XIX e XX en España.
40. Elaborar sínteses e resumos dos contidos traballados.
41. Utilizar con corrección información adicional tirada de libros, enciclopedias e dicionarios históricos na realización de exposicións orais e en debates.
42. Utilizar correctamente o vocabulario específico pertinente.
43. Evita-las interpretacións simplistas, dogmáticas e personalistas na análise das situacións históricas, comprendendo a gravidade dos problemas sociais, en especial os que afectan ós Dereitos Humanos e á paz.
44. Utiliza-lo diálogo, a tolerancia, o pluralismo e mailos valores democráticos nas relacións persoais e de grupo.
45. Adquirir independencia de criterio e hábitos de rigor intelectual.
46. Formularlles hipóteses explicativas ás preguntas presentadas sobre a realidade histórica, adquirindo unha opinión fundamentada con base nas fontes consultadas.
47. Entende-la análise histórica como un proceso en constante reelaboración.

## SECUENCIA DE CONTIDOS

### *Bacharelato*

#### *Segundo curso: Historia de España*

##### **CONTIDOS**

##### **Bloque temático 1: As raíces da España contemporánea**

**Unidade 1:** *As raíces históricas de España*

**Unidade 2:** *Al-Andalus e os primeiros reinos cristiáns*

**Unidade 3:** *Expansión e crise dos reinos cristiáns*

**Unidade 4:** *Os reis Católicos e a empresa americana*

**Unidade 5:** *Auxe e decadencia do Imperio Español*

**Unidade 6:** *O Século XVIII: O reformismo borbónico*

##### **Bloque temático 2: A España do S.XIX**

**Unidade 7:** *A crise do Antigo Réxime*

**Unidade 8:** *A configuración do Estado liberal*

**Unidade 9:** *Transformacións agrarias e expansión industrial(1833-1930)*

**Unidade 10:** *Sociedade e movementos sociais no S.XIX*

**Unidade 11:** *A Restauración monárquica (1875-1902)*

##### **Bloque temático 3: A España do S.XX**

**Unidade 12:** *A crise da Restauración (1902-1931)*

**Unidade 13:** *A II República (1931-1936)*

**Unidade 14:** *A Guerra civil (1936-1939)*

**Unidade 15:** *O Franquismo: unha longa posguerra (1939-1959)*

**Unidade 16:** *O Franquismo: desenvolvemento económico e transformacións sociais (1959-1975)*

**Unidade 17:** *A Transición política e a España democrática (1975- ...)*

## 8.4. EXPOSICIÓN DE CONTIDOS E AVALIACIÓN 2º BAC

### 8.4.1. Introducción

De acordo co Decreto 231/2002, do 6 de xuño, polo que se modifica o Decreto 275/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G. do 15 de xullo de 2002), temos que facer referencia os seguintes aspectos:

Entre os retos que enfronta o sistema educativo a comezos do novo milenio ocupa un lugar preferente o de concilia-las necesidades de formación dos xoves no uso das novas tecnoloxías coa práctica dos valores esenciais do humanismo. Só a harmonización no currículo de ciencia, técnica e humanismo pode contribuír á formación de cidadáns responsables e conscientes dos seus dereitos e deberes coa sociedade e á defensa dos valores democráticos e dos dereitos humanos fronte á intolerancia.

Dentro das ciencias humanas, a historia ocupa un lugar particularmente vertebrador que a converte no eixe ordenador do pensamento e, xa que logo, a fai especialmente útil para



proporcionar uns sólidos alicerces sobre os que edifica-la comprensión do conxunto das disciplinas vinculadas á actividade humana. Este alto valor formativo esixe que a presenza desta materia nos plans de estudio dos novos Bacharelatos estea suficientemente garantida nuns intres nos que os fondos cambios que experimentan as modernas sociedades, acelerados polas novas tecnoloxías, puidesen ir en detrimento da formación integral dos alumnos.

O ensino da historia resulta esencial para a conservación da nosa mentalidade colectiva, polo que tamén debe proporcionar-las coñecementos sobre o pasado que axuden á comprensión crítica do presente, ó tempo que fomenta o desenvolvemento dunha serie de capacidades e técnicas intelectuais propias do pensamento abstracto e formal, como a observación, a análise, a interpretación, a capacidade de comprensión empática, o exercicio da memoria comprensiva e o sentido crítico, aspectos que deben ser desenvolvidos cos procedementos axeitados.

O currículo da materia de Historia de segundo curso de Bacharelato, en coherencia co disposto polo RD 3474/2000 no relativo ós seus contidos mínimos, inclúe a totalidade das etapas históricas desde a Antigüidade ata os nosos tempos, aínda que cun protagonismo meirande das sociedades contemporánea e actual. Por outra banda, tendo en conta que unha das funcións dos centros educativos é a de transmitir-la cultura propia da sociedade na que se enxiren, trátase de garantir-la presenza neste currículo dos aspectos máis salientables do pasado histórico de Galicia, non como un catálogo pechado senón como elementos orientativos a desenvolver polo profesorado de acordo coa súa propia programación. Deste xeito, preténdese que tódolos estudantes teñan ocasión de coñecer-la historia de España e de Galicia tratada de xeito continuo e global e atendendo tanto ós elementos comúns como ós diversos.

#### **8.4.2. Obxectivos**

1. Comprender que a interpretación do pasado é o resultado de proxectar sobre este os nosos propios condicionamentos ideolóxicos, éticos e culturais do presente.
2. Descubrir-las procesos e mecanismos básicos que rexen o funcionamento da dinámica histórica, empregando este coñecemento para a mellor comprensión das sociedades actuais.
3. Distinguir e valorar-las signos permanentes dos procesos de transformación e cambio nas diferentes etapas históricas, analizando secuencialmente o nacemento dos problemas, as diferentes tentativas de solución e a súa pervivencia nos nosos días.
4. Identificar e analizar-las interrelacións existentes entre os feitos económicos, sociais, políticos e culturais que condicionan a traxectoria histórica de España e de Galicia, así como o papel que os individuos e os grupos desempeñan nela, asumindo que a súa evolución é o resultado de complexos e longos procesos de cambio que se proxectan no futuro.
5. Adquirir unha visión de conxunto da evolución histórica de España e de Galicia, situando este proceso no contexto europeo e mundial.
6. Identificar, analizar e explicar, situándoos no tempo e no espacio, os feitos, personaxes, problemas, etapas e procesos máis significativos e relevantes do devir histórico, común e diverso, de España e de Galicia.

7. Expresar razoadamente ideas propias sobre os aspectos esenciais da evolución histórica de España e de Galicia.
8. Consolidar actitudes e hábitos de tolerancia e solidariedade entre os diversos pobos de España, respectando e valorando positivamente os aspectos comúns e as diferencias, tendo en conta a posibilidade de pertencer de maneira simultánea a máis dunha identidade colectiva.

### 8.4.3 Contidos

#### I. As raíces históricas

1.
  - Os inicios do poboamento peninsular.
  - Proceso de hominización na Península Ibérica: novos achados. Os primeiros Poboadores de Galicia.
  - Os pobos prerromanos. A cultura castrexa.
2.
  - A Hispania romana. Gallaecia.
  - Proceso da romanización. Especial atención ó caso galego.
  - Reino suevo. A monarquía visigoda.
3.
  - A Península Ibérica na Idade Media: Al-Ándalus.
  - Evolución política e organización económica e social.
  - A presenza musulmana en Galicia.
  - Cultura e arte.
4.
  - A Península Ibérica na Idade Media: os reinos cristiáns.
  - A formación dos reinos peninsulares. Etapas da reconquista e modelos de repoboación.
  - Galicia e a monarquía astur-leonesa. O Reino de Galicia.
  - A organización política. As institucións.
  - Feudalismo. Economía e sociedade.
  - A expansión marítima no Mediterráneo e no Atlántico. As Illas Canarias.
  - A crise dos séculos XIV e XV. O exemplo galego: vida urbana e conflitos sociais. As revoltas irmandiñas.
  - Unha cultura plural. O Camiño de Santiago. Manifestacións artísticas.

#### II. O Antigo Réxime

1.
  - Os Reis Católicos: a construción do Estado moderno.
  - Unión dinástica. Conquista do Reino Nazarí e incorporación do Reino de Navarra.
  - Programa centralizador en Galicia: o sometemento da nobreza galega e o control do clero.
  - A proxección exterior. O descubrimento de América.
2.
  - A España do século XVI.

- Imperio de Carlos V e a Monarquía Hispánica de Felipe II.
- Modelo político dos Austrias. O goberno e a administración de América.
- Impacto do descubrimento en Galicia.

### II.3.

- A España do Barroco.
- Sistema de Westfalia-Pirineos: ocaso da hexemonía dos Habsburgo. Crise interna.
- A representación política de Galicia. A "Junta del Reino" e a cuestión do voto en Cortes.
- Mentalidade, cultura e arte no Século de Ouro. O Barroco en Galicia.

### 4.

- Século XVIII: os primeiros Borbóns.
- Cambio dinástico: as reformas internas.
- A práctica do despotismo ilustrado: Carlos III.
- Poboación, economía e sociedade en Galicia. A consolidación da fidalguía.
- A política exterior. América.

## III. A desestructuración do Antigo Réxime e as orixes do Estado liberal

### 1.

- Crise do Antigo Réxime.
- Os factores causais da crise.
- Guerra e revolución. Galicia na Guerra de Independencia.
- As Cortes de Cádiz e a Constitución de 1812.
- Absolutismo e liberalismo. A emancipación da América española.

### 2.

- A construción do Estado liberal.
- A oposición ó sistema liberal. A cuestión dinástica e as guerras carlistas. A problemática foral.
- Isabel II: a organización do réxime liberal. O Estado dos moderados e o seu labor.
- Estructura e evolución do sistema urbano español ata a actualidade.
- O futuro das cidades españolas nunha redonda telemática.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Observar se comprenden a especialización do uso do solo nas cidades actuais como manifestación da diferenciación de funcións e da xerarquización social do espacio urbano.
- Ver se son capaces de sinalar, coa análise e co contraste de diversas informacións, qué circunstancias de tipo político, económico e ideolóxico inciden nalgún feito de especial relevancia da actualidade.
- Observar se saben utiliza-lo mapa topográfico como instrumento de traballo e para acadar información sobre o territorio.
- Comprobar se saben elaborar correctamente distintos tipos de gráficas (lineais, de barras, de sectores, etc.) e mapas temáticos, utilizándoos como medio para comunicar información.
- Ver se son capaces de realizar unha investigación de tipo descritivo sobre algún tema local, mediante información conseguida de forma directa (saída á redonda ou traballo de campo) e maila información complementaria habitual.
- Observar que poden elaborar informes e participar en debates sobre cuestións relevantes da actualidade, fundamentando as opinións axeitadamente e mantendo actitudes de tolerancia.

## **Unidade 20. REDES URBANAS E MORFOLOXÍA INTERIOR DAS CIDADES**

### **Contidos conceptuais**

- A cidade antiga e a cidade romana.
- A cidade andalusí.
- As cidades na Baixa Idade Media.
- As cidades na Idade Moderna.
- A cidade industrial.
- A cidade metropolitana (1930-1975).
- A cidade postindustrial (1975-2000).



## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Observar se comprenden a especialización do uso do solo nas cidades actuais como manifestación da diferenciación de funcións e da xerarquización social do espazo urbano.
- Ver se son capaces de sinalar, coa análise e co contraste de diversas informacións, qué circunstancias de tipo político, económico e ideolóxico inciden nalgún feito de especial relevancia da actualidade.
- Observar se saben utiliza-lo mapa topográfico como instrumento de traballo e para acadar información sobre o territorio.
- Comprobar se saben elaborar correctamente distintos tipos de gráficas (lineais, de barras, de sectores, etc.) e mapas temáticos, utilizándoos como medio para comunicar información.
- Ver se son capaces de realizar unha investigación de tipo descritivo sobre algún tema local, mediante información conseguida de forma directa (saída á redonda ou traballo de campo) e maila información complementaria habitual.
- Observar que poden elaborar informes e participar en debates sobre cuestións relevantes da actualidade, fundamentando as opinións adecuadamente e mantendo actitudes de tolerancia.

## Unidade 21. TRES CIDADES DE HOXE

### Contidos conceptuais

- Madrid.
- Valencia.
- Sevilla.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Observar se comprenden a especialización do uso do solo nas cidades actuais como manifestación da diferenciación de funcións e da xerarquización social do espazo urbano.
- Ver se son capaces de sinalar, coa análise e co contraste de diversas informacións, qué circunstancias de tipo político, económico e ideolóxico inciden nalgún feito de especial relevancia da actualidade.
- Observar se saben utiliza-lo mapa topográfico como instrumento de traballo e para acadar información sobre o territorio.

- Comprobar se saben elaborar correctamente distintos tipos de gráficas (lineais, de barras, de sectores, etc.) e mapas temáticos, utilizándoos como medio para comunicar información.
- Ver se son capaces de realizar unha investigación de tipo descritivo sobre algún tema local, mediante información conseguida de forma directa (saída á redonda ou traballo de campo) e maila información complementaria habitual.
- Observar que poden elaborar informes e participar en debates sobre cuestións relevantes da actualidade, fundamentando as opinións adecuadamente e mantendo actitudes de tolerancia.

***Materiais:*** *Ademais de transparencias, diapositivas, documentais, textos,... , recurriremos ó libro de texto recomendado: “Nexos” da Editorial Vicens Vives.*

## SECUENCIACIÓN

Dividiremos a materia nas 3 avaliacións previstas para decembro, marzo e maio. Na primeira abordaremos os aspectos físicos da xeografía, na segunda a demografía e os sectores primario e secundario, e na terceira os servicios e o proceso de urbanización.

## CONTIDOS MÍNIMOS

Coñecer e explicar, nas súas coordenadas temporais e espaciais, os principais procesos de ordenación do territorio español, caracterizando os elementos xeoeconómicos que configuran España no seu conxunto e os que conforman a súa diversidade interna.

Coñecer as consecuencias espaciais da integración de Galicia e de España na Unión Europea e da interacción con outros ámbitos xeopolíticos a nivel mundial.

Saber argumenta-la desigual distribución xeográfica da poboación española, nas súas diferentes categorías, comprendendo a súa dinámica, a súa estrutura e os problemas demográficos que poidan formularse no futuro.

Analiza-los distintos tipos de explotación e a utilización dos recursos polos grupos e polos individuos que forman parte dos diferentes medios con dinámicas ecoxeográficas distintas existentes en España, comprendendo fenómenos específicos como insularidade, aridez, illamento, etc.

Ser conscientes da inestabilidade dos medios xeográficos de Galicia, de España e de Europa e dos graves problemas producidos a causa de actuacións incorrectas: contaminación, degradación urbana, deforestación, degradación ambiental, desertización, etc.

Identificar e conceptualiza-los diferentes elementos que configuran unha explicación xeográfica e coñecer e empregar un vocabulario científico adecuado.

Identificar e explicar os diferentes modelos de representación gráfica coi fin de saber interpretar os diferentes aspectos que nelas se conteñen.

## **10. O BACHARELATO. HISTORIA DA ARTE. 2º BACHARELATO**

### **10.1. OBXECTIVOS XERAIS**

- Comprender e valorar os cambios na concepción da arte e a evolución das súas funcións sociais ó longo da historia.
- Entender as obras de arte na súa globalidade, como expoñentes da creatividade humana, susceptibles de ser disfrutadas por sé mesmas e de ser valoradas como documento testimonial dunha época e cultura.
- Utilizar un método de análise que permita coñecer con rigor as obras de arte, desenvolvendo á vez a sensibilidade e a imaxinación.
- Recoñecer e diferenciar as manifestacións artísticas máis destacadas dos principais estilos da arte occidental, situándoos no tempo e no espacio e valorando a súa pervivencia en etapas posteriores.

- Coñecer, aproveitar e valorar o patrimonio artístico, contribuíndo de forma activa a súa conservación y rexeitando os comportamentos que o deterioren ou mingúen.
- Contribuír á formación do gusto persoal, á capacidade do goce estético e o sentido crítico, y aprender a expresar sentimentos propios ante a contemplación da obra de arte.
- Realizar actividades de documentación e indagación nas que se analicen, contrasten e interpreten informacións diversas sobre aspectos da Historia da Arte.

## **10.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

1. Definir o concepto de arte, entendendo que hai diversas formas de facelo e que este concepto non tivo o mesmo significado ó longo da historia.
2. Identificar os diversos vehículos da arte e as súas diferentes tipoloxías.
3. Coñecer e utilizar o vocabulario propio da disciplina.
4. Comprender o concepto de estilo e coñecer os principais estilos desde a prehistoria hasta os nosos días, situándoos correctamente no tempo.
5. Comprender que os diferentes estilos responden a épocas distintas e que todos e cada un reflicten a mentalidade da época á que pertencen.
6. Coñecer os condicionamentos intelectuais, sociais e económicos das diferentes etapas históricas.
7. Elaborar un sistema de lectura da obra arquitectónica, escultórica, pictórica e fílmica.
8. Coñecer as principais características das manifestacións artísticas das primeiras civilizacións mediterráneas.
9. Analizar unha obra arquitectónica, correspondente ó clasicismo grego, tendo en conta o período no que foi construída e relacionándoa con as circunstancias históricas.
10. Analizar varias obras escultóricas do clasicismo grego, vindo a súa evolución formal y relacionándoa con os períodos nos que foron criadas.
11. Analizar unha obra arquitectónica romana, relacionándoa coa mentalidade imperialista e práctica do pobo que lle deu vida.
12. Analizar unha obra escultórica romana, investigando especialmente as raíces técnicas y as fontes iconográficas.
13. Comprender as causas que levaron, despois da caída do Imperio Romano, a que a Igrexa y a cultura cristiá tiveran un papel tan relevante durante toda a Idade Media.
14. Analizar unha obra arquitectónica da Baixa Idade Media (románico) relacionando a tipoloxía y as características técnicas e formais coa mentalidade da época medieval.
15. Analizar unha o varias esculturas (monumentais e exentas) e pinturas (murais e sobre táboa) románicas, intentando comprender os aspectos simbólicos, que traducen a mentalidade do home medieval.
16. Trazar, sobre un mapa da Península, diversos itinerarios. Especialmente sinalaremos o itinerario do camiño de Santiago, comentando os principais monumentos románicos que atoparemos no percorrido e acabando coa culminación do románico español: a catedral de Santiago de Compostela.

17. Analizar a arquitectura islámica en España e valorar a importancia da influencia musulmana na Península.
18. Analizar diversas obras arquitectónicas do gótico europeo, comentando aqueles aspectos comúns que constitúen a base da arquitectura gótica, e tamén aqueles que a diferencian segundo as zonas. Relacionar as diferencias có contexto histórico.
19. Analizar diversas esculturas góticas observando o proceso de evolución no que afecta ós aspectos formais e relacionando esta evolución cós cambios que se teñen producido na sociedade.
20. Comparar unha escultura do período románico cunha gótica, sinalando as diferencias e explicando as causas das mesmas.
21. Identificar a algún dos pintores máis coñecidos do período gótico, como Giotto ou os irmáns Van Eyck, e as súas obras, recoñecendo a importancia que as súas aportacións tiveron no proceso que levará á pintura moderna.
22. Comprender os cambios (intelectuais, políticos, sociais,..) que se producen no Renacemento y ver como afectan á arte, ó artista e á relación artista-sociedade. Valorar tamén a figura do mecenas.
23. Comentar correctamente unha obra arquitectónica do Renacemento, tanto nos aspectos intrínsecos como nos extrínsecos.
24. Aplicar un esquema de comentario previamente elaborado a varias obras escultóricas e pictóricas do Renacemento italiano, destacando os cambios que presentan respecto a etapas anteriores, tanto no que se refire a aspectos formais como á iconografía.
25. Identificar ós principais xenios do Renacemento italiano (Leonardo, Miguel Anxo, Rafael...) e as súas obras.
26. Coñecer as características específicas do Renacemento español, relacionándoas coas circunstancias históricas. Asemade, identificar as obras e os autores máis famosos, por exemplo O Greco.
27. Coñecer as características xerais da arte barroca e as diferentes funcións que exerce nos países europeos, cosa que dará lugar á aparición de grandes diferencias entre as distintas zonas.
28. Analizar unha o máis obras arquitectónicas e escultóricas do Barroco europeo, seguindo un modelo que permita estudar non só as características formais se non tamén as iconográficas e as iconolóxicas.
29. Analizar diversas pinturas barrocas pertencentes a algunha das grandes escolas europeas e identificar as obras dos seus autores máis coñecidos. De entre eles convén que recorden a Rubens, Rembrandt, Vermeer y Caravaggio, pero ademais, e moi especialmente, ós grandes pintores del Barroco español, como Velázquez.
30. Coñecer as características do estilo neoclásico, que acompañou á Revolución Francesa marcando o fin do chamado Antigo Réxime. Coñecer e identificar tamén a gran figura de Goya, contemporáneo do Neoclasicismo, pero en moitos aspectos opostos a el.
31. Facer un esquema dos principais estilos arquitectónicos que atopamos ó longo do século XIX desde a arquitectura historicista, propia do Romanticismo, hasta á Escola de Chicago e o Modernismo. Especial referencia a Gaudí y ó Modernismo en Cataluña.

32. Coñecer a evolución das artes figurativas no século XIX e resumir as principais características do Romanticismo y do Realismo, relacionándoas có contexto histórico.
33. Resumir as características do Impresionismo e identificar os seus principais representantes, tanto en pintura (Monet, Degas, Van Gogh...) como en escultura (Rodin). Asemade, coñecer os precedentes e deducir os conseguintes do estilo estudiado.
34. Resumir as características das principais tendencias que se dan na arquitectura do s. XX (racionalismo, organicismo, posmodernismo) e identificar ós arquitectos máis famosos (Le Corbusier, Frank Lloyd Wright, Araka Isozaki, Frank Ghery...) e as súas obras máis coñecidas.
35. Comprender o cambio experimentado polas artes figurativas ó longo do século, buscando as causas nos cambios sufridos pola sociedade actual, e resumir as características dos principais movementos pictóricos do século, tanto da primeira metade (primeiras vangardas, os chamados “ismos”) como da segunda (pop-art, hiperrealismo, arte conceptual...).
36. Analizar a obra dun gran artista plástico do s. XX que teña revolucionado o mundo da arte abrindo novos camiños (Kandinsky, Andy Warhol). Neste sentido, analizar tamén a obra dos españois universais do século: Picasso, Miró, Dalí y Tàpies, entre outros.
37. Coñecer e describir as principais técnicas de reprodución mecánica da imaxe e os elementos formais da arte cinematográfica.
38. Facer unha pequena historia do cine, vendo a evolución sufrida por este medio desde os seus principios, analizando diversos modelos de filmes e recoñecendo as características da obra dos máis prestixiosos directores.
39. Valorar a variedade, diversidade e orixinalidade das propostas estéticas que atopamos no s. XX e tamén as súas funcións, tan distintas das de outras etapas históricas. Asemade, valorar a especial relación artista-obra-espectador que se da na arte contemporánea.
40. Comprender a importancia do patrimonio artístico, o seu valor universal e a necesidade que temos de conservalo e restauralo.
41. Aproveitar da obra de arte e saber expresar as emocións ou sensacións que produce a súa contemplación.

### **10.3. SECUENCIA DE CONTIDOS**

## HISTORIA DA ARTE. 2º BACHARELATO

### Unidade.1. A arte como expresión humana no tempo e no espacio

- Definición e clasificación das artes. Distintas conceptualizacións da arte.
- A linguaxe das formas. Iconografía e iconoloxía.
- A obra artística no seu contexto histórico: influencias mutuas.

### Unidade.2. A evolución histórica da arte

- Trazos definidores dunha fase histórica ou dun estilo: formación da linguaxe clásica en Grecia e Roma e a súa influencia histórica.
- A peculiaridade da linguaxe formal dunha fase histórica ou dun estilo artístico: a arte cristiá medieval. O románico galego.
- A arte islámica.
- A complexa incidencia dos factores históricos na configuración dos estilos artísticos: Renacemento e Barroco. A especificidade do barroco compostelán.

### Unidade.3. A creación artística e as funcións da obra de arte

- A consideración social da arte e do artista na historia. Do artesan anónimo ó mito do xenio.
- Clientes, mecenas e comitentes e o seu protagonismo nalgunhas obras singulares.
- As diferentes funcións da obra de arte.

### Unidade 4. O proceso de cambio artístico e a arte contemporánea

- O proceso de cambio artístico e a incidencia dos factores estéticos e históricos no mesmo: do Neoclasicismo ó Impresionismo.
- Aceleración do cambio, ruptura e creación de novas linguaxes artísticas na arte contemporánea. As vangardas do século XX e a súa repercusión en Galicia.
- Tendencias artísticas recentes. Mercado e consumo da arte.
- A creación de novos sistemas visuais: a fotografía e o cine.
- Unidade 5. O contacto directo coa obra de arte

Pervivencia e valoración do Patrimonio Artístico. Conservación e restauración.

- O monumento como obra de arte que cambia ó longo do tempo.
- A obra de arte no museo.
- A arte nos itinerarios histórico-culturais.

## 10.4. EXPOSICIÓN DE CONTIDOS E AVALIACIÓN

### UNIDADE 1. A arte como expresión

### **Contidos conceptuais**

- A creación artística.
- Concepto da beleza.
- Diversas maneiras de clasificar a arte.
- Os estilos artísticos.
- Arte e sociedade. Os mecenas.
- O patrimonio artístico. Valoración, conservación e restauración.

### **Contidos procedimentais**

- Identificación das causas que levan á creación artística.
- Análise de obras de arte como fontes de coñecemento histórico.
- Elaboración de sínteses sobre a maneira de pensar de cada época.
- Busca e distinción das causas dos fenómenos artísticos seu contexto histórico.
- Uso de frisos cronolóxicos para situar os diferentes estilos no tempo.
- Seguimento da evolución biolóxica dos estilos e os seus nexos (continuidade ou cambio) entre os precedentes y os seguintes.
- Lectura, análise crítico e interpretación de textos de introducción ó estudio da arte.
- Utilización de diversas pautas de observación: observar, comparar, analizar e describir imaxes correspondentes a diferentes estilos, etc.
- Visitas a museo e exposicións.

### **Contidos actitudinais**

- Interese por coñecer o patrimonio artístico.
- Valoración do hábito de observación y da capacidade de goce estético.
- Interese pola conservación e restauración do patrimonio artístico.
- Interese polas obras de arte como documentos e legados históricos.
- Interese por conseguir un espírito crítico respecto á obra de arte.
- Capacidade de sentir a emoción que a obra pode producir por a súa beleza (entendida en un sentido amplo), espiritualidade ou sentido da harmonía .
- Percepción da obra de arte como un ben de valor universal.

*Os contidos procedimentais e actitudinais relacionados anteriormente servirán de referencia ós das seguintes unidades didácticas, e non se volverán a incluír de non ser que exista algunha demanda específica en algunha desas unidades. Os procedementos que se incorporen poderán servir tamén no sucesivo noutras unidades.*

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar si comprenden o proceso creativo da obra e o porqué deste proceso, ou sexa, as diferentes finalidades da produción artística.



- Observar si son capaces de apreciar a calidade estética da obra de arte e de expresar as emocións que a súa contemplación lles produce.
- Valorar si comprenden que a linguaxe artística é unha forma de expresión da cultura de cada época.
- Valorar si teñen claro que, así como o artista vese condicionado por la sociedade da súa época, tamén o artista exerce unha influencia sobre esta mesma sociedade mediante plantexamentos e maneiras críticos que poden abrir novos camiños.
- Valorar si comprenden correctamente o concepto de beleza entendida nun sentido amplo.
- Valorar si coñecen as diferentes maneiras de clasificar as obras e si asumiron o concepto de estilo como conxunto de rasgos comúns a unha determinada época.
- Comprobar si son capaces de relacionar os diferentes estilos con as características de cada época.
- Comprobar que saben que existen uns lazos de continuidade ou de cambio entre os diferentes estilos, e que todos eles sofren un proceso de evolución case biolóxico.
- Apreciar o interese ou falta deste por todo tipo de manifestacións artísticas.
- Valorar si coñecen a existencia do patrimonio da humanidade e si poden citar algún exemplo.
- Valorar o seu nivel de interese pola conservación e restauración do patrimonio artístico.

## **UNIDADE 2. Análise da obra de arte**

### **Contidos conceptuais**

- Análise da obra de arte. Como a debemos mirar.
- Diálogo artista-sociedade.
- A arquitectura: elementos estruturais, sustentantes e sustentados.
- A escultura: métodos.
- A pintura: técnicas pictóricas.
- Elementos formais da pintura: debuxo, color, luz, profundidade, composición.
- A concepción do tema nas artes plásticas.
- Análise dunha obra pictórica: A Virxe das Rocas. Leonardo da Vinci.

### **Contidos procedimentais**

- Elaboración dun modelo de comentario da obra arquitectónica (aspectos técnicos e formais).
- Elaboración dun modelo de comentario da escultura que faga referencia ós aspectos formais.
- Elaboración dun modelo de comentario da pintura.
- Comprensión e uso correcto do vocabulario propio da materia.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar si entenden a necesidade dun linguaxe propia para as manifestacións artísticas.

- Comprobar que son capaces de utilizar correctamente este vocabulario propio.
- Ver si coñecen as diversas posibilidades de análise da obra de arte: formal, sociolóxico, iconolóxico...
- Ver si identifican correctamente as diversas tipoloxías arquitectónicas.
- Comprobar que entenden que os elementos formais cambian cos estilos, porque responden a condicionantes e a niveis de desenrolo técnico diferentes.
- Ver si identifican correctamente os diversos modelos escultóricos e si coñecen os procedementos técnicos para elaboralos.
- Constatar que coñecen e poden explicar as diferentes técnicas pictóricas e que poden comentar os elementos formais.
- Comprobar que entenden a evolución dos aspectos formais e que poden explicar as causas.
- Ver si comprenden que o tratamento dos temas cambia có paso do tempo e de os estilos e se explica a través das circunstancias históricas.
- Ver si teñen asumido que a arte é o imaxinario da sociedade e que a reflicte plenamente.

### **UNIDADE 3. Manifestacións artísticas das civilizacións mediterráneas antigas**

#### **Contidos conceptuais**

- As orixes da arte.
- O nacemento da pintura, a escultura e a arquitectura.
- A civilización do antigo Exipto: condicionantes intelectuais, sociais e económicos.
- Arquitectura, escultura e pintura exipcias.
- Mesopotamia, berce de diferentes civilizacións.
- As grandes aportacións mesopotámicas: o arco e a bóveda.
- A prehistoria en España.

#### **Contidos procedimentais**

- Uso de mapas para a localización espacial das diferentes culturas estudadas.
- Lectura, análise e comentario de textos que fagan referencia ó tema que se vai tratar.
- Elaboración de sínteses sobre os condicionantes intelectuais, sociais e económicos de cada época.
- Comparación entre obras significativas das civilizacións estudadas, vendo as diferencias e analizando as causas destas.
- Uso do vocabulario específico da materia.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Comprobar que saben situar correctamente no tempo as primeiras manifestacións artísticas da prehistoria.

2. Ver si poden relacionar as primeiras manifestacións artísticas cós condicionamentos da súa época.
3. Comprobar que saben situar as diversas manifestacións artísticas da antigüidade no tempo e no espacio.
4. Ver si comprenden os condicionamentos intelectuais, sociais e económicos de cada unha destas etapas e si as relacionan coas diversas producións artísticas.
5. Comprobar que coñecen as principais características da arte exipcia en canto á arquitectura, á escultura e á pintura.
6. Constatar que saben facer un comentario adecuado dunha obra arquitectónica exipcia, mesopotámica ou persa.
7. Constatar que comprenden a importancia que ten para a historia da arquitectura descubrimento do arco e a bóveda.
8. Comprobar si saben comparar as linguaxes plásticas de Mesopotámica e Exipto, e ver si saben extraer conclusións relacionadas coas diferencias na estrutura política, social, económica e cultural.
9. Observar si saben facer unha análise formal, iconográfica e iconolóxica dunha mostra de escultura exipcia ou mesopotámica.
10. Ver si saben aplicar un esquema de comentario de pintura a unha obra pictórica tanto da prehistoria como de Exipto ou de Persia.
11. Observar si identifican aquelas obras consideradas patrimonio da humanidade e si valoran a súa importancia.

#### **UNIDADE 4. A arte clásica(I): Grecia**

##### **Contidos conceptuais**

- Fundamentos sociais e culturais. Antropocentrismo e democracia.
- Localización espacial. Cronoloxía e evolución.
- Polis. Urbanismo e concepción do espacio.
- Arquitectura: elementos estruturais e tipoloxía.
- A escultura e a súa evolución.
- A cerámica.

#### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ver si sitúan correctamente no tempo a civilización grega e si coñecen as súas etapas.
- Ver si sitúan correctamente a civilización grega no espacio e si coñecen o proceso de difusión.
- Ver si son capaces de resumir os condicionantes intelectuais, sociais e económicos do mundo clásico grego.
- Comprobar que saben relacionar a produción artística coa mentalidade da época.
- Comprobar que coñecen as características da arquitectura clásica e que poden identificar os elementos estruturais das tres ordes arquitectónicas.
- Ver si coñecen o concepto de urbanismo e o sentido do espacio dos gregos.
- Constatar que son capaces de analizar unha obra arquitectónica clásica.

- Comprobar que coñecen as características da escultura grega e o seu proceso de evolución.
- Comprobar que coñecen e identifican ós principais escultores gregos e as súas obras.
- Comprobar que saben comparar obras escultóricas dos diferentes períodos, apreciar as súas diferencias e analizar as causas.
- Observar si gozan da obra e si saben expresar as emocións que a súa contemplación lles produce.

## **UNIDADE 5. A arte clásica (II): Roma**

### **Contidos conceptuais**

- Localización xeográfica e temporal.
- Condicionantes intelectuais, económicos y sociais.
- Orixe: a arte etrusca e a influencia grega.
- Características propias da arte romana.
- Sentido do espacio e do urbanismo.
- Arquitectura: tipoloxía e elementos constructivos.
- Escultura: o sentido realista na plástica.
- Pintura e mosaico.
- Roma en España: patrimonio artístico.

### **Contidos procedimentais**

- Visita a algún lugar de interese relacionado coa cultura romana.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que saben situar correctamente no tempo e no espacio a cultura romana.
- Comprobar que coñecen os condicionantes intelectuais, sociais e económicos da civilización romana.
- Comprobar que saben relacionar a obra co pobo que a ten creado.
- Ver si poden facer unha análise correcta dunha obra arquitectónica tanto desde o punto de vista formal como desde o iconográfico e iconolóxico.
- Ver si comparan correctamente unha obra grega cunha romana, e si saben buscar as causas das súas diferencias.
- Comprobar que saben comentar correctamente unha escultura romana non só sobre os seus aspectos formais e iconográficos senón tamén sobre as súas orixes e funcións.
- Comprobar que coñecen e utilizan o vocabulario propio da Historia da arte.
- Ver si comprenden a importancia da conservación e restauración do patrimonio artístico.
- Constatar a existencia de interese pola defensa do patrimonio artístico.
- Ver si teñen capacidade de aproveitar da obra e de expresar as emocións que a súa contemplación produce.

## **UNIDADE 6. Aportacións artísticas do cristianismo**

### **Contidos conceptuais**

- Crise e división do Imperio Romano.
- Causas que levaron, despois da caída do Imperio de Occidente, a que a Igrexa e a cultura cristiás tivesen un papel relevante, tanto en Oriente (Imperio Bizantino), como en Occidente (Europa medieval).
- A arte paleocristiá, unha ponte entre dúas culturas.
- A arte bizantina: rasgos fundamentais.
- A arquitectura bizantina: Santa Sofía de Constantinopla.
- A pintura e o mosaico en Bizancio, aportacións e manifestación da iconografía bizantina na arte europea medieval. s
- Principais manifestacións artísticas europeas prerrománicas: arte visigótica, arte carolinxia, arte prerrománica asturiana y arte mozárabe.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que saben situar correctamente no tempo e no espacio as diversas culturas que se desenrolan na área mediterránea despois da caída do Imperio Romano de Occidente.
- Ver si coñecen os condicionamentos intelectuais, políticos, sociais e económicos de cada unha destas diferentes culturas.
- Comprobar si comprenden as razóns polas que a Igrexa asumiu un papel tan predominante durante toda a Idade Media.
- Ver si poden relacionar as obras de arte coa cultura dos pobos que as crearon.
- Comprobar que saben facer unha análise correcta da arquitectura bizantina, tanto desde o punto de vista formal como do seu significado e función.
- Comprobar si poden facer unha análise correcta da pintura e o mosaico bizantino, especialmente no referente ós aspectos iconográficos.
- Comprobar que coñecen a influencia da iconografía bizantina sobre a arte europea medieval.
- Ver si identifican e recoñecen as características dos diferentes modelos arquitectónicos dos pobos xermánicos.
- Comprobar que coñecen e que son capaces de usar o vocabulario propio da Historia da arte.
- Constatar a existencia de interese pola defensa do patrimonio artístico.
- Ver si teñen capacidade de aproveitar da obra e de expresar as emocións que a súa contemplación lles produce.

## **UNIDADE 7. O Islam e a arte islámica en España**

### **Contidos conceptuais**

- Localización espacial e temporal.
- Condicionantes intelectuais, económicos e sociais.
- Rasgos distintivos da arte islámica.
- A arte islámica en España. Evolución e etapas.
- Estudio especial de dúas obras representativas: a mesquita de Córdoba y a Alhambra.
- a arte mudéjar. Áreas de difusión.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que saben situar correctamente no tempo e no espacio as civilizacións islámicas.
- Ver si relacionan as manifestacións artísticas con a mentalidade propia da cultura islámica.
- Ver si coñecen os condicionamentos intelectuais, sociais e económicos da civilización islámica na Península.
- Comprobar que coñecen as principais características da arquitectura de Al-Andalus e a súa evolución.
- Constatar que poden facer un comentario correcto dunha obra arquitectónica musulmana na Península, tanto dos aspectos técnicos e formais como do significado e función da obra.
- Comprobar que coñecen a importancia de obras como a mesquita de Córdoba o a Alhambra de Granada, que forman parte indiscutible do patrimonio cultural da humanidade.
- Ver si coñecen a influencia musulmana sobre a arquitectura cristiá da época.
- Ver si usan con propiedade a linguaxe específica da arquitectura.
- Ver si comprenden a importancia da conservación e restauración do patrimonio artístico musulmán na Península.
- Comprobar que teñen capacidade de disfrutar da obra e de expresar as emocións que a súa contemplación produce.

### **UNIDADE 8. o Románico. Escolas europeas**

#### **Contidos conceptuais**

- Localización no espacio e no tempo do estilo románico.
- Circunstancias históricas que levaron ó desenrolo do estilo.
- A arquitectura románica: elementos constructivos.
- Tipoloxías rexionais: o Románico en Francia, Italia, Alemaña e Inglaterra.
- A plástica románica.
- Análise dunha obra: O pórtico de San Pedro de Moissac.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprobar que poden situar no espacio e no tempo o desenvolvemento do estilo románico.
- Comprobar que coñecen as circunstancias históricas nas que se desenvolveu.
- Ver si coñecen os elementos constructivos e si poden deducir as súas orixes.
- Ver si distinguen as variantes rexionais e si coñecen as causas destas.
- Constatar que saben relacionar as manifestacións artísticas coas sociedades que as produciron.
- Constatar que comprenden a importancia da Igrexa no mundo medieval.
- Comprobar que poden facer un comentario dunha obra arquitectónica que contemple tanto os aspectos técnico-formais como o significado e a función.
- Comprobar que son capaces de facer un comentario dun relevo escultórico que contemple os aspectos formais, iconográficos e iconolóxicos.
- Comprobar que coñecen a simboloxía románica e as súas orixes.
- Ver si utilizan correctamente a linguaxe propia da disciplina.
- Valorar o grao de interese por os monumentos románicos que se conservan na actualidade, por o seu mantemento e restauración.
- Valorar a capacidade de aproveitar da obra e de expresar as emocións que a súa contemplación lles produce.

## UNIDADE 9. O Románico español

### Contidos conceptuais

- Localización xeográfica e temporal do Románico peninsular.
- Circunstancias históricas específicas da Península.
- Escolas hispánicas, etapas e evolución.
- A arquitectura e a escultura: características e evolución.
- A pintura: características y exemplos.
- Estudio específico dunha pintura da área catalana (San Clemente de Tahull) y unha da área castelán (San Isidoro de León).

### Contidos procedimentais

- Elaboración de itinerarios histórico-artísticos.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprobar que saben situar no tempo e no espacio o románico peninsular e que distinguen as diversas zonas.
- Comprobar que comprenden as circunstancias históricas en que se atopaba a Península na época románica.
- Comprobar si poden facer, sobre un mapa da Península, o itinerario do camiño de Santiago, sinalando os lugares onde se atopan os principais edificios románicos.

- Comprobar que saben aplicar a unha obra arquitectónica románica un esquema de comentario de arquitectura previamente establecido.
- Comprobar si poden aplicar correctamente o esquema establecido para el comentario de escultura a unha obra escultórica románica, sexa en pedra ou en madeira.
- Ver si saben relacionar a obra plástica coa mentalidade da época e si comprenden o simbolismo.
- Comprobar que saben facer un comentario sobre unha pintura románica que contemple os aspectos formais, os iconográficos e os iconolóxicos.
- Ver si pode comparar a pintura catalana coa castelán, apreciar as diferencias e comprender as causas.
- Ver si recoñecen a importancia do románico dentro do patrimonio cultural español e valorar o grao de interese que demostren na súa conservación e restauración.
- Valorar si disfrutan da contemplación da obra e si saben expresar as emocións que esta contemplación desperta.

## **UNIDADE 10. O Gótico europeo. os primitivos flamencos**

### **Contidos conceptuais**

- Localización do Gótico no espacio e no tempo.
- Condicionantes intelectuais, económicos e sociais da Baixa Idade Media.
- Características do estilo gótico.
- Variantes nacionais: o Gótico en Italia, Francia, Inglaterra e Alemaña.
- A escultura gótica: características e evolución.
- A pintura, desde a italo-gótica hasta os primitivos flamencos. Características e mestres principais.
- Estudio específico dunha obra cume da pintura flamenca: o Tríptico do Cordeiro Místico.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que coñecen e utilizan correctamente o vocabulario propio da disciplina.
- Comprobar que saben situar correctamente no tempo o período de desenvolvemento do gótico.
- Comprobar que coñecen os condicionantes intelectuais, sociais e económicos da época, e que saben como estes inflúen sobre as manifestacións artísticas.
- Comprobar que saben comentar unha obra arquitectónica seguindo un esquema previamente elaborado.
- Ver si saben diferenciar obras de procedencias xeográficas diversas e si comprenden o porqué das súas diferencias.
- Ver si poden comentar correctamente unha escultura, tanto monumental como exenta.
- Comprobar que poden comparar unha obra escultórica desta etapa con outras de épocas precedentes e que comprenden as causas dos cambios.



- Ver si poden comentar de forma correcta diversas obras pictóricas da etapa gótica y comparalas entre si.
- Constatar que identifican ós principais autores da época e que coñecen as súas obras máis importantes.
- Comprobar que coñecen e respectan os monumentos góticos como legado histórico e testemuña de outras épocas ás que estamos ligados polo noso pasado.
- Observar si disfrutan da contemplación da obra e si saben expresar as emocións que esta lles desperta.

## **UNIDADE 11. O Gótico español**

### **Contidos conceptuais**

- Contexto histórico y cronoloxía.
- Características xerais do gótico español.
- A escultura gótica española.
- La pintura gótica en Castela, León e Cataluña.
- Estudio específico dun monumento gótico catalán: Santa María del Mar.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que coñecen e utilizan correctamente o vocabulario propio da disciplina.
- Comprobar que coñecen o contexto histórico da Península na etapa gótica e que poden analízalo debidamente.
- Ver si entenderon que as manifestacións artísticas están estreitamente ligadas a condicionantes intelectuais, sociais e económicos de cada zona peninsular.
- Comprobar que saben facer un comentario correcto e completo dunha obra arquitectónica, escultórica ou pictórica do gótico peninsular.
- Ver si poden analizar correctamente as diferencias entre a arquitectura gótica castelán e a catalana, e si coñecen o porqué das súas diferencias.
- Comprobar que saben comparar unha escultura do período gótico con outras de etapas precedentes, analizando os cambios e relacionándoos coa sociedade de cada etapa.
- Ver si son capaces de buscar información sobre unha obra do gótico peninsular, facer un pequeno traballo de investigación e expoñer os resultados en clase.
- Comprobar que coñecen os monumentos do gótico peninsular recoñecidos como patrimonio da humanidade e que entenden a necesidade de conservalos e restauralos.
- Observar si disfrutan da contemplación da obra e si saben expresar as emocións que poidan experimentar.

## UNIDADE 12. O Renacemento italiano e a súa difusión europea

### Contidos conceptuais

- Localización xeográfico-temporal.
- Condicionantes intelectuais, económicos e sociais do Renacemento italiano.
- Características e etapas da arte renacentista.
- A arquitectura do Renacemento: *Cuattrocento* e *Cinquecento*.
- A escultura do Renacemento no *Cuattrocento* (Donatello) y no *Cinquecento* (Miguel Anxo).
- Evolución da pintura e principais mestres.
- O Manierismo.
- Análise dunha obra: o David de Miguel Anxo.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Constatar que coñecen e usan adecuadamente o vocabulario propio da materia.
- Constatar que poden situar correctamente no tempo e no espacio a etapa estudiada.
- Comprobar si coñecen os condicionantes intelectuais da época estudiada e os cambios que experimentaron a nivel social, político e económico as cidades italianas do Renacemento.
- Ver si comprenden a importancia dos cambios que deron lugar á mentalidade renacentista e como afectan á relación artista-sociedade e ó rol que nela teñen os mecenas.
- Comprobar que saben facer un comentario correcto dunha obra arquitectónica do Renacemento italiano, non só nos aspectos formais senón tamén naqueles que fan referencia ó significado e a función da obra.
- Comprobar que saben facer un comentario correcto sobre unha ou máis esculturas e pinturas renacentistas, tanto desde o punto de vista formal como do iconográfico e iconolóxico.
- Comprobar que coñecen e poden identificar ós grandes xenios do Renacemento, como Miguel Anxo ou Leonardo, así como as súas obras máis coñecidas.
- Ver si saben comparar entre sí obras de diferentes momentos do Renacemento italiano, u obras doutros períodos con algunhas do Renacemento. Comentar as súas diferencias.
- Ver si son capaces de citar e identificar aquelas obras correspondentes ó período estudiado que teñan sido declaradas patrimonio cultural da humanidade.
- Ver si favorecen aquelas iniciativas que axudan a mellorar, conservar, restaurar e dar a coñecer o patrimonio artístico.
- Observar si disfrutan da obra e si saben expresar as emocións que produce a súa contemplación.

## **UNIDADE 13. O Renacemento español**

### **Contidos conceptuais**

- Localización xeográfica-temporal.
- Condicionantes intelectuais, económicos e sociais do Renacemento español.
- Características do Renacemento en España.
- A arquitectura: elementos estruturais e ornamentais. Plateresco e clasicismo.
- A pervivencia da mentalidade medieval na escultura e a pintura.
- O Manierismo en España: O Greco.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que coñecen e utilizan o vocabulario propio da materia.
- Comprobar si coñecen os condicionantes intelectuais, sociais e económicos do Renacemento español e si os relacionan coas manifestacións artísticas da época.
- Ver si comprenden as diferencias entre a mentalidade italiana e a española da mesma época e si saben deducir as súas causas.
- Comprobar que saben facer un comentario rigoroso e imaxinativo dunha obra arquitectónica do plateresco e dunha do clasicismo.
- Comprobar si poden comparar dúas obras arquitectónicas españolas entre si, ou unha italiana cunha española, e comprender as súas diferencias ó situar cada unha delas no seu contexto.
- Ver si poden elaborar un método de análise dunha obra escultórica e aplicalo a diversas obras do Renacemento español.
- Comprobar que coñecen a persoa a obra do Greco e que poden citar as características máis importantes.
- Comprobar que coñecen e respectan o rico patrimonio cultural español, recoñecendo a necesidade de conservalo y restauralo.
- Valorar a súa dispoñibilidade á hora de favorecer calquera iniciativa de tipo artístico (exposicións, asistencia a actos diversos, etc.).
- Valorar si disfrutaban da obra e si saben expresar as emocións que a súa contemplación produce.

## **UNIDADE 14. Arquitectura e escultura barrocas en Europa. O rococó**

### **Contidos conceptuais**

- Localización no espacio e no tempo do Barroco.
- Contexto histórico do Barroco.
- Características xerais e complexidade.
- A arquitectura barroca nos diferentes países europeos: o concepto barroco do espacio.

- La escultura barroca en Italia e Francia.
- O rococó.
- Comentario específico sobre a praza de San Pedro do Vaticano.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Constatar que coñecen e saben usar o vocabulario propio da materia.
- Constatar que poden situar correctamente no tempo e no espacio a etapa barroca.
- Ver si comprenden o concepto de barroco entendido como forma de vida y as diferentes funcións que se lle atribúen á arte en esta etapa.
- Comprobar que coñecen os condicionantes intelectuais, sociais e económicos da Europa da época.
- Comprobar que saben facer un comentario correcto dunha obra arquitectónica barroca, tendo en conta os aspectos formais, os de significado e especialmente os funcionais.
- Ver si son capaces de comparar obras da arquitectura francesa con outras pertencentes a Italia, comentando as súas diferencias e similitudes.
- Ver si saben comparar unha obra barroca cunha renacentista, analizando os cambios producidos na arte e relacionándoos cós cambios sociais.
- Comprobar que saben analizar debidamente unha ou máis esculturas barrocas, tanto desde o punto de vista formal como desde o iconográfico e iconolóxico.
- Comprobar que coñecen e identifican ós grandes autores do Barroco europeo como, por exemplo, Bernini.
- Ver a súa disposición a favorecer aquelas iniciativas que teñan como finalidade conservar, restaurar e divulgar o patrimonio artístico universal.
- Observar si gozan da obra e si saben expresar as emocións que a súa contemplación lles produce.

### **UNIDADE 15. O Barroco español. Arquitectura e escultura**

#### **Contidos conceptuais**

- Contexto histórico.
- Características propias do Barroco español.
- A arquitectura barroca española: etapas e autores.
- A escultura barroca española: peculiaridades, escolas e autores.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Constatar que coñecen e utilizan con naturalidade o vocabulario propio da materia.
- Comprobar que coñecen as circunstancias especiais da España da época e que poden valorar as súas consecuencias a nivel artístico.
- Ver si asumiron a especial importancia que o sentimento relixioso ten no Barroco español.

- Comprobar que saben facer un comentario correcto dunha ou máis obras arquitectónicas das diferentes etapas do Barroco español.
- Ver si poden comparar obras do período de plenitude (de Churriguera, por exemplo) con algunha da etapa de influencia francesa (a arquitectura palatina) e explicar o porqué das súas diferencias.
- Comprobar que saben analizar de maneira rigorosa, pero á vez imaxinativa, esculturas do Barroco español pertencentes ás diferentes escolas. A análise ten de se realizar sobre os aspectos formais, iconográficos e iconolóxicos.
- Ver si poden comparar unha escultura barroca española cunha do Barroco italiano e si comprenden as súas diferencias relacionándoas cos seus distintos contextos históricos.
- Comprobar que identifican ás principais figuras do Barroco español (Churriguera, Ribera, Gregorio Fernández,...) y as súas obras.
- Ver si coñecen e identifican aquelas obras do Barroco español recoñecidas como patrimonio da humanidade, y si recoñecen a necesidade de actuar en favor da súa restauración e conservación.
- Observar si gozan da obra e si saben expresar as emocións ou sentimentos que a súa contemplación lles produce.

## **UNIDADE 16. Escolas europeas de pintura barroca**

### **Contidos conceptuais**

- Raíces históricas da arte barroca.
- Condicionantes intelectuais, económicos y sociais dos diversos países europeos.
- A pintura barroca: características formais.
- Temas e funcións principais da pintura.
- Evolución dos elementos pictóricos desde o Románico hasta o Barroco.
- Escolas da pintura barroca: escola italiana, flamenca, holandesa, francesa e inglesa.
- Principais mestres barrocos: Caravaggio, Rubens, Rembrandt, Vermeer, La Tour, Watteau, Hogarth, Gainsborough.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ver si utilizan de maneira correcta o vocabulario propio da materia.
- Comprobar que coñecen as raíces históricas da pintura barroca.
- Comprobar que coñecen os condicionantes económicos, intelectuais e sociais dos diversos países europeos e como afectan á produción artística.
- Ver si saben facer unha análise diacrónico dalgún tema pictórico, o Nacemento, por exemplo, e se poden relacionar os cambios na maneira de tratar o tema cós cambios que se teñen producido na sociedade.
- Ver si saben cales son os novos temas que se introduciron na pintura e as causas da súa aparición.

- Comprobar que son capaces de elaborar e aplicar un esquema de lectura válido para a pintura a diferentes pinturas das distintas escolas europeas.
- Ver si poden comparar entre si pinturas das distintas escolas europeas, facendo unha síntese das súas diferencias e similitudes.
- Ver si identifican ós principais mestres das grandes escolas europeas da pintura barroca e si coñecen as súas obras máis importantes.
- Comprobar que están dispostos a favorecer aquelas iniciativas que tenden a divulgar o patrimonio artístico universal, como, por exemplo, a asistencia a museos e exposicións.
- Observar si disfrutan da obra e si saben expresar as emocións e sentimentos que a súa contemplación lles produce.

## **UNIDADE 17. Pintura barroca española**

### **Contidos conceptuais**

- Contexto histórico.
- Características especiais do Barroco español.
- Temas, formas y funcións específicas da pintura barroca española.
- Os grandes mestres: Ribera, Zurbarán, Velázquez, Murillo e Valdés Leal.
- Estudio detallado da obra de Velázquez.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ver si utilizan adecuadamente o vocabulario propio da materia.
- Comprobar que coñecen as circunstancias que envolven ó Barroco español, ou sexa, o seu contexto histórico.
- Ver si comprenden que todo estilo reflicte a mentalidade da época e que, por tanto, o Barroco español tense que relacionar có seu contexto.
- Comprobar si relacionan o desenrolo da pintura cós condicionantes intelectuais, especialmente, no caso español, os relacionados coa relixión. E si saben como este feito marca as diferencias entre a pintura española e o resto do Barroco europeo.
- Comprobar que saben elaborar e aplicar un esquema de comentario de pintura que permita analizar os aspectos formais, iconográficos e iconolóxicos.
- Comprobar que poden comparar unha pintura española con outras de distintos países europeos e deducir as causas das súas diferencias.
- Constatar que identifican ós grandes mestres do Barroco español e que coñecen as súas principais obras.
- Ver si, individual ou colectivamente, son capaces de realizar un traballo de investigación sobre unha obra que poidan observar directamente, e si saben expoñer en clase o resultado do seu traballo.
- Comprobar que coñecen e respectan o patrimonio cultural español e que teñen interese en dalo a coñecer, conservalo e restauralo, si é o caso.

- Observar si disfrutan da obra e si saben expresar as emocións que lles produce a súa contemplación.

## **UNIDADE 18. O Neoclasicismo. A ruptura: Goya**

### **Contidos conceptuais**

- O Neoclasicismo: localización espacial e temporal; características.
- A arquitectura neoclásica en Europa e en España.
- A escultura e a pintura neoclásicas: Canova e David.
- A busca de novos camiños: Goya. Vida, obra e transcendencia pictórica.
- Análise dunha obra de Goya: O coloso.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ver si son capaces de situar no espacio e no tempo o estilo neoclásico.
- Comprobar que coñecen as características do estilo e as súas funcións.
- Comprobar que coñecen e poden resumir o contexto histórico da época.
- Ver si entenderon os cambios sufridos por o artista respecto á súa relación coa sociedade durante este período.
- Comprobar que coñecen os condicionantes intelectuais, económicos e sociais da época.
- Comprobar que son capaces de analizar unha obra arquitectónica neoclásica e de relacionala có seu contexto histórico e cultural.
- Ver si saben analizar unha obra escultórica neoclásica e si saben buscar os precedentes.
- Comprobar que poden elaborar e aplicar un esquema de comentario de pintura que relacione a obra có seu contexto histórico.
- Ver si coñecen á figura de Goya e comprenden a importancia da súa obra, así como a influencia que exerceu en etapas posteriores.
- Ver si saben comparar unha obra de Goya con outra dalgún pintor neoclásico e aprecian as diferencias.
- Comprobar que comprenden e usan correctamente a linguaxe propia da disciplina.
- Ver si disfrutan da obra e si saben expresar as emocións ou sensacións que produce a súa contemplación.

## **UNIDADE 19. Arquitectura e urbanismo no s. XIX**

### **Contidos conceptuais**

- Introducción histórica y cronolóxica.
- A arquitectura no s. XIX. Principais correntes: a arquitectura do ferro, a Escola de Chicago, os *Arts and Crafts* e o Modernismo.
- O Modernismo. Características e artistas.
- Antoni Gaudí e a súa obra. Análise da Sagrada Familia.

- Os novos programas urbanísticos. Estudio do plan do ensanche de Barcelona.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ver si saben situar correctamente no tempo os diferentes estilos arquitectónicos do s. XIX.
- Comprobar que coñecen e poden resumir os condicionantes intelectuais, económicos e sociais da época.
- Comprobar que coñecen as características das principais correntes arquitectónicas do s. XIX, desde a arquitectura historicista hasta o Modernismo.
- Comprobar que son capaces de analizar unha obra arquitectónica de cada unha destas etapas, relacionándoas có seu contexto histórico-cultural.
- Constatar que recoñecen a importancia da Escola de Chicago como un importante precedente da arquitectura do s. XX.
- Comprobar que coñecen e poden resumir as características do Modernismo.
- Ver si poden facer unha análise completa de algunha das obras de Antoni Gaudí, a Sagrada Familia, por exemplo. Tamén ver si poden facer un itinerario modernista por Barcelona, estudiando os principais monumentos.
- Constatar que comprenden a importancia dos ensaios urbanísticos que se fixeron no s. XIX, aínda que moitos deles fosen só proxectos sen realizar.
- Comprobar que comprenden e usan correctamente a linguaxe propio da materia.
- Observar si disfrutan da obra y si saben expresar as emocións que a súa contemplación pode producir.

### UNIDADE 20. As artes figurativas no s. XIX: Romanticismo e Realismo

#### Contidos conceptuais

- Introducción histórica e cronoloxía.
- O movemento romántico: características.
- Os románticos franceses: Géricault y Delacroix.
- O Romanticismo en Alemaña e Inglaterra: os paisaxistas.
- O Realismo pictórico: Millet, Courbet.
- A pintura española no s. XIX.
- A escultura no s. XIX.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ver si son capaces de situar correctamente no tempo e no espacio os diferentes estilos do s. XIX.



- Constatar que coñecen os condicionantes políticos, sociais e económicos da Europa do s. XIX.
- Comprobar que poden resumir as características dos principais movementos do s. XIX, relacionándoos có contexto histórico.
- Comprobar que coñecen e poden identificar ós grandes pintores do Romanticismo francés e as súas obras.
- Comprobar que coñecen as características propias dos románticos alemáns e dos paisaxistas ingleses, e que poden comentar correctamente as súas obras.
- Ver si poden resumir as características do Realismo e citar os seus principais representantes.
- Comprobar que poden elaborar e aplicar un modelo de comentario da obra pictórica a unha ou máis pinturas románticas e realistas.
- Comprobar que poden comparar entre sí unha obra romántica e unha pertencente ó movemento realista e comentar as súas diferencias.
- Comprobar que aplican correctamente un sistema de comentario de escultura a unha escultura romántica ou realista.
- Ver si utilizan correctamente a linguaxe propia da disciplina.
- Observar si gozan da obra e si saben expresar as emocións que a súa contemplación pode producir.

## **UNIDADE 21. O Impresionismo**

### **Contidos conceptuais**

- Situación histórica do fenómeno impresionista.
- A técnica, os mestres e a revisión do impresionismo.
- O Impresionismo en España.
- A escultura: Rodin.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ver si son capaces de situar no tempo e dentro das circunstancias históricas correctas a etapa impresionista.
- Comprobar que coñecen os condicionantes culturais da época e saben a reacción que a obra impresionista ocasionou na sociedade do seu tempo.
- Comprobar que poden facer un resume completo do movemento impresionista, das súas características formais e dos seus principais representantes.
- Comprobar que poden facer unha análise correcta de unha ou máis pinturas de autores impresionistas, seguindo un modelo de comentario elaborado por eles mesmos.
- Comprobar que saben analizar, de maneira rigorosa pero tamén imaxinativa, a obra de Rodin, o principal representante do Impresionismo na escultura.
- Comprobar que coñecen as influencias que o Impresionismo e o postimpresionismo exerceron sobre as correntes artísticas do novo século.

- Ver si poden analizar unha obra de algún dos grandes pintores da etapa buscando os precedentes previndo os consiguientes.
- Ver si utilizan correctamente a linguaxe propia da materia.
- Observar si gozan da obra e si saben expresar as emocións que a súa contemplación produce.

## **UNIDADE 22. Arquitectura e urbanismo no s. XX**

### **Contidos conceptuais**

- O s. XX: novos problemas, novas necesidades, novas solucións.
- Unha nova concepción estética, unha nova linguaxe.
- A arquitectura racionalista: Le Corbusier, Walter Gropius y Mies van der Rohe.
- O organicismo: Frank Lloyd Wright.
- A arquitectura posmoderna e a arquitectura actual.
- O urbanismo en el século XX.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que sitúan correctamente no tempo as diferentes correntes arquitectónicas do s. XX.
- Comprobar que coñecen a problemática e as características da sociedade do s. XX.
- Comprobar que saben relacionar a nova arquitectura cós condicionamentos da época e con a aparición de novas necesidades e de melloras técnicas.
- Ver si saben resumir as características da arquitectura racionalista, a orgánica, o posmodernismo e a arquitectura actual.
- Ver si identifican as obras dos autores máis famosos do racionalismo (Le Corbusier, Mies van der Rohe ) e si poden comentalas correctamente.
- Ver si coñecen e identifican ós arquitectos máis importantes do movemento orgánico e si, ó comentar as obras, poden diferencialas das do movemento anterior.
- Comentar, seguindo unha pauta establecida por el mesmo, unha obra de Frank Lloyd Wright, o principal arquitecto orgánico.
- Comprobar que poden resumir as características do posmodernismo e que poden citar algún exemplo achegado.
- Comprobar que coñecen ós principais arquitectos do momento actual, especialmente aqueles que traballan en España, e as súas obras máis importantes.
- Observar si disfrutan coa contemplación da obra artística.

## **UNIDADE 23. Evolución das artes figurativas no s. XX**

### **Contidos conceptuais**

- Cambios filosóficos, científicos e políticos que levan a unha maneira diferente de afrontar a realidade. Contexto histórico.
- Os ismos na pintura: fauvismo, cubismo, expresionismo, futurismo, movemento Dadá y surrealismo.
- A escultura, expresión da angustia do ser humano.
- A pintura abstracta: constructivismo, informalismo.
- As segundas vangardas: neofigurativismo, pop-art, hiperrealismo, arte conceptual y posmodernismo.
- A abstracción e o movemento na escultura.

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Comprobar que sitúan correctamente no tempo as diferentes correntes pictóricas do s. XX.
- Comprobar que coñecen a problemática e as características da sociedade do s. XX.
- Ver si comprenden as causas dos grandes cambios que se produciron nas artes figurativas e relacionan as causas coa sociedade da época.
- Ver si poden facer un resume das características dos diferentes movementos chamados de vangarda y si coñecen ós seus principais representantes.
- Ver si poden facer un comentario correcto da obra dos principais pintores vangardistas, tanto da primeira como da segunda metade do século.
- Ver si son capaces de analizar a obra de un dos artistas que teña marcado a orixe de algunha das grandes correntes do século, por exemplo Kandinsky.
- Comprobar que poden elaborar unha pauta de análise escultórico aplicable a unha escultura do século XX.
- Comprobar que saben comparar entre si obras de tendencias diversas, sexan escultóricas ou pictóricas, e comentar as diferencias.
- Comprobar que coñecen e identifican a obra dos principais autores vangardistas do século.
- Comprobar que coñecen e utilizan o vocabulario propio da materia.
- Observar si disfrutan da obra y si saben expresar as emocións que a súa contemplación produce.

## **UNIDADE 24. Picasso e a contribución Española á pintura do s. XX**

### **Contidos conceptuais**

- Contexto histórico. A España do s. XX.
- Picasso: traxectoria artística e significado da obra.
- Análise específica dunha obra picasiana: Guernica.
- Aportación española á arte contemporánea: Miró, Dalí, Tàpies.
- Últimas correntes en España e no mundo.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Comprobar que sitúan correctamente no tempo a aportación española dentro das tendencias propias do s. XX.
- Comprobar que coñecen o contexto histórico da España da época.
- Comprobar que identifican á gran figura de Picasso e que coñecen a traxectoria artística e o significado da súa obra.
- Comprobar que son capaces de analizar unha obra de Picasso seguindo un esquema que eles mesmos elaboraran.
- Ver si poden resumir as características dos artistas españois de renome universal como Miró, Dalí e Tàpies, e enmarcalos nas tendencias propias do século.
- Ver si coñecen a situación actual da arte en España.
- Ver si valoran positivamente a arte contemporánea e si saben apreciar as características de orixinalidade, creatividade e capacidade expresiva, así como as diferentes funcións que exerce.
- Comprobar que coñecen e utilizan correctamente o vocabulario propio da materia.
- Observar si disfrutan da contemplación da obra e si saben expresar aquilo que a obra lles suxire.

## UNIDADE 25. A imaxe

### Contidos conceptuais

- A imaxe, representación do obxecto.
- A comunicación mediante a imaxe.
- Medios de comunicación plásticos de carácter estático: fotografía, cartel, cómic.
- Estudio específico dunha fotografía.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Ver si comprenden a importancia da imaxe no s. XX.
- Ver si coñecen os tres tipos de representación de imaxes que requiren medios mecánicos: o cartel, a fotografía e o cómic.
- Comprobar que poden relacionar as imaxes conseguidas por medios mecánicos cós cambios que se produciron na sociedade e nos medios de produción no s. XX.
- Comprobar que valoran a importancia da imaxe como medio de comunicación de masas.
- Ver si poden resumir a historia da fotografía e si coñecen as fases principais.
- Ver si poden facer un resume da historia do cartel publicitario e citar ós seus representantes máis ilustres.
- Comprobar que coñecen e identifican ós principais autores de cómic.
- Comprobar que poden comentar correctamente unha fotografía seguindo unha pauta que eles mesmos elaboraron previamente.
- Comprobar si comprenden e usan o vocabulario propio da materia.

- Observar si disfrutan da contemplación y do estudio da obra e si saben expresar aquilo que a obra lles suxire.

## **UNIDADE 26. o cine: arte e documento do noso tempo**

### **Contidos conceptuais**

- O cine, fenómeno emblemático do s. XX.
- A linguaxe cinematográfica. Estructura.
- Breve historia do cine.
- Síntese de xéneros e estilos.
- Os principais directores da segunda metade do s. XX.
- Análise dunha obra: O acoirazado Potemkin

## **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

- Ver si coñecen e comprenden a linguaxe cinematográfica e a súa evolución.
- Ver si saben relacionar a linguaxe cinematográfica coa tendencia das artes plásticas no s. XX de buscar novas vías de expresión.
- Comprobar que coñecen a historia do cine desde os seus inicios hasta a actualidade.
- Comprobar que coñecen e identifican os diferentes xéneros: simbolismo social, histórico, político, de combate, thriller, etc.
- Comprobar que coñecen e identifican ós principais directores de cine, especialmente ós da segunda metade do s. XX.
- Ver si poden elaborar un guión de comentario da obra fílmica, que contemple desde os elementos estruturais hasta os de significado e contido.
- Constatar que saben aplicar o esquema previamente elaborado a varias obras fílmicas de autores pertencentes a diferentes estilos.
- Comprobar que recoñecen a importancia do cine como vehículo transmisor de valores, tendencias e modelos a seguir.
- Comprobar que comprenden igualmente a importancia do cine como documento que nos permite coñecer mellor o mundo en que vivimos.
- Observar si disfrutan da obra e si saben expresar aquilo que lles suxire a súa contemplación.

## **SECUENCIACIÓN**

Dividiremos os diferentes períodos que abordaremos entre as tres avaliacións. Na primeira explicaremos o comprendido entre a antigüidade e o Románico, na segunda desde o Gótico ate o Barroco, e na terceira a arte pertencente o período contemporáneo.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

Veñen dados polas instrucións e criterios que emanan da coordinación desta disciplina e que son obxecto das probas de Selectividade

## **11. EDUCACIÓN DE ADULTOS.**

### **O ÁMBITO SOCIAL. INTRODUCCIÓN**

O ámbito social, de acordo co regulado na disposición adicional primeira do Real decreto 1631/2006, integra os aspectos básicos das materias de ciencias sociais, xeografía e historia, educación para a cidadanía e os aspectos perceptivos das materias de música e educación plástica e visual. Este ámbito integra, polo tanto, tres tipos de aspectos: os que permiten unha comprensión e visión crítica das relacións do home co medio xeográfico, e do home como froito da evolución histórica; os que, cunha raíz profundamente ética, lle facilitan desenvolver unha comprensión das diferenzas e do respecto por elas dentro da sociedade democrática, co fin de preparar as persoas para unha cidadanía activa; e os que lle permiten un achegamento activo e de gozo da linguaxe visual e musical.

Os contidos das materias incluídas no ámbito oriéntanse a proporcionar unha visión global do mundo e a transmitir un conxunto de valores para que os alumnos e alumnas adopten unha actitude ética e comprometida dentro dunha sociedade plural e solidaria. Eses coñecementos supoñen tamén unha contribución fundamental na formación do alumnado adulto para encararse ao mundo laboral.

Este ámbito recolle así aspectos profundamente arraigados na tradición pedagóxica occidental: a reflexión e o estudo sobre o espazo xeográfico e a historia; o achegamento á arte como elemento fundamental do humanismo; o diálogo e a reflexión como medio para cultivar o mutuo respecto e desenvolver unha auténtica educación moral propia dunha sociedade democrática avanzada.

## **OBXECTIVOS**

O ensino deste ámbito terá como finalidade o desenvolvemento das seguintes capacidades:

1. Recoñecerse como membro da condición humana na súa dimensión individual e social, aceptando a propia identidade, as características e experiencias persoais, respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a expresión axeitada dos sentimentos e as emocións, e a autoestima.
2. Desenvolver as habilidades comunicativas e sociais que permiten participar con iniciativa propia nas actividades de grupo e na vida social en xeral, con actitude solidaria e tolerante, utilizando o diálogo e a mediación para abordar os conflitos.

3. Recoñecer as situacións -pasadas e presentes- de desigualdade no recoñecemento efectivo dos dereitos entre o home e a muller, valorar e respectar as diferenzas de xénero e a igualdade de dereitos entre eles, así como rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre ambos os dous, participando na prevención das desigualdades e de toda clase de violencia de xénero.
4. Coñecer o funcionamento das sociedades democráticas, especialmente da sociedade galega, española e europea, favorecendo a toma de consciencia dos seus valores básicos así como os dereitos e liberdades fundamentais das persoas como unha meta irrenunciable para acadar a xustiza persoal e social.
5. Identificar, explicar e valorar os feitos económicos, políticos, sociais e culturais, e a importancia das mentalidades, ao longo do devir das distintas sociedades humanas, utilizando este coñecemento para entender mellor as características e os problemas actuais e a súa proxección de futuro, así como o papel que mulleres e homes desenvolven nelas.
6. Identificar, localizar e analizar os elementos básicos que caracterizan o medio físico, especialmente o de Galicia, as relacións que se dan entre eles e as que as sociedades humanas establecen na utilización do espazo e dos seus recursos, comprendendo que o espazo xeográfico actual é o resultado da interacción das sociedades sobre o medio en que se desenvolven.
7. Empregar de forma combinada conceptos, feitos, teorías e procedementos propios da historia, da xeografía, da ética e da educación para a cidadanía para analizar e comprender problemas sociais e resolver situacións conflitivas nas sociedades actuais, especialmente das que afectan a Galicia, España e Europa.
8. Coñecer e valorar o patrimonio natural, histórico, lingüístico, cultural e artístico, a escala mundial, estatal e galega, co fin de respectalo, protexelo, desfrutalo e transmitilo ás xeracións vindeiras.
9. Comprender a diversidade cultural e étnica das nosas sociedades como unha consecuencia do fenómeno da globalización, valorando esta diversidade como unha oportunidade para expresar actitudes de respecto e tolerancia cara ás outras mentalidades, formas de vida e códigos éticos que non coinciden cos nosos, sempre que non atenten contra a dignidade humana, e sen que isto implique renunciar a xuízos sobre eles.
10. Buscar, comprender, seleccionar e relacionar información verbal, gráfica, icónica, estatística e cartográfica, procedente de diversas fontes, incluída a que proporciona o contorno físico e social, os medios de comunicación e as tecnoloxías da información e a comunicación, tratada de maneira autónoma e crítica co fin que se persegue e comunícala de forma organizada, coherente e intelixible.
11. Saber observar e apreciar as imaxes e os sons, comprendendo as relacións existentes entre as linguaxes plásticas e musicais, con outros pertencentes aos distintos ámbitos de coñecemento.
12. Participar na organización e realización de actividades en diversos contextos, favorecendo o diálogo, a colaboración e a participación, sendo consciente do enriquecemento que se produce coas propias achegas e as dos demais.

## **COMPETENCIAS BÁSICAS**

---

Polo seu carácter integrador, o ámbito social contribúe dun xeito intenso e efectivo ao desenvolvemento de todas as competencias básicas da educación secundaria e non só daquelas (competencia social e cidadá, e competencia cultural e artística) que están natural e directamente relacionadas con el.

Este ámbito integra coñecementos, técnicas e termos propios de diversas ciencias sociais (xeografía, historia, economía, demografía, socioloxía, psicoloxía social, ética) que, en moitos casos, utilizan instrumentos de razoamento e expresión matemáticos, que conducen ao logro da competencia matemática e da competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico. Igualmente, unha metodoloxía adecuada na abordaxe deste ámbito debe partir da presentación de problemas reais que afectan os adultos como cidadáns e como habitantes do planeta Terra, e da aplicación dunha metodoloxía activa para a busca de solucións. Esta presentación contribuirá eficazmente ao logro da competencia para aprender a aprender e da competencia tratamento da información e competencia dixital.

Por outra parte, o diálogo permanente, o debate ordenado, a aclaración de sentimentos e valores, o cultivo do respecto ás diferenzas, que integran outro aspecto fundamental do ámbito social, serán un instrumento eficazísimo para o desenvolvemento da competencia da autonomía e iniciativa persoal.

A linguaxe é o vehículo permanente de acceso, obtención e expresión da información social, polo que toda a actividade desenvolvida neste ámbito conducirá ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística, especialmente no desenvolvemento das habilidades que se poñen en xogo no diálogo interpersonal.

### **Contribución do ámbito á adquisición das competencias básicas.**

O horizonte último da educación secundaria para persoas adultas é o desenvolvemento das competencias básicas. Como é lóxico, o ámbito contribúe dun xeito decisivo ao logro da competencia social mediante:

- O desenvolvemento social do alumno a través do coñecemento da organización e da evolución das sociedades. O estudo da xeografía e da historia resulta fundamental para o desenvolvemento da competencia social e cidadá, xa que facilita a comprensión da realidade social e as relacións dentro dun modelo de sociedade cada vez máis plural.
- O desenvolvemento de sentimentos de pertenza á sociedade en que vive, mediante o estudo dos trazos que a caracterizan.
- O desenvolvemento da empatía, da capacidade de poñerse no lugar do outro, mediante a análise das actividades humanas no presente e no pasado.
- O desenvolvemento da capacidade de diálogo para a análise dos problemas presentes e pasados da sociedade e a súa proxección sobre os problemas reais que deben encarar as persoas na súa propia vida.
- O desenvolvemento de metodoloxías participativas, interactivas e dialóxicas, que propicien habilidades para participar na vida cívica, para asumir os valores democráticos e para o cumprir os deberes propios.
- O desenvolvemento da capacidade de facer fronte a unha serie de novos desafíos como o coidado do ambiente, a orientación do desenvolvemento tecnocientífico, a responsabilidade polas xeracións futuras, a igualdade entre os sexos, a loita contra novas



formas de exclusión social e contra as existentes, que impiden desvincular a competencia social e cidadá do desenvolvemento das demais competencias básicas.

-O desenvolvemento de habilidades para vivir en sociedade e para exercer a cidadanía democrática, ao favorecer o desenvolvemento de destrezas que permiten participar, tomar decisións, elixir a forma axeitada de comportarse en determinadas situacións e responsabilizarse das consecuencias derivadas das decisións adoptadas.

-O reforzo da autonomía, a autoestima e a identidade persoal mediante a aclaración de sentimentos e valores, e o respecto dos demais.

-O desenvolvemento de sentimentos compartidos e non excluíntes, ao aceptar e usar convencións e normas sociais e interiorizar os valores de respecto, cooperación e solidariedade.

-A promoción da identificación da reflexión crítica sobre os valores do contorno ofrecendo como referente ético común os valores que sustentan a Declaración universal dos dereitos humanos, a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia.

-O coñecemento dos fundamentos e os modos de organización dos estados e das sociedades democráticos, a evolución histórica dos dereitos humanos, o achegamento á pluralidade social ou ao carácter da globalización e as implicacións que comporta para os cidadáns.

A competencia de coñecemento e a interacción co mundo físico é desenvolvida neste ámbito grazas a:

-A análise do espazo en que se desenvolve a actividade humana, especialmente coa utilización dos procedementos de orientación, localización, observación e interpretación das paisaxes e a súa representación cartográfica.

-Representación de feitos e fenómenos do mundo natural utilizando linguaxes e convencións simbólicas como a escala e signos convencionais.

-A análise e a valoración da acción do home sobre o medio, tanto nos seus aspectos positivos coma na utilización abusiva que facemos del.

-A aprendizaxe de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación, o descubrimento e a reflexión e posterior análise.

-Desenvolvemento do compromiso persoal e da participación responsable en proxectos colectivos e propostas que propicien o respecto e a defensa do patrimonio natural, industrial, histórico-artístico e inmaterial.

A contribución á competencia expresión cultural e artística é tamén significativa mediante:

-O coñecemento e a valoración do feito artístico, así como o respecto e conservación do patrimonio cultural propio e doutras culturas, a través do desenvolvemento de habilidades perceptivas e de análise.

-A observación, análise e gozo das manifestacións artísticas insertas na paisaxe, como pontes, edificios civís, camiños, igrexas, pazos.

-A observación, análise e satisfacción ante as obras artísticas relevantes.

-A valoración do patrimonio cultural material e inmaterial, facendo especial fincapé no patrimonio de Galicia.

-A audición de obras musicais e a súa análise e gozo, establecendo a conexión co contexto histórico en que naceron.

- A valoración da cultura popular como elemento básico da nosa propia identidade galega nun mundo cada vez máis globalizado e uniformado favorecendo así a nosa propia autoestima e a creación de lazos solidarios na nosa comunidade.
- A consideración da cultura como produción colectiva viva e aberta.
- A valoración e desenvolvemento da liberdade de expresión, tolerancia e achegamento entre as culturas.
- A percepción das artes como unha linguaxe universal que pode acercar culturas e favorecer o entendemento dos pobos.

O ámbito social contribúe tamén ao desenvolvemento da competencia tratamento da información e competencia dixital, mediante:

- O uso de técnicas de observación e análise para extraer información directamente da paisaxe.
- O uso de fontes documentais escritas, gráficas e audiovisuais.
- O uso das tecnoloxías da información como fonte de información escrita, icónica e musical.
- O uso da linguaxe cartográfica.
- O uso de programas informáticos adecuados para expresar a información obtida mediante informes, presentacións, etc.
- O uso das TIC como instrumento de comunicación, inclusión e cohesión entre grupos étnica e culturalmente distintos.

A competencia en comunicación lingüística é favorecida a través de todos os ámbitos de coñecemento, porque a linguaxe é o vehículo imprescindible para a transmisión dos saberes, a súa apropiación e expresión. Pero o ámbito social contribúe a ela de modo significativo mediante:

- O uso dun vocabulario propio e o dominio das habilidades de ler e escribir diferentes tipos de textos, que resultan fundamentais como elementos de información social e histórica.
- A posta en xogo de habilidades para a comunicación verbal en grupo, mediante técnicas de diálogo e discusión, de toma de decisións. Debater en serio exige exercitarse na escoita, na exposición e a argumentación e para iso é necesario verbalizar os conceptos, facer explícitas as ideas, formar os xuízos e estruturalos de forma coherente.
- O uso dunha linguaxe non discriminatoria pola orixe, xénero ou calquera outra circunstancia.
- A utilización e a comprensión da información oral e escrita, integrándoa nos esquemas previos de coñecemento.

Tamén o ámbito social contribúe á competencia matemática mediante o uso, para a análise da interacción do home co medio e das relacións económicas, de:

- Operacións aritméticas, porcentaxes, proporcións, nocións estatísticas básicas na descrición e análise dos fenómenos xeográficos, económicos e históricos.
- Uso de escalas numéricas, gráficas e proporcións.
- Coñecemento dalgúns fitos históricos na construción da ciencia matemática: personalidades singulares, grandes descubrimentos.
- Estudo da contribución da ciencia matemática a algúns acontecementos históricos.

A competencia para aprender a aprender favorécese desde o ámbito social mediante:

- A presentación de problemas reais que nos afectan como cidadáns e a busca de solucións realistas para eles.
- A adquisición da capacidade de aprender de xeito autónomo, desenvolvendo ferramentas que a faciliten e buscando respostas que se correspondan cun coñecemento racional.
- A formalización de técnicas para extraer información directamente da observación da paisaxe e de fontes documentais.
- O desenvolvemento de estratexias que axudan ao grupo a formular problemas, discutilos e alcanzar conclusións.
- Elaboración de valoracións persoais e conclusións razoadas: establecemento de relacións entre feitos diversos, explicación causal dos fenómenos.

Por último, o ámbito social ten unha contribución esencial ao desenvolvemento da competencia para a autonomía persoal mediante:

- A aclaración de actitudes e sentimento propios.
- O desenvolvemento da autoestima e da seguridade persoal.
- A aceptación das diferenzas de actitudes e valores e a asunción do propio rol dentro dos grupos a que se pertence.
- Desenvolvemento da toma responsable de decisións relacionadas coa dimensión persoal, social ou profesional.
- Participación activa na xestión dos asuntos públicos.
- Coñecemento de estratexias para a inserción no mundo laboral, información sobre os seus dereitos e aspectos básicos das relacións laborais.
- Elaboración e aplicación de estratexias persoais baseadas na información de carácter xeográfico, histórico ou sociolóxico para resolver situacións problemáticas e conflitivas.
- Participación activa e creativa na xestión e a mellora dos espazos públicos, para defender e protexer o patrimonio cultural, artístico, natural e inmaterial.

### **Orientacións metodolóxicas.**

As persoas adultas, cando chegan ao centro educativo, dispoñen dunha gran cantidade de información e de experiencias sobre o mundo que as rodea. Constantemente reciben información e valoracións sobre a vida en sociedade, a través dos medios de comunicación, dos seus líderes sociais e políticos, da interacción cos seus iguais. Termos como historia, identidade, nación, Estado, constitución, emigración, etc. son manexados constantemente, en moitos casos cunha gran carga emotiva. Por outra banda, ao longo da súa propia traxectoria vital, as persoas adultas experimentan os aspectos positivos e negativos da vida en sociedade, e coñecen o significado de realidades como conflito, discusión, diálogo, influencia, poder social ou violencia.

O ámbito social, dentro da educación secundaria para persoas adultas, é un marco privilexiado para a posta en cuestión e discusión de todas esas informacións e saberes, actitudes, experiencias e valores que o adulto leva como bagaxe inseparable da súa propia vida.

As características, as necesidades, os intereses e as motivacións das persoas adultas, á hora de acceder á oferta educativa, difiren das do resto do alumnado. Se engadimos a isto a amplitude e diversidade das situacións individuais, as diferenzas socioculturais, de condicións laborais, da calidade das experiencias e expectativas académicas e, incluso, o

tempo dispoñible para dedicarse ás tarefas educativas, podemos comprender a complexidade dos referentes que debemos considerar á hora de tomar decisións no ámbito da educación para as persoas adultas.

Por iso, cando se planifique o ensino neste contexto, haberá que partir dunha análise das maneiras ou medios metodolóxicos xerais máis adecuados, atendendo á tipoloxía do alumnado, partindo das experiencias previas con que accede ao sistema educativo, respectando os procesos evolutivos da vida adulta, así como os ritmos e estilos de aprendizaxe individuais.

A metodoloxía utilizada nas ensinanzas do ámbito social da educación secundaria para persoas adultas debe ter como horizonte o desenvolvemento de aprendizaxes significativas no alumnado. Unha das características máis relevantes das aprendizaxes significativas é a súa permanencia, porque establece un elevado número de relacións entre o novo coñecemento adquirido e a estrutura cognitiva do alumno. Esta, no caso da persoa adulta, está moi ancorada nunhas experiencias máis ricas e complexas cás dun adolescente. Isto implica que, nas persoas adultas, e moi especialmente no ámbito social, existen máis posibilidades de establecer relacións entre o novo coñecemento e os esquemas mentais que elas posúen.

Os enfoques globalizadores favorecen a motivación e a riqueza dos significados que conforman os esquemas cognitivos. Esta concepción metodolóxica baséase no principio de que toda situación de ensino-aprendizaxe debe partir dunha situación próxima á realidade, neste caso da persoa adulta, e que esta situación debe resultarlle interesante e crearlle a necesidade de formular cuestións e problemas a que lles debe dar resposta. Para isto, cómpre utilizar instrumentos conceptuais e técnicos que proveñan das distintas disciplinas, pero a súa presentación aos alumnos adultos debe vir xustificada desde o achegamento a temas dunha realidade que coñecen, que desexan analizar e comprender, e na cal poidan intervir. En calquera caso, debe recordarse que hoxe en día o máis próximo na experiencia non é necesariamente o que espacialmente temos a carón de nós, e que realidades espacialmente distantes nos son familiares pola súa presenza recorrente no cine e nos medios de comunicación audiovisuais.

O estudo dos contidos procedentes da xeografía e da historia debe ser integrador e globalizador, xa que o seu obxectivo básico é o coñecemento da realidade social. O estudo da interacción do home co seu medio debe ter un enfoque ecoxeográfico, que considere as múltiples variables -naturais e humanas que conforman un espazo e, ademais, atenda o dinamismo interno de cada variable e das súas interaccións.

A paisaxe, como unidade espacial de análise ecoxeográfica, ten especial relevancia e permite abordar o estudo dos problemas a que a xeografía debe dar resposta.

O estudo da historia permítelle ao alumno adulto ter unha visión multicausal do proceso histórico, como algo evolutivo que condiciona e determina o presente. É necesario o estudo dos suxeitos históricos silenciados como as mulleres, a clase obreira, os pobres... dándolle o protagonismo que lles corresponde.

Ao mesmo tempo, débese abordar o estudo do noso patrimonio cultural material e inmaterial como un conxunto herdado e construído colectivamente a través do tempo e do espazo. De aí que se entrelacen os planos do patrimonio cultural, histórico, artístico e ambiental, establecendo interaccións mutuas.

O estudo dos fenómenos sociais debe insistir permanentemente na diferenza entre a realidade deses fenómenos e as interpretacións que recibimos deles a través de todo tipo de fontes, favorecendo así o relativismo das interpretacións sociais e o respecto polas posturas

diferentes e evitando o maniqueísmo. Deberase desenvolver unha metodoloxía que compare o inmediato co afastado, o propio co alleo, o máis concreto co máis abstracto, expresando así a importancia que no currículo debe concederse á xeografía, á historia e á cultura de Galicia.

A educación para a cidadanía en persoas adultas debe transmitir e poñer en práctica valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, e que axude a superar calquera tipo de discriminación. Deste xeito contribuirán á implicación do alumnado na vida social, como cidadás e cidadáns que posúen a información precisa e sexan conscientes das súas obrigas e responsabilidades.

Cos contidos procedentes da educación plástica e visual, e da música desenvolveranse no alumnado as capacidades perceptivas. Deben tamén introducir o alumnado adulto no coñecemento da evolución histórica da arte e da música, sempre en relación co contexto histórico en que se desenvolveron.

Neste ámbito débese adquirir un vocabulario conceptual propio e a capacidade para utilizalo e xeneralizalo correctamente. O coñecemento social adquirese a partir das fontes orais, textuais e materiais, da indagación e da utilización e busca da información.

Non debe esquecerse, á hora de introducir contidos metodolóxicos, a importancia de saber interpretar fontes de diversa tipoloxía, a comprensión da multicausalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

Se a motivación é clave en todo proceso de aprendizaxe, na educación das persoas adultas adquire unha relevancia especial. As actividades deberán ter sentido para elas, ser funcionais e vehicular aprendizaxes que poden ser transferidas á práctica no mundo que as rodea, de xeito que lles vexan utilidade patente. Esta é imprescindible para evitar o abandono antes de completar o proceso de aprendizaxe, de aí a importancia de desenvolver, nas persoas adultas, capacidades e habilidades encamiñadas á superación, con éxito, das dificultades con que se poden atopar no seu contorno persoal, sociocultural e laboral, reforzando así a súa autoestima.

A educación das persoas adultas debe favorecer, ademais, os procesos en que estas aprendan a aprender. É moi importante que, canto antes, se responsabilicen do seu proceso de aprendizaxe. Unha metodoloxía que teña en conta tales aspectos favorecerá, polo tanto, que o alumnado poida deseñar os seus obxectivos de aprendizaxe, e que identifique as tarefas máis adecuadas para o seu estilo e ritmo de aprendizaxe, contribuindo á súa superación persoal.

A implicación activa das persoas adultas nos procesos de formación só é posible se se senten partícipes deles, é dicir, se están implicadas en todo o proceso educativo. Así, o papel fundamental do profesorado consiste principalmente en facilitar o proceso de ensinanza aprendizaxe máis que en transmitir coñecementos. Isto constitúe un dos principios básicos da educación das persoas adultas.

Para poder implicarse e participar no seu proceso educativo, as persoas adultas deberán coñecer a intención da educación, os contidos, a metodoloxía, os criterios de avaliación e a organización das ensinanzas e realizar a análise deste proceso, que se verá enriquecido coas súas achegas. Estas deberán ser acordadas entre os membros do grupo e o profesorado, de xeito que, ao longo do seu desenvolvemento, se tomen as decisións oportunas sobre o tipo de soporte pedagóxico máis adaptado á súa realidade e se facilite, por unha banda, a consolidación do grupo como tal, a través do debate, da discusión dirixida, da negociación,

etc. e, pola outra, a configuración doutras estratexias que posibilitan que cada centro teña un estilo dinámico propio e diferencial.

Toda proposta metodolóxica debe considerar que a educación é un proceso social polo que se lle transmite ao alumnado unha determinada cultura, xa que todas as sociedades transmiten explicitamente, mediante a educación, os seus costumes e modos de pensamento. Pero debido aos continuos e rápidos cambios sociais, científicos e tecnolóxicos da sociedade de principios do século XXI, a sociedade en que vivimos desenvólvese nun contexto multicultural; de aí a necesidade de que a educación das persoas adultas deba abordarse desde unha perspectiva intercultural, aínda que sen renunciar á identidade orixinal de cada un.

Polo tanto, as liñas metodolóxicas terán en conta a gran diversidade das realidades de cadaquén, serán abertas á participación e promoverán actitudes tanto críticas e de diálogo, como investigadoras e creativas que permitan abrir vías de relación entre persoas que proceden de contornos cun patrimonio cultural propio, favorecer a integración da información dentro dos seus esquemas cognitivos e promover a autoaprendizaxe.

## **EXPOSICIÓN DE CONTIDOS**

### **CONTIDOS DO NIVEL II.**

#### **Módulo 3: das sociedades prehistóricas á sociedade industrial.**

##### **Bloque 1: das sociedades prehistóricas á introdución da industria.**

Neste bloque inclúense contidos relacionados coa evolución histórica da sociedade occidental desde os seus comezos ata a aparición da industria. Abórdase, polo tanto, desde o inicio da humanización do espazo natural, as principais contribucións das civilizacións clásicas, a sociedade feudal, o Renacemento, o Antigo Réxime, a Ilustración... Abórdanse tamén contidos relacionados cos elementos básicos dos estilos artísticos.

Trátase de contidos inabarcables nos períodos lectivos dedicados ao desenvolvemento do bloque se se queren abordar de xeito descritivo e minucioso, polo que é imprescindible insistir nos aspectos procedementais, de métodos de traballo. A metodoloxía debe insistir na busca de información en diversas fontes, arqueolóxicas, escritas, iconográficas; na comparación e interpretación da información obtida; no uso das TIC para obter esa información; na valoración crítica das interpretacións históricas; na localización no espazo e no tempo dos períodos e acontecementos históricos mediante procedementos diversos, incluída a representación gráfica de secuencias temporais; e na valoración dos vestixios do pasado existentes no contorno do alumnado e do patrimonio inmaterial como manifestación da memoria colectiva.

##### **Contidos.**

-As sociedades paleolíticas. A revolución neolítica: transformacións e avances. A prehistoria na Península Ibérica. A cultura castrexa.

-O inicio da humanización do espazo natural: as primeiras civilizacións urbanas do Crecente Fértil.

- As principais contribucións das civilizacións urbanas clásicas: Grecia e Roma. Hispania e Gallaecia.
- A expansión do cristianismo: do politeísmo ao monoteísmo. A ruralización do occidente europeo. O reino suevo.
- A sociedade feudal: fundamentos demográficos, económicos, sociais, ideolóxicos e políticos. Orixe e expansión do Islam. O rexurdimento das cidades e do comercio: aparición da burguesía. A Península Ibérica na Idade Media: Al Andalus e os reinos cristiáns. Galicia na Idade Media: a era compostelá e as crises baixomedievais. O papel da espiritualidade na arte medieval: catedrais e mesquitas.
- As características do Estado moderno. O significado do Renacemento. A Península Ibérica na época moderna. A nova imaxe do mundo: descubrimento e colonización de América. Galicia: fidalgos e foreiros. O Barroco galego.
- O Antigo Réxime no século XVIII: trazos básicos e quebra. A crise da Monarquía Absoluta. A Ilustración. O reformismo borbónico en España e Galicia.
- Obtención de información de fontes diversas: iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas TIC, etc. Elaboración escrita da información obtida.
- Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Nocións de simultaneidade e evolución. Representación gráfica de secuencias temporais.
- Identificación das causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio, relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Recoñecemento dos elementos básicos que caracterizan os estilos plásticos e musicais máis relevantes.
- Valoración crítica das interpretacións subxectivas que, ás veces, se dan da historia e interese por explicacións máis obxectivas sobre ela.
- Valoración dos restos e vestixios do pasado existentes no contorno galego e do seu patrimonio inmaterial como manifestación da memoria colectiva.

### **Criterios de avaliación.**

1. Recoñecer as interaccións que se producen entre os grupos humanos paleolíticos e neolíticos e o medio natural, os avances e logros técnicos que favoreceron o crecente dominio do medio, analizando e obtendo conclusións sobre a importancia das novas tecnoloxías agrarias, gandeiras e construtivas para o desenvolvemento humano e comprendendo os trazos característicos da cultura castrexa.

Este criterio pretende avaliar se o alumnado é capaz de identificar os elementos básicos que conformaron as sociedades depredadoras e os cambios que supuxo a revolución neolítica, considerando as consecuencias que esta tivo para a evolución da humanidade. Valorarase a importancia cultural da arte rupestre e do megalitismo atlántico e a comprensión dos trazos característicos da cultura castrexa.

2. Situar espacial e temporalmente a Grecia clásica e o Imperio Romano, utilizando mapas históricos; recoñecer e valorar as achegas e avances realizados polas civilizacións grega e romana como bases que fundamentan as formas de vida e convivencia actuais, e identificar as pegadas da civilización hispanorromana no territorio galego.

Con este criterio quérese valorar se o alumnado é capaz de situar espacial e temporalmente a Grecia clásica e o Imperio Romano. Igualmente, se recoñece as principais achegas materiais e culturais clásicas e a súa contribución á civilización occidental.

3. Identificar e caracterizar os trazos económicos, sociais, políticos e culturais da época medieval, situando no tempo e no espazo as diferentes culturas que coexistiron na Península Ibérica, con especial referencia ao Reino Suevo e ao Camiño de Santiago, destacando e valorando o papel hexemónico das relixións na ordenación global da vida do medievo.

Trátase de avaliar se o alumnado reconece os elementos básicos que caracterizan esta época, identifica os reinos cristiáns e Al-Andalus e as súas características fundamentais, reconece a súa contribución cultural e artística a partir do estudo dalgunhas obras da arte románica e valora o momento de auxe do Reino de Galicia, cos seus episodios de crise social.

4. Identificar os cambios que conducen ao fortalecemento da autoridade monárquica ata a aparición do Estado moderno, distinguindo os principais momentos da súa evolución e as características máis relevantes da monarquía hispana e do seu imperio colonial, así como os estilos artísticos renacentista e barroco.

Búscase comprobar se se identifican as distintas etapas da monarquía hispana, recoñecendo a importancia económica e política do imperio colonial español, destacando a posición dependente de Galicia e diferenciando os trazos básicos dos estilos renacentista e barroco galego.

5. Explicar os trazos básicos económicos, sociais e políticos do Antigo Réxime, a importancia da ideoloxía da Ilustración como factor desencadeante da crise e descomposición deste modelo sociopolítico e as características do reformismo borbónico en España e Galicia.

Este criterio trata de comprobar se se recoñecen os cambios producidos no século XVIII, describindo o carácter centralizador e reformista do despotismo ilustrado en España.

6. Recoñecer e situar nun eixe cronolóxico os feitos históricos estudados, representando algunhas relacións causais dos cambios históricos.

Preténdese que o alumnado elabore cadros temporais como medio de avaliación da comprensión e expresión da orde e duración dos grandes acontecementos que conforman o tempo histórico, así como da sucesión ou da simultaneidade dos feitos relevantes.

7. Recoñecer e valorar as pegadas do pasado histórico galego na linguaxe, nos costumes, nos restos materiais, nas manifestacións artísticas e na vida cotiá como elementos constitutivos da nosa identidade individual e colectiva.

Este criterio busca comprobar que o alumnado entende e explica a presenza viva na nosa vida e no noso contorno do noso patrimonio material e inmaterial.

## **Bloque 2: un século de revolucións: da Marsellesa á Internacional.**

Neste bloque intégranse os contidos relativos á evolución histórica da sociedade occidental desde finais do século XVIII ata comezos do século XX.

Abórdanse polo tanto as grandes transformacións económicas, sociais e políticas que teñen lugar neses máis de cen anos: a renovación das estruturas agrarias, a industrialización, a Revolución Francesa, a construción do estado liberal, a nova sociedade organizada en clases, a loita polo sufraxio universal, o nacemento dos nacionalismos, etc.

Como se afirmaba na introdución ao bloque anterior, estes contidos son inabarcables nos períodos lectivos que se lle dedican se se queren abordar de xeito descritivo e minucioso, polo que é imprescindible unha vez máis insistir nos aspectos de métodos de traballo e de valoración.



Neste bloque, á parte dos aspectos sinalados no anterior, hai que insistir especialmente na valoración do papel das mulleres e homes anónimos na loita contra a desigualdade e en favor da liberdade, na identificación da multiplicidade causal dos acontecementos históricos, na diferenciación de causas e consecuencias na súa explicación, na busca de información en diversas fontes, e na comparación e interpretación da información obtida. Un elemento especialmente significativo é a valoración da democracia e benestar económico das nosas sociedades como froito do esforzo colectivo das xeracións pasadas e da actual.

### **Contidos.**

- As transformacións políticas no século XIX. Antecedentes: a independencia dos Estados Unidos de América e a Revolución Francesa. Características do modelo liberal. Os movementos nacionalistas en Europa.
- A construción do Estado liberal na España do século XIX. A fin do imperio colonial español. As desamortizacións e a súa importancia en Galicia. As orixes do pensamento nacionalista en Galicia e o primeiro galeguismo.
- As transformacións económicas no século XIX: formación, desenvolvemento e trazos esenciais do sistema capitalista. A renovación das estruturas agrarias. A industrialización en Europa e España. As grandes potencias europeas a finais desta centuria. Galicia: o fracaso das industrias téxtil e siderúrxica; o inicio da industria conserveira.
- As transformacións sociais no século XIX: da sociedade estamental á sociedade de clases. A nova sociedade: a burguesía e os obreiros industriais. O movemento obreiro: as ideoloxías anticapitalistas. As novas formas de vida na sociedade industrial.
- O avance democrático liberal en Europa a finais do século XIX: a loita polo sufraxio universal e os dereitos sociais. A exclusión das mulleres dos avances sociais e políticos: o sufraxismo e o dereito á educación.
- As artes plásticas a finais do Antigo Réxime e a súa evolución no século XIX ao compás dos cambios sociais e políticos. A relación entre a arte e as ideas políticas: Romanticismo e Nacionalismo.
- Identificación da multiplicidade causal nos acontecementos históricos.
- Valoración do papel de mulleres e homes anónimos, ata agora silenciados, recoñecéndolles o protagonismo histórico que lles corresponde na loita contra a desigualdade e a falta de liberdade.
- Identificación dos factores que interveñen nos procesos de cambio histórico, considerando as súas interrelacións. Diferenciación de causas e consecuencias nestes cambios.
- Obtención e selección de información de fontes escritas, especialmente a través das TIC, diferenciando os feitos das opinións. Contraste de informacións contraditorias referidas a un mesmo feito histórico.
- Recoñecemento e valoración da situación de democracia e benestar económico actual nas sociedades occidentais como froito da loita e do esforzo colectivo das xeracións pasadas e da actual.

### **Criterios de avaliación.**

1. Identificar e analizar, utilizando o vocabulario e os conceptos apropiados, as ideas básicas dos grandes movementos ideolóxicos e dos procesos revolucionarios de fins do século XVIII e do XIX.

Con este criterio preténdese valorar o coñecemento por parte do alumnado dos principais movementos -liberalismo, nacionalismo, socialismo, anarquismo e sufraxismo- deste período histórico, recoñecendo por medio de exemplos a súa influencia na sociedade actual, e analizando as súas particularidades en España e Galicia, coa significación que aquí ten o proceso desamortizador e o sistema político caciquil.

2. Caracterizar e valorar as transformacións económicas e sociais que se producen en Europa, España e Galicia como consecuencia da Revolución Industrial.

Este criterio trata de avaliar se se recoñecen os cambios que esta revolución introduciu na produción, así como as transformacións sociais que provocaron a aparición de novos grupos sociais, con profundas diferenzas de clase e de xénero, e que os desfavorecidos suscitan reivindicacións desde posicións ideolóxicas socialistas ou anarquistas, valorando a ambivalencia -mellora pero tamén deterioración- dos profundos cambios acontecidos no período. Tamén se valorará a comprensión dos factores causais que explican a fortaleza económica das grandes potencias europeas a finais do século XIX.

3. Recoñecer e valorar os logros e as conquistas democráticas desta época, comprometéndose na profundización da herdanza de dereitos e liberdades que arrancan do século XIX.

Preténdese con este criterio valorar a comprensión da vinculación da maior parte dos dereitos, liberdades e benestar económico que hoxe gozamos co compromiso e a loita colectiva de homes e mulleres, anónimos e silenciados, ao longo dos dous últimos séculos.

4. Distinguir os trazos básicos dos estilos artísticos máis importantes do período, realizando comentarios de imaxes relacionadas coas artes plásticas dos séculos XVIII e XIX.

Trátase de comprobar que o comentario de obras de arte lle proporciona ao alumnado un vocabulario básico de termos artísticos, así como a capacidade de distinción de estilos e movementos artísticos, relacionados coa situación social, ideolóxica e política do momento.

5. Utilizar as TIC para encontrar e comunicar información que responda a cuestións relacionadas coas grandes transformacións acontecidas no século XIX, de modo individual ou en pequenos grupos.

Con este criterio valórase a adquisición por parte do alumnado adulto da competencia dixital e de tratamento de información, aplicada á comprensión dos factores causais que explican os devanditos cambios.

6. Analizar e comentar, oralmente e por escrito, textos históricos, así como obter e comunicar información significativa procedente de mapas históricos que representen e sitúen temporalmente os feitos e os procesos estudados, como a industrialización ou os procesos revolucionarios.

Con este criterio preténdese avaliar a capacidade do alumnado adulto de valorar a información contida en textos históricos e de obter información de documentos como mapas históricos, distinguindo a información principal da accesoria, e expoñendo de forma argumentada a propia opinión sobre determinados aspectos do texto ou do mapa.

#### **Módulo 4: un mundo globalizado: bases históricas, evolución e situación actual.**

##### **Bloque 1: o século XX e os comezos do terceiro milenio.**

Neste bloque abórdanse as grandes transformacións económicas, sociais, políticas e culturais acontecidas no século XX e nos comezos do XXI.

Iníciase o bloque co estudo do imperialismo, a primeira guerra europea e a Revolución Soviética. Estúdanse a seguir as transformacións na España do século XX: a crise do Estado liberal, a Segunda República, a Guerra Civil e o franquismo. O estudo da Segunda Guerra Mundial dá paso á análise do mundo dividido en grandes bloques nacido dese conflito bélico e á descrición dos grandes cambios acontecidos na linguaxe artística no século XX.

Os acontecementos abordados neste bloque están xa máis cerca da experiencia persoal do alumnado e o volume de documentos gráficos e sonoros existente sobre eles é moi grande. Isto permite un tratamento altamente motivador dos contidos do bloque e unha presenza moi significativa das TIC como ferramenta de busca de documentación.

Haberá que insistir no tratamento daqueles contidos que teñen maior significado para interpretar axeitadamente a situación actual do mundo e da nosa sociedade e, unha vez máis, nos aspectos relacionados cos métodos e técnicas de traballo e coa valoración dos acontecementos históricos.

A toma de consciencia dos problemas existentes na actualidade debería conducir a asumir a responsabilidade persoal e colectiva de participar en actividades que perseguen a mellora das situacións de desigualdade e desequilibrios sociais.

### **Contidos.**

-Grandes cambios e conflitos na primeira metade do século XX. Imperialismo, guerra e revolución. A depresión de 1929 e o auxe dos fascismos. A revolución soviética.

-Transformacións na España do século XX: crise do Estado liberal; a II República; guerra civil e represión en Galicia; franquismo. As reivindicacións periféricas: o nacionalismo galego.

-A orde política e económica mundial na segunda metade do século XX: bloques de poder e modelos socioeconómicos. A Guerra Fría. Os procesos de descolonización e o terceiro mundo. O neocolonialismo. O papel da ONU e doutros organismos internacionais.

-A desaparición da URSS e a nova orde mundial: globalización e novos centros de poder xeopolítico. Focos de tensión e perspectivas no mundo actual.

-Identificación das principais institucións e dos conceptos fundamentais que definen un sistema democrático. Os sistemas de votación democrática.

-Arte e cultura na época contemporánea. Recoñecemento e valoración da presenza e influencia da imaxe no noso tempo. Análise e interpretación de obras significativas da arquitectura, das artes plásticas e da música.

-A pluralidade de estilos na música actual. Valoración dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música. Sensibilización e actitude crítica ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

-Toma de consciencia dos graves problemas existentes na actualidade e da responsabilidade colectiva na promoción da paz.

-Disposición a participar e colaborar con organismos e institucións gobernamentais e non gobernamentais (asociacións, ONG, etc.) que perseguen a mellora das situacións de desigualdade e desequilibrios sociais. A participación non institucionalizada e a participación política institucionalizada.

-Valoración da liberdade, a xustiza e a igualdade como valores en que se fundamenta a democracia. Valoración do sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política nas sociedades do século XXI.

### **Criterios de avaliación.**

1. Caracterizar e situar cronolóxicamente e xeograficamente as grandes transformacións e conflitos mundiais que tiveron lugar na primeira metade do século XX. Comprender e identificar os principais acontecementos e procesos e as súas interaccións no panorama internacional desta época (Imperialismo, a Revolución Rusa, as guerras mundiais, a depresión de 1929 e o auxe dos fascismos), contraponendo os trazos básicos dos totalitarismos cos dos réximes democráticos.

Con este criterio trátase de avaliar se o alumnado adulto identifica e analiza as causas e as consecuencias da Primeira Guerra Mundial e as da Revolución Rusa e se comprende o modelo político, económico e social resultante, comparándoo co modelo do liberalismo democrático. Igualmente se comprende as causas da crise de 1929, o carácter cíclico do capitalismo e os cambios producidos na teoría económica capitalista (paso do liberalismo económico clásico ás teorías reguladoras). Tratarase de avaliar tamén se comprende e analiza as causas do auxe dos fascismos e as súas consecuencias inmediatas (Segunda Guerra Mundial).

2. Analizar os cambios acontecidos no mundo desde a segunda metade do século XX (nacemento dos grandes bloques de poder político e modelos socioeconómicos enfrontados), e identificar as tensións resultantes da súa existencia. Igualmente, analizar as causas e as consecuencias dos procesos de descolonización, identificando as características do chamado terceiro mundo e as súas reivindicacións. Identificar os acontecementos que conduciron á desaparición da URSS e á creación dunha nova orde mundial.

Trátase de comprobar que o alumnado adulto é capaz de analizar e comprender a división do mundo en bloques de poder político con modelos socioeconómicos enfrontados e as tensións resultantes. Igualmente, trátase de valorar se o alumnado coñece as causas e as consecuencias dos procesos de descolonización e o nacemento dunha nova orde mundial, co fin de comprender mellor a realidade presente. Prestarase especial atención á habilidade de localizar xeograficamente os feitos e os procesos.

3. Identificar e caracterizar as distintas etapas da evolución económica, social e política, de España e de Galicia durante o século XX (crise do Estado liberal, II República e Guerra Civil; o franquismo; as reivindicacións periféricas e o nacionalismo galego) todo iso con especial referencia á situación de Galicia.

Con este criterio trátase de avaliar se o alumnado adulto reconece as causas da crise da monarquía da Restauración, as políticas reformistas emprendidas durante a Segunda República e os enfrontamentos resultantes dela. Valorarase se se analizan adecuadamente as causas e as consecuencias da Guerra Civil e a quebra que esta supón no proceso democratizador, e as características e a evolución do réxime franquista.

4. Identificar e localizar os principais focos de tensión e as súas perspectivas no mundo actual (situacións graves de desigualdade, grandes desequilibrios sociais, conflitos bélicos), analizando o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais, as forzas de pacificación e as institucións gobernamentais e non gobernamentais. Distinguir entre

formas de participación non institucionalizada e a participación política institucionalizada e recoñecer diálogo e o consenso como vías para a solución os conflitos persoais e grupais. Trátase de valorar con este criterio se o alumnado adulto identifica os principais focos de tensión no mundo actual e se toma consciencia da responsabilidade colectiva na promoción da paz e da xustiza, e do papel que xogan os organismos gobernamentais e non gobernamentais na solución dos conflitos. Poñerese especial énfase na valoración da importancia da participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos, das formas de participación institucionalizada e non institucionalizada e do papel do diálogo para solucionar os conflitos.

5. Comprender e recoñecer os trazos característicos da arte na época contemporánea dentro do seu contexto histórico. Coñecer a pluralidade de estilos na música actual e dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música, manifestando unha actitude crítica ante a contaminación sonora e o consumo indiscriminado de música.

Con este criterio preténdese que o alumnado adulto sexa quen de analizar e interpretar as obras significativas da arquitectura, das artes plásticas e da música do século XX, dentro do seu contexto histórico e artístico. Valorarase o coñecemento da pluralidade de estilos na música actual e o coñecemento dos recursos tecnolóxicos como instrumentos para o coñecemento e gozo da música e o grao de sensibilización ante o consumo indiscriminado de música e a contaminación sonora.

6. Buscar e seleccionar información en diferentes fontes, incluídas as TIC, contrastando versións diferentes dos mesmos feitos, para realizar traballos individuais e en grupo sobre algún foco de tensión política ou social do mundo actual, indagando os seus antecedentes históricos, analizando as causas e previndo posibles desenlaces.

Trátase de avaliar a capacidade do alumnado para abordar, asesorado polo profesor, o estudo dunha situación do mundo en que vive, buscando os antecedentes e causas que a orixinan, e aplicando os seus coñecementos para prever, desde a lóxica, as súas posibles consecuencias. Comprobarase a capacidade para valorar o papel que xogan as persoas anónimas nos procesos históricos, de poñer en xogo un método de investigación e de elaborar conclusións a partir dos diferentes datos. Comprobarase se ten iniciativa para planificar o traballo, acceder con certa autonomía a diversas fontes de información, analizar e organizar esta e presentar as conclusións de maneira clara, con coherencia na exposición das ideas, utilizando precisión léxica, corrección na sintaxe e claridade na expresión.

## **Bloque 2. Dereitos e deberes dos cidadáns e das cidadás.**

Como indica o seu título, este bloque céntrase no traballo sobre un aspecto central da nosa vida como cidadáns activos: os nosos dereitos e deberes, que son a base da convivencia democrática.

Iníciase o bloque co estudo da transición política en España cara ao establecemento dun réxime democrático, e coa identificación dos dereitos e deberes recollidos na Constitución e os que ten o alumnado como integrantes da comunidade educativa.

Abórdase despois o estudo da loita histórica en favor dos dereitos dos homes e das mulleres, con especial referencia á loita destas últimas en favor da igualdade en todos os terreos.

Xunto a esta dimensión de estudo histórico, o bloque ten un aspecto fundamental relacionado coa educación dos cidadáns e das cidadás. Para iso, é imprescindible a posta en xogo dunha metodoloxía participativa baseada no diálogo, na análise de situacións e casos,

na simulación, etc. Así, xunto ao estudo dos aspectos máis significativos da Constitución, abórdanse as formas de participación cidadá, o recoñecemento das diferenzas de xénero como enriquecedoras das relacións persoais e o recoñecemento da igualdade de dereitos de homes e mulleres e o rexeitamento de toda forma de violencia. Faise especial énfase na necesidade de respectar os dereitos dos demais nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores e como peóns.

## **Contidos.**

- Transición política e configuración do Estado democrático en España. O Estatuto de autonomía de Galicia. España e Galicia dentro da Unión Europea hoxe.
- Identificación e exercicio dos deberes e dereitos que os alumnos e alumnas teñen como alumnado dun centro.
- Coñecemento da Declaración universal dos dereitos humanos, e asunción dos deberes e responsabilidades que dela derivan.
- Recompilación de información sobre os distintos tipos de documentos que recollen a lexislación internacional sobre os dereitos humanos (declaracións, pactos, convenios...) e sobre os mecanismos de control e protección dos acordos.
- Identificación das principais etapas históricas na conquista dos dereitos humanos e valoración das novas reivindicacións (terceira xeración de dereitos). Identificación e condena de situacións de violacións dos dereitos humanos e coñecemento dos recursos para denunciar e combater a violación dos dereitos.
- Coñecemento da loita das mulleres e das súas organizacións para a conquista da igualdade de dereitos e oportunidades e o seu recoñecemento como suxeitos históricos de dereitos e de cidadanía. Análise das causas e factores da discriminación das mulleres.
- Identificación e coñecemento dos principios, dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia e da regulación do seu exercicio.
- Identificación e valoración das diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.
- Valoración dos dereitos humanos como esixencia mínima de xustiza. Implicación na defensa efectiva dos dereitos humanos. Identificación e rexeitamento das actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.
- Recoñecemento e valoración das diferenzas de xénero como enriquecedoras das relacións persoais.
- Recoñecemento da igualdade de dereitos de mulleres e homes e identificación e rexeitamento das situacións de discriminación de feito das cales aínda son vítimas as mulleres. Rexeitamento da violencia de xénero. Recompilación de información sobre as medidas destinadas á prevención e protección integral da violencia contra as mulleres.
- Valoración do exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades. Valoración da importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas.
- Coñecemento e respecto dos dereitos dos demais e asunción dos deberes propios nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores e peóns, para facer posible nelas unha convivencia pacífica e sen riscos.

## **Criterios de avaliación.**

1. Identificar e analizar os feitos fundamentais do proceso da transición política e da configuración do Estado democrático en España. Recoñecer os principios, os dereitos e os deberes fundamentais recoñecidos na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia, valorando o seu papel na consolidación do Estado democrático e autonómico.

Identificar os feitos máis importantes no proceso de construción da Unión Europea e da pertenza de España e de Galicia a ela.

Trátase de comprobar se o alumnado adulto identifica e valora os conceptos fundamentais que definen un sistema democrático tal e como están reflectidos na Constitución española e se coñece e valora a importancia do proceso de transición política e de configuración do Estado democrático en España. Igualmente, se coñece os feitos fundamentais no proceso de construción da Unión Europea.

2. Coñecer a importancia da Declaración universal dos dereitos humanos, e asumir os deberes e responsabilidades que dela derivan. Igualmente, identificar e coñecer as principais etapas históricas na conquista dos dereitos humanos, os textos que os conteñen (declaracións, pactos, convenios...) e valorar as novas reivindicacións (terceira xeración de dereitos). Identificar e condenar as situacións de violacións dos dereitos humanos, rexeitando as desigualdades, en particular as que afectan as mulleres e coñecer os recursos para denunciar e combater as violacións de dereitos.

Este criterio avalía o grao de coñecemento das declaracións internacionais de dereitos humanos e da súa evolución histórica, e se o alumnado adulto recoñece as situacións de violación de dereitos humanos no mundo actual, as discriminacións que aínda sofren algúns colectivos, tanto na lexislación, como na vida real e, particularmente, se identifica e rexeita a discriminación de feito e de dereito que afecta as mulleres. Valorarase se o alumnado é capaz de implicarse na defensa efectiva dos dereitos humanos, mesmo no ámbito escolar, denunciando as súas violacións e se identifica e rexeita as actitudes de intolerancia, inxustiza e exclusión.

3. Identificar e analizar o camiño percorrido polas mulleres e polas súas organizacións cara á conquista da igualdade de dereitos e oportunidades e do seu recoñecemento como suxeitos históricos de dereitos e de cidadanía. Analizar as causas da discriminación das mulleres, da evolución histórica ata o recoñecemento da súa igualdade de dereitos, poñendo de manifesto as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e no coidado dos seres humanos. Identificar e rexeitar as causas e factores de discriminación, así como as situacións de violencia machista de que son vítimas.

Con este criterio trátase de avaliar se as alumnas e os alumnos recoñecen a igualdade efectiva de dereitos e de dignidade de mulleres e homes, sen discriminación. Se distinguen os elementos que están na base dalgunhas discriminacións, e se identifican as contribucións das mulleres nos diferentes campos do saber ao longo da historia e no coidado dos seres humanos. Valorarase especialmente o coñecemento da evolución histórica na conquista dos dereitos políticos das mulleres e da igualdade no ámbito familiar e laboral, se identifican e localizan as situacións de discriminación que aínda sofren nas sociedades actuais e se rexeitan activamente a violencia contra elas.

4. Valorar o exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades. Valorar de forma argumentada a importancia da participación cidadá para o funcionamento das institucións democráticas e da formación da opinión a través das

súas diferentes modalidades (cooperación, asociacionismo e voluntariado). Valorarase especialmente o respecto dos dereitos dos demais e a asunción dos deberes propios nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores, pasaxeiros e peóns, para facer posible nelas unha convivencia pacífica e sen riscos.

Trátase de comprobar se as alumnas e os alumnos valoran a importancia da participación cidadá para o funcionamento dos sistemas democráticos e da formación de opinión, fronte ao seguimento acrítico da opinión difundida polos medios de comunicación, así como a responsabilidade dos poderes públicos cara á cidadanía. Se coñecen e respectan os dereitos dos demais e asumen os deberes propios en todas as situacións de convivencia, especialmente nas situacións de desprazamento nas vías públicas, como condutores, pasaxeiros e peóns, para facer posible nelas unha convivencia pacífica e sen riscos.

5. Participar en debates sobre cuestións relacionadas cos dereitos humanos, coa violación destes, coa discriminación das mulleres e coa violencia de xénero, argumentando as propias opinións e manifestando actitudes de solidariedade e tolerancia.

Trátase de comprobar a sensibilidade do alumnado ante os dereitos humanos e o rexeitamento activo da súa violación, especialmente das situacións de racismo, sexismo e discriminación, a través da súa participación en debates con esa temática. Avaliarase o uso axeitado dunha linguaxe oral respectuosa e non discriminatoria, a aceptación das normas que rexen o diálogo e a intervención en grupo, a argumentación, a coherencia na exposición das ideas, así como a precisión léxica e a claridade na expresión.

6. Buscar e seleccionar información en diferentes fontes (prensa, bibliografía, páxinas web, etc.), contrastando versións diferentes dos mesmos feitos, para realizar traballos individuais e en grupo sobre as principais etapas históricas na conquista dos dereitos humanos e sobre a lexislación internacional en torno a eles (declaracións, pactos, convenios...); sobre a evolución histórica cara ao recoñecemento da igualdade de dereitos das mulleres e as súas contribucións en todos os campos do saber ao longo da historia e o coidado dos seres humanos, utilizando fontes diversas (prensa, bibliografía, páxinas web, etc.). Valorarase especialmente a capacidade de seleccionar a información máis relevante, de integrala nun esquema ou guión, e de comunicar os resultados do estudo de forma intelixible.

Trátase de avaliar en que medida o alumnado é capaz de planificar e realizar un pequeno traballo de síntese ou indagación, se selecciona a información pertinente en función do obxectivo proposto e se a organiza adecuadamente. Por outra parte, permitirá comprobar se asume con responsabilidade as tarefas que lle corresponden como membro dun grupo.

## **CONTIDOS MÍNIMOS**

Coñecer os aspectos básicos dos mecanismos que rexen a convivencia entre os pobos, especialmente ó longo do período contemporáneo

Dar mostras específicas da súa valoración da convivencia, da liberdade e o respecto polas ideas alleas

Interpretar correctamente os documentos gráficos (gráficas, películas, ...), como principal forma de coñecemento da súa realidade actual.



## 12. MATERIAIS E RECURSOS NO BACHARALATO

Tomando como marco de referencia os criterios de selección de materiais curriculares que están recollidos no *Proxecto curricular de centro* e constatando su pertinencia didáctica e adecuación ás características do alumnado, seleccionamos o seguinte material de traballo:

MATERIAIS	Bacharalato																		
Libro de texto	<table border="1"> <thead> <tr> <th>Curso</th> <th>Nome</th> <th>Editorial</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td>1º:</td> <td>Miradoiro</td> <td>Vicens</td> </tr> <tr> <td>2º:</td> <td></td> <td></td> </tr> <tr> <td>Historia</td> <td>Hoxe</td> <td>Vicens</td> </tr> <tr> <td>Xeografía</td> <td></td> <td>Anaya</td> </tr> <tr> <td>Arte</td> <td>Arterama</td> <td>Vicens</td> </tr> </tbody> </table>	Curso	Nome	Editorial	1º:	Miradoiro	Vicens	2º:			Historia	Hoxe	Vicens	Xeografía		Anaya	Arte	Arterama	Vicens
Curso	Nome	Editorial																	
1º:	Miradoiro	Vicens																	
2º:																			
Historia	Hoxe	Vicens																	
Xeografía		Anaya																	
Arte	Arterama	Vicens																	
Outros materiais e recursos didácticos	Audiovisuais didácticos Colección de diapositivas Mapas murais históricos, xeográficos, topográficos... Planos urbanos, croques, globo terráqueo. Libros e guías didácticas Documentos e textos Material de apoio subministrado polo centro de recursos da zona																		
Materiais de reforzo e ampliación (atención a diversidade)	Material elaborado polo departamento de <i>Xeografía e historia</i>																		

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Os compoñentes do Departamento de Ciencias Sociais/Xeografía e Historia consideramos que nestas actividades débese **potenciar a interdisciplinabilidade**, para inculcar nos alumnos a idea de **formación global** que se pretende conseguir nesta etapa do ensino.

Neste apartado, pretendemos programar un marco estable que, ó longo do tempo, reúna as experiencias de actividades interesantes e positivas de cada curso, e con independencia das que poidan xurdir ó longo do curso, este Departamento proporá, entre outras, as seguintes actividades:

- Visita ó castro de Viladonga (ou outro alternativo) para os alumnos de **1º de ESO**. Trátase dunha visita guiada no interior do Castro e o Museo que se prolongará ó longo da xornada. Pódense planificar outras actividades na zona que completen esta viaxe e se procurará para elo a colaboración doutros departamentos (CC.NN, Relixión,...)
- Visita a unha vila medieval co alumnado de **2º de E.S.O**. Pode ser Vilanova dos Infantes e o entorno de Celanova, ou calquera outra se se puidera aproveitar unha oportunidade.
- Visita á fábrica de Citroën en Vigo. Faremos esta visita en colaboración co departamento de Tecnoloxía. (**3º de E.S.O e Adultos**). Intentaremos compatibilizar esta visita por percorridos que permitan facer idea da evolución urbanística da vila máis próxima e máis relevante.
- Os alumnos/as de **Historia da Arte** realizarán unha visita a Santiago, percorrendo os monumentos e espazos máis significativos da cidade. Tamén pretenden viaxar a comezos de maio a Madrid có fin de coñecer en directo espazos e obras que compoñen parte representativa do programa desta materia.

Queremos clarear que as actividades se realizarán tendo en conta a actitude e receptividade de cada grupo, e, especialmente dos alumnos considerados individualmente. Deixamos claro, pois, que non participarán nestas actividades aqueles alumnos que non teñan nas clases unha actitude receptiva, ou os que o seu comportamento sexa conflictivo.

#### **14. RECUPERACIÓN DE PENDENTES**

A atención a alumnos pendentes conta con unha hora de dispoñibilidade fora do horario lectivo. Nos niveis da E.S.O. o alumnado con disciplinas pendentes en CC.SS. limítase a aqueles que promocionaron sen ter acadados ós obxectivos do curso anterior, polo tanto son alumnos con dificultades extremas, a maior parte deles dos que poden cualificarse como “obxectores escolares”.

En todo caso este departamento ten programadas actividades de recuperación que se facilitarán a todo o alumnado que, previa convocatoria, teña a ben someterse a este seguimento. Durante todo o curso habilitaranse probas que permitan a superación do nivel pendente. En todo caso, e como o marca a norma, a finais de curso realizarase unha proba para todos aqueles que non se presentaran, ou non superaran as que mencionamos anteriormente.

A nota final consistirá nunha media ponderada entre o valor dos exames realizados e a actitude de traballo mostrada ó longo do curso na realización dos exercicios propostos. Ademais terase en conta o aproveitamento que o alumno teña no seu nivel de referencia.

Este curso, por motivos de axuste do persoal, incluímos a programación da materia Educación para a cidadanía que imparte unha profesora do Departamento de Música.

## PROXECTO CURRICULAR 2º CURSO DE E.S.O.

### MATERIA EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS

#### RELACIÓN OBXECTIVOS DA ETAPA / OBXECTIVOS DA MATERIA

OBXECTIVOS DA ETAPA	OBXECTIVOS DA MATERIA
<p>a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás outras persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.</p> <p>b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.</p> <p>c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.</p> <p>d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas outras persoas, así como rexeitar a</p>	<p>1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, das características e experiencias persoais, respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a autoestima. (O.E. a, c, d)</p> <p>2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas. (O.E. a, c, d)</p> <p>3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas e practicar formas de convivencia e de participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos. (O.E.a, b, c, d, g)</p> <p>4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos, da Constitución Española e do Estatuto de</p>

<p>violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.</p> <p>e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes da información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.</p> <p>f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.</p> <p>g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza nun mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.</p> <p>h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.</p> <p>i) Comprender e expresarse en máis dunha lingua estranxeira de xeito apropiado.</p> <p>l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propia e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron contribucións importantes á cultura e á sociedade galega ou a outras culturas do mundo.</p> <p>m) Coñecer o corpo humano e o seu funcionamento, aceptar o propio e o das outras persoas, aprender a coidalo, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos do coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social.</p>	<p>Autonomía de Galicia, identificando os valores que os fundamentan. (O.E. l, ñ)</p> <p>5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como arrequeñadora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia. (O.E. a, c, d)</p> <p>6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar activamente na prevención da violencia de xénero. (O.E. a, c, d)</p> <p>7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado Español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural. (O.E. a, c, d, l, ñ)</p> <p>8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar baseándose nestes nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na manutención dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garantía dos servizos públicos. (O.E. a, c, d)</p> <p>9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades de diálogo orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá, ben sexa na vida política institucionalizada, ben noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado. (O.E. a, c, d, g)</p> <p>10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento. Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e da seguridade e a</p>
--	--

<p>Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.</p> <p>n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.</p> <p>ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.</p> <p>o) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade.</p>	<p>participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto. (O.E.a, c, d, g)</p> <p>11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos. (O.E. a, c, d)</p> <p>12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas. (O.E. a, c, d)</p> <p>13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos do mundo actual, valorar a importancia da análise ética na orientación da súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación, mediante a adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información. (O.E. a, c, d, e, g)</p> <p>14. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos dos outros. (O.E. a, c, d, e, g)</p> <p>15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional. (O.E. a, c, d, g)</p>
--	---

CONCRECIÓN E RELACIÓN ENTRE OBXECTIVOS DA MATERIA  
E OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR PARA O 2º CURSO

OBXECTIVOS DA MATERIA	OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR
<p>1. Recoñecer a condición humana na súa dimensión individual e social, tomando conciencia da propia identidade, das características e experiencias persoais, respectando as diferenzas cos outros e desenvolvendo a autoestima.</p> <p>2. Coñecer e expresar os sentimentos e as emocións e desenvolver a afectividade nas relacións cos outros, manifestando unha actitude aberta, solidaria e respectuosa, rexeitando os estereotipos, os prexuízos e a violencia en todas as súas formas.</p> <p>3. Desenvolver a iniciativa persoal, actuar con autonomía, asumindo responsabilidades individuais e colectivas, e practicar formas de convivencia e de participación baseadas no respecto, utilizando o diálogo e a mediación para evitar e resolver os conflitos.</p> <p>4. Coñecer, valorar e exercer os dereitos e asumir responsablemente os deberes e as obrigas que se derivan das declaracións internacionais de dereitos humanos, da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, identificando os valores que os fundamentan.</p> <p>5. Asumir a pluralidade das sociedades actuais recoñecendo a diversidade como enriquecedora da convivencia e defender a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e as discriminacións existentes por razón de sexo, orixe, crenzas, diferenzas sociais, orientación afectivo-sexual ou de calquera outro tipo, como unha vulneración da dignidade humana e causa perturbadora da convivencia.</p> <p>6. Recoñecer e asumir a igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes, valorar a diferenza de sexos rexeitando os estereotipos e prexuízos que supoñan discriminación e participar</p>	<p>1. Formarse unha imaxe axustada de si mesmo, das súas características e posibilidades en relación co seu ámbito familiar, social e cultural e académico, por medio do desenvolvemento de actividades que favorezan o autoconhecimento respecto das súas capacidades, os seus intereses e motivacións. (O.M. 1, 2, 14, 15)</p> <p>2. Identificar nos outros diversos tipos emocións e sentimentos, as súas diferentes formas de expresión e os factores que os desencadean como medio indispensable para establecer relacións apropiadas nas situacións que xorden da convivencia. (O.M. 2, 3, 15)</p> <p>3. Recoñecer a pluralidade de sociedades e culturas, entendendo e avaliando formas de diversidade e o seu papel respecto do enriquecemento da convivencia. (O.M. 5, 11)</p> <p>4. Manifestar, nos ámbitos de relación e traballo en que se desenvolven, comportamentos que reflectan o recoñecemento e a aceptación do principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. (O.M. 1, 2, 3, 5, 6, 11, 15)</p> <p>5. Defender activamente a igualdade de dereitos e oportunidades de todas as persoas, rexeitando as situacións de inxustiza e discriminación. (O.M. 2, 5, 6, 9)</p> <p>6. Apreciar os principios que fundamentan os sistemas democráticos e o funcionamento institucional da Unión Europea, de España e da Comunidade Autónoma de Galicia e, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural. (O.M. 4, 7, 8)</p>

<p>activamente na prevención da violencia de xénero.</p> <p>7. Coñecer e apreciar os principios e valores que fundamentan e lexitiman os sistemas democráticos e o funcionamento da Comunidade Autónoma de Galicia, do Estado Español e da Unión Europea, tomando conciencia do patrimonio común e da diversidade social e cultural.</p> <p>8. Coñecer os fundamentos do modo de vida democrático e aprender a obrar baseándose neles nos diferentes ámbitos da convivencia. Asumir os deberes cidadáns na manutención dos bens comúns e recoñecer o papel do Estado como garantía dos servizos públicos.</p> <p>9. Coñecer as diversas formas de participación política, desenvolver habilidades de diálogo orientadas á participación democrática e valorar a importancia da participación cidadá, ben sexa na vida política institucionalizada, ben noutras formas de participación como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado.</p> <p>10. Coñecer as causas que provocan a violación dos dereitos humanos, a pobreza e a desigualdade, así como a relación entre os conflitos armados e o subdesenvolvemento. Valorar as accións encamiñadas á consecución da paz e da seguridade e a participación activa como medio para lograr un mundo máis xusto.</p> <p>11. Recoñecerse membros dunha cidadanía global, baseada nos valores da liberdade, a igualdade e a xustiza e implicarse activamente na súa realización, comezando por mostrar respecto crítico polos costumes e modos de vida de poboacións distintas á propia e manifestar comportamentos solidarios coas persoas e colectivos desfavorecidos.</p> <p>12. Coñecer e analizar as principais teorías éticas que máis contribuíron ao recoñecemento das liberdades e dos dereitos das persoas.</p> <p>13. Identificar as posicións morais que están na orixe dos principais problemas e conflitos</p>	<p>7. Analizar a diversidade de factores que xeran situacións de pobreza e subdesenvolvemento, desigualdade e violación dos dereitos humanos. (O.M. 10, 12, 13)</p> <p>8. Aplicar proxectos de desenvolvemento persoal que mostren iniciativa e compromiso con diferentes formas de participación cidadá, como a cooperación, o asociacionismo e o voluntariado en Galicia. (O.M. 3, 6, 8, 9, 10, 11)</p> <p>9. Avaliar os diversos tipos de accións orientadas á consecución da paz, seguridade e equidade determinando e o papel desempeñado por individuos, grupos e institucións en España e, de forma concreta, en Galicia. (O.M. 7, 8, 9, 10)</p> <p>10. Valorar os dereitos e obrigas que se derivan da Declaración Universal dos Dereitos Humanos e da Constitución Española, identificando os principios que os fundamentan. (O.M. 4, 7)</p> <p>11. Aplicar as valoracións construídas a partir do coñecemento e aceptación dos principios da Constitución Española e do Estatuto de Autonomía de Galicia, aceptándoos como criterios para apreciar de forma axustada condutas persoais e colectivas. (O.M. 4, 7)</p> <p>12. Progresar, grazas á busca e tratamento de información relacionada coa materia, en especial daqueles trazos que caracterizan o patrimonio común democrático e institucional de todos os galegos e españois, na adquisición de destrezas relacionadas coas tecnoloxías da información e da comunicación co fin de mellorar no desenvolvemento de estratexias de aprendizaxe. (O.M. 4, 7, 8, 9, 14)</p> <p>13. Transmitir a información obtida de forma clara e precisa, mostrando o coñecemento da linguaxe propia da materia, mantendo sempre actitudes de</p>
---	---

<p>do mundo actual, valorar a importancia da análise ética na orientación da súa resolución e desenvolver unha actitude crítica ante os modelos que se transmiten a través dos medios de comunicación, mediante a adquisición de destrezas básicas na utilización das fontes de información.</p> <p>14. Adquirir un pensamento crítico, desenvolver un criterio propio e adquirir habilidades para comunicar as propias ideas e defender as propias posicións en debates, a través da argumentación documentada e razoada, así como para escoitar e valorar as razóns e argumentos dos outros.</p> <p>15. Practicar o diálogo coa realidade social en continuo proceso de transformación, como instrumento para a análise crítica das conviccións persoais e a formulación dun proxecto de vida propio, na dimensión persoal, cívica e profesional.</p>	<p>tolerancia e respecto cara ás opinións dos demais. (O.M. 13, 14, 15)</p> <p>14. Mostrar unha posición crítica ante diferentes tipos de discriminación (sexo, clase, raza....) que poidan manifestarse nos ámbitos social ou académico, implicándose activamente en accións que favorezan a igualdade de oportunidades. (O.M. 1, 2, 3, 5, 6)</p> <p>15. Avaliar as oportunidades e desvantaxes do medio social, familiar e académico para conducir a súa actividade formativa e socioafectiva e/ou para aproveitalas e solucionarlas de forma efectiva. (O.M. 3, 14, 15)</p> <p>16. Participar en actividades de grupo (diálogos, coloquios, debates etc.) mantendo sempre unha actitude construtiva, crítica e respectuosa cara aos demais. (O.M. 14, 15)</p>
---	--



## COMPETENCIAS ESPECÍFICAS E A SÚA RELACIÓN COAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A materia de Educación para a Cidadanía e os dereitos humanos mantén unha vinculación especial coa competencias básica nº 5: **Social e Cidadá**. Así, *todos os nosos enunciados se relacionan con ela*. Pero a súa contribución é decisiva para o desenvolvemento das restantes competencias. Destacamos, a continuación, as relacións entre as nosas competencias específicas e as competencias básicas establecidas no currículo oficial.

COMPETENCIAS BÁSICAS DO CURRÍCULO OFICIAL	COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO PROXECTO CURRICULAR
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. <u>Comunicación Lingüística</u></li> <li>2. <u>Matemática</u></li> <li>3. <u>Coñecemento e interacción co medio físico</u></li> <li>4. <u>Tratamento da información e competencia dixital</u></li> <li>5. <b>Social e cidadá</b></li> <li>6. <u>Cultural e artística</u></li> <li>7. <u>Aprender a aprender</u></li> <li>8. <u>Autonomía e iniciativa persoal</u></li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Interpretar e empregar informacións de tipo verbal, estatístico e icónico para a elaboración de informes e conclusións a partir dela, transmitíndoa axeitadamente e aplicando no devandito proceso as tecnoloxías da información e a comunicación. (C.B. 5, 1, 2, 7,8)</li> <li>2. Actuar de acordo ás normas de convivencia defendendo o seu valor como medio para regular a relación no ámbito académico, social e familiar. (C.B. 5, 1, 6, 8)</li> <li>3. Identificar e confrontar informacións, coñecementos e opinións respecto a proxectos de convivencia, destacando aqueles que proveñen do contexto galego. (C.B. 1, 5, 6, 7, 8)</li> <li>4. Diseñar plans sistemáticos e ordenados de traballo, relación e cooperación, que supoñan tomar decisións, que impliquen esforzo e responsabilidade e delimiten e sopesen as repercusións persoais e sociais das súas actuacións. (C.B. 5, 7, 8)</li> <li>5. Identificar e valorar as emocións e sentimentos propios experimentados ante situacións de desigualdade, marxinação, paro, pobreza, analizando aquelas que teñen lugar en Galicia. (C.B. 5, 8)</li> <li>6. Participar activamente en situacións de diálogo, coloquio e debate respectando as súas normas básicas e diferenciando entre argumentos e opinións. (C.B. 1, 5, 7, 8)</li> </ol>

	<ol style="list-style-type: none"> <li>7. Expoñer de forma sistemática, clara e fundamentada as causas e o alcance dos problemas e conflitos de convivencia que afectan á sociedade galega. (C.B. 1, 5, 8)</li> <li>8. Identificar a multiplicidade de factores que interveñen no desenvolvemento de determinados conflitos, especialmente aqueles que proveñen de situacións de violencia de xénero, delimitando a súa importancia e mostrando alternativas fundamentadas para a súa solución. (C.B. 5)</li> <li>9. Desenvolver actitudes de defensa e respecto do medio e reflexionar en grupo sobre os problemas ambientais que as actividades humanas producen nos ecosistemas, principalmente, no ámbito galego. (C.B. 3, 5, 6)</li> <li>10. Identificar e caracterizar diferentes formas e institucións políticas e económicas (o traballo e a situación actual dos sectores económicos), especialmente no ámbito galego, comprendendo a complexidade e transcendencia do ámbito económico nun mundo globalizado. (C.B. 3, 5)</li> <li>11. Analizar as diferentes actividades económicas que protagonizan as sociedades actuais, de forma concreta a galega, apreciando o grande impacto que tiveron no medio e nas formas de vida, e mostrando actitudes críticas ante o consumismo excesivo e os fenómenos de especulación da sociedade contemporánea. (C.B. 3, 5, 6).</li> <li>12. Obter, seleccionar e procesar información utilizando fontes diversas e os novos medios de información e comunicación, así como elaborar novas informacións utilizando as axeitadas estratexias e técnicas do traballo intelectual como a análise crítica, recollida de datos, comparacións ou síntese, entre outras (C.B. 4, 5, 7, 8).</li> <li>13. Analizar e debater sobre novas relacionadas cos elementos que forman parte do patrimonio común de galegos (historia, cultura, arte, medio etc.), utilizando como fontes os diferentes medios de comunicación</li> </ol>
--	---

	(escritos e audiovisuais) de Galicia e as novas tecnoloxías da información e comunicación. (C.B. 4, 5, 7, 8).
--	---

## EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS

### Contidos

#### Bloque 1. Contidos comúns.

- \* Identificación de problemas actuais, a súa conceptualización e reflexión argumentada.
- \* Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.
- \* Prácticas de exposición (oral e escrita) das ideas propias ou dos resultados das lecturas e da información obtida a través de diversos medios.
- \* Preparación e intervención en debates sobre aspectos relevantes da realidade social, considerando as posicións e alternativas existentes e desenvolvendo unha actitude de compromiso para a súa mellora.
- \* Utilización do diálogo como estratexia para a identificación dos conflitos e a solución dos problemas.

#### Bloque 2. Relacións interpersoais, convivencia e participación.

- \* Comprensión e incorporación dos conceptos de amizade, fraternidade, dignidade, sinceridade, agradecemento, cordialidade, diálogo etc., básicos para a convivencia.
- \* Recoñecemento e valoración da convivencia familiar como un sistema de comunicación e cooperación entre xeracións. Posibles disfuncións: análise e busca de solucións compartidas.
- \* Recoñecemento e valoración da amizade como un sistema de comunicación e cooperación entre iguais.
- \* Valoración e uso do diálogo como instrumento para a prevención e resolución de conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.
- \* Análise da importancia da sexualidade na vida humana, da necesidade dunha regulación ética das relacións sexuais baseada no respecto e na equidade e prevención de prácticas de risco.

\* Valoración crítica da división social e sexual do traballo e rexeitamento de prexuízos racistas, xenófobos, homófobos e sexistas.

\* Axuda a compañeiras e compañeiros e, en xeral, a persoas en situación desfavorecida e responsabilización no coidado das persoas dependentes.

\* Participación no centro educativo e en actividades sociais da comunidade como aprendizaxe dos deberes cidadáns. Especial incidencia na mediación e acollida de alumnado inmigrante.

### Bloque 3. Deberes e dereitos cidadáns.

\* Identificación e exercicio dos deberes e dereitos que teñen como alumnado dun centro.

\* Coñecemento e manexo da Declaración Universal dos Dereitos Humanos, asunción dos deberes e responsabilidades que dela se derivan e valoración do proceso de recoñecemento e proclamación dos dereitos humanos como unha conquista histórica inacabada.

\* Recompilación de información sobre os distintos tipos de documentos que recolle a lexislación internacional sobre os dereitos humanos (declaracións, pactos, convenios...) e sobre os mecanismos de control e protección dos acordos.

\* Recoñecemento da igualdade das persoas en dignidade e dereitos, identificación e condena de situacións de violacións dos dereitos humanos e coñecemento dos recursos para denunciar e combater a violación dos dereitos.

\* Valoración das diferenzas de xénero como enriquecedoras das relacións interpersoais. Coñecemento dos dereitos das mulleres na nosa sociedade actual e a loita pola súa consecución. Recoñecemento da igualdade de dereitos de mulleres e homes e identificación e rexeitamento das situacións de discriminación das que de feito aínda son vítimas as mulleres.

### Bloque 4. Democracia e cidadanía.

\* Identificación do sistema de dereitos e deberes como base da convivencia política. Valoración do exercicio dunha cidadanía activa, que coñece os seus dereitos e asume as súas responsabilidades.

\* Identificación da principais institucións e dos conceptos fundamentais que definen un sistema democrático. Os sistemas de votación democrática.

\* Identificación e coñecemento dos principios, dereitos e deberes fundamentais recoñecidos na Constitución Española e no Estatuto de Autonomía de Galicia.

\* Identificación e valoración das diversas formas de participación cidadá: cooperación, asociacionismo e voluntariado.

\* Valoración da política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública. Información sobre a estrutura e funcionamento da protección civil e coñecemento do seu papel na prevención e xestión dos desastres naturais e provocados. Os sistemas de votación democrática.

\* Asunción da responsabilidade cidadá: identificación e aprecio dos bens comúns e servizos públicos. Valoración dos impostos como contribución dos cidadáns aos gastos e investimentos públicos e como instrumento para a distribución da renda e compensación das desigualdades.

\* Reflexión sobre as causas, avaliación das consecuencias dos accidentes de circulación e implicación na súa prevención.

\* Coñecemento dos dereitos e deberes que implica o consumo, planificación de condutas e adquisición de hábitos de consumo racional e responsable compatible coa sustentabilidade.

\* Observación do impacto das actividades individuais e colectivas sobre o medio e valoración da responsabilidade polo seu coidado.

#### Bloque 5. Cidadanía en tempos de globalización.

\* Valoración da diversidade social e cultural como enriquecedora da convivencia nunha sociedade plural. Identificación dos elementos culturais propios que poidan estar en perigo nun mundo globalizado e posibles solucións.

\* Identificación de situacións de violación de dereitos e sensibilización fronte ás necesidades de colectivos e grupos desfavorecidos. Planificación de iniciativas encamiñadas á construción dunha sociedade máis xusta e solidaria.

\* Identificación dos principais conflitos no mundo actual e sensibilización ante a situación das persoas que sofren directamente as súas consecuencias. Información sobre o papel dos organismos internacionais e as forzas de pacificación na prevención e resolución dos conflitos. Identificación e valoración das accións individuais e colectivas a favor da paz.

\* Análise e valoración da influencia das novas formas de comunicación, información e mobilidade no establecemento de relacións globais entre as persoas de diferentes lugares do mundo e das consecuencias da globalización económica.

\* Sensibilización ante as desigualdades: riqueza e pobreza. Coñecemento de iniciativas encamiñadas á loita contra a pobreza e a axuda ao desenvolvemento.

## CONTIDOS DO PROXECTO CURRICULAR

### EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA E OS DEREITOS HUMANOS

#### Contidos

#### BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS.

- Busca activa de información sobre aspectos relevantes da realidade social, académica, laboral, económica e cultural en fontes diversas.
- Análise crítica de informacións por medio de técnicas como a inferencia e o contraste.
- *Explicación multicausal* dos factores que interveñen na determinación dos fenómenos sociais e humanos.
- Exposición de opinións e xuízos propios con argumentos razoados.
- Preparación e realización de coloquios, obradoiros, entrevistas simuladas, debates, simposios, paneis etc. sobre temas significativos da realidade social, cunha actitude de compromiso para melloralala.
- Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión da actualidade social, cultural e económica.
- Participación activa e comprometida, no centro educativo e en actividades sociais que contribúan a posibilitar unha sociedade xusta e solidaria.
- Rexeitamento das discriminacións provocadas polas desigualdades persoais, económicas ou sociais.
- Disposición aberta e respectuosa a escoitar, analizar e valorar as opinións dos outros.
- Participación activa en coloquios e diálogos como estratexia para abordar os conflitos de forma non violenta.
- Exposición oral e escrita de opinións e xuízos propios con argumentos razoados.
- Preparación sistemática e rigorosa de temas para debate sobre aspectos relevantes da realidade, cunha actitude de compromiso para melloralala.
- Busca de información significativa en materiais impresos, audiovisuais e informáticos para fundamentar opinións e xuízos persoais.
- Contraste e avaliación crítica de informacións proporcionadas por diferentes medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.
- Cooperación responsable nos traballos de grupo.
- Posta en práctica de estratexias de investigación ante algún tema de especial interese: formulación de hipótese, busca, recollida, organización e análise de datos, confrontación das hipóteses, interpretación, conclusións e comunicación das mesmas.
- Análise crítica das posicións teóricas e prácticas que impiden o diálogo e a posibilidade de chegar a acordos de grupo (dogmatismo, relativismo).
- Actitude crítica ante modelos de comportamento expostos polo ámbito e polos medios de comunicación.



- Valoración da discrepancia razoada.

## **BLOQUE 2. RELACIÓNS INTERPERSOAIS, CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN.**

- A psicoloxía no proxecto dunha sociedade xusta.
- Autoconcepto, autonomía e autoestima.
- Relacións interpersoais e desenvolvemento persoal. Afectos e emocións. Sentimentos convenientes. Empatía. O exercicio do pensamento crítico. Asertividade.
- Habilidades para a competencia social, a comunicación asertiva e a inclusión social.
- As relacións humanas: relacións entre homes e mulleres e relacións interxeracionais. Ámbitos de convivencia: centros educativos e marco familiar. O exercicio do dereito á educación, sentido e complexidade, que supón respecto da identificación dos dereitos e deberes de todos os compoñentes da comunidade educativa (alumnos, profesores, familia, cidadáns). A familia no marco da Constitución Española.
- A convivencia cos achegados: amizade, sexualidade, familia.
- A loita pola felicidade: igualdade, democracia, dereitos humanos e protección de valores.
- Os sentimentos na convivencia ítima. Convivencia e conflito. Análise dos problemas da comunicación. Sentimentos creadores.
- Resolución intelixente de conflitos. Os sentimentos e os conflitos. Normas para resolver conflitos. A violencia na escola.
- O proxecto de vida persoal. As súas compoñentes (ámbito social, familiar e académico-laboral). Os elementos de desenvolvemento persoal. A actitude e o afán de superación e mellora dos diferentes tipos de capacidade. O voluntariado: sentido, ámbitos e accións.
- Desenvolvemento de actitudes non violentas na convivencia diaria: ámbito académico, familiar e social.
- A participación no centro educativo e en actividades sociais e familiares que contribúan a posibilitar unha sociedade xusta e solidaria. Dereitos e deberes. Compromiso, esforzo e colaboración.
- Desenvolvemento de hábitos cívicos para a inclusión laboral e o espírito emprendedor.
- Coidado das persoas dependentes. Axuda a compañeiros ou persoas e colectivos en situación desfavorecida.
- Valoración crítica da división social e sexual do traballo e dos prexuízos sociais racistas, xenófobos, sexistas e homófobos.

## **BLOQUE 3. DEBERES E DEREITOS CIDADÁNS.**

- A construción dun mundo xusto: dignidade e respecto.
- Os dereitos humanos fundamentais. Os deberes. Normas. Respecto e autoridade. Prexuízos.

- Declaración universal dos dereitos humanos, pactos e convenios internacionais. Condena das violacións dos dereitos humanos e actuación xudicial ordinaria e dos Tribunais Internacionais. Valoración dos dereitos e deberes humanos como conquistas históricas inacabadas.
- As relacións verticais e horizontais nos contextos escolar, laboral e familiar. O incumprimento das normas e as súas consecuencias sociais, administrativas e legais. A Lei do Menor.
- Cidadanía e conciencia cívica: responsabilidade, solidariedade e xustiza. Toma de decisións responsables.
- O dereito á educación. Os deberes: a participación, o esforzo e o respecto. Os dereitos dos alumnos. O exercicio do pensamento crítico.
- Igualdade de dereitos e diversidade. Respecto e valoración crítica das opcións persoais dos cidadáns. Dereitos e deberes dos adolescentes e dos mozos na Comunidade Autónoma de Galicia. Semellanzas e diferenzas cos doutros tipos de ámbitos e culturas.
- Elaboración, cumprimento e revisión das normas de convivencia nos seus contextos próximos.
- A loita pola igualdade. A conquista dos dereitos das mulleres (participación política, educación, traballo remunerado, igualdade de trato e oportunidades), e a súa situación no mundo actual. Relacións xustas: dignidade e respecto. A violencia de xénero.

#### **BLOQUE 4. DEMOCRACIA E CIDADANÍA.**

- Funcionamento dos estados democráticos. Principios básicos da democracia. Os poderes políticos. O modelo político español: a Constitución Española e o Estado das Autonomías. A política como servizo á cidadanía: a responsabilidade pública. Diversidade social e cultural. O caso galego.
- O Estatuto de Autonomía de Galicia. O carácter democrático das súas institucións políticas e administrativas.
- Convivencia de culturas distintas nunha sociedade plural. A emigración e a interculturalidade. O traballo. A marxinación. A realidade social e cultural galega.
- Rexeitamento das discriminacións provocadas polas desigualdades persoais, económicas ou sociais. Conciencia cívica: responsabilidade, solidariedade e xustiza.
- Identificación, aprecio e coidado dos bens comúns e servizos públicos. Os impostos e a contribución dos cidadáns. Compensación de desigualdades. Distribución da renda. Os servizos públicos en Galicia.
- Consumo racional e responsable. Recoñecemento dos dereitos e deberes dos consumidores. A influencia da mensaxe publicitaria nos modelos e hábitos sociais. As asociacións e organismos de defensa do consumidor en Galicia.
- Estrutura e funcións da protección civil. Prevención e xestión dos desastres naturais e provocados en Galicia. Apertura e sensibilización respecto a desastres na contorna da comunidade e noutros lugares.
- A circulación viaria e a responsabilidade cidadá. O carné por puntos. Os accidentes de circulación. Análise das causas e consecuencias vinculadas co incumprimento das normas de

circulación. A circulación viaria e as campañas de sensibilización. Características e repercusións.

- Busca activa de información sobre aspectos relevantes da realidade social, académica, laboral, económica e cultural en fontes diversas, utilizando as TIC's.
- Explicación multicausal dos factores que interveñen na determinación dos fenómenos sociais e humanos.
- Análise comparativa e avaliación crítica de informacións proporcionadas polos medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.

## **BLOQUE 5. CIDADANÍA EN TEMPOS DE GLOBALIZACIÓN.**

- A necesidade de vivir en sociedade. Cidadáns dun estado e cidadáns do mundo. Unha sociedade xusta e feliz. Un gran proxecto humano. A convivencia e os sentimentos
- **Un mundo desigual: riqueza e pobreza. A "feminización da pobreza". O dereito á educación. A falta de acceso á educación como fonte de pobreza. A loita contra a pobreza e a axuda ao desenvolvemento. Consumo responsable. Comercio xusto. Conciencia cívica: responsabilidade, solidariedade e xustiza. Organizacións de axuda e cooperación.**
- **Problemas e conflitos actuais. As solucións xustas. Institucións que axudan a buscar a xustiza. O papel dos organismos internacionais e das forzas armadas de España en misións internacionais de paz. Dereito internacional humanitario. Accións individuais e colectivas en favor da paz.**
- Globalización e interdependencia: novas formas de comunicación, información e mobilidade. A desigualdade no acceso á información. O papel dos medios e redes de comunicación. Internet. Relacións entre os cidadáns, o poder económico e o poder político. O consumismo. Valoración de situacións e prácticas de consumo que xeran desigualdade, inxustiza e violación dos dereitos humanos.
- Debate e exposición de opinións e xuízos propios con argumentos razoados e respecto polo resto de opinións.
- Contraste e avaliación crítica de informacións proporcionadas por diferentes medios de comunicación sobre un mesmo feito ou cuestión de actualidade.
- Recollida e contraste da información sobre cuestións relacionadas coa globalización desde un punto de vista social, económico, político e cultural.
- Disposición aberta e respectuosa a escoitar, analizar e valorar as opinións dos demais.
- Participación activa en coloquios e diálogos como estratexia para abordar a globalización desde o respecto e a convivencia entre todos os cidadáns e tipos de sociedade.

## RELACIÓN ENTRE CRITERIOS DE AVALIACIÓN

DO CURRÍCULO OFICIAL	DO PROXECTO CURRICULAR
<p>1. Valorar a importancia das outras persoas para a construción da propia identidade, tomar conciencia dos vínculos que están na base da convivencia e iniciar a construción dun código de conduta autónomo, a partir do recoñecemento da propia identidade e do respecto e tolerancia polas diferenzas persoais e sociais.</p> <p>2. Practicar o diálogo para evitar e superar os conflitos nas relacións entre iguais e nas relacións interxeracionais.</p> <p>3. Identificar e rexeitar, a partir da análise de feitos reais ou figurados, as situacións de discriminación cara a persoas de diferente orixe, xénero, ideoloxía, relixión, orientación afectivo-sexual e outras, respectando as diferenzas persoais e mostrando autonomía de criterio.</p> <p>4. Participar de modo democrático e cooperativo en todas as actividades programadas tanto na aula como fóra dela, e en xeral na vida do centro e da contorna como preparación para o exercicio dunha cidadanía activa.</p> <p>5. Utilizar diferentes fontes de información e considerar as distintas posicións e alternativas existentes nos debates que se formulan sobre problemas e situacións de carácter local ou global.</p> <p>6. Identificar os principios básicos das declaracións internacionais dos dereitos humanos e a súa evolución, distinguir situacións de violación deses dereitos e recoñecer e rexeitar as desigualdades de feito e de dereito, en particular as que afectan as mulleres.</p> <p>7. Identificar os conceptos fundamentais (pluralismo político, parlamentarismo, representatividade...) que definen un sistema democrático, os principios e as institucións fundamentais, así como os dereitos e deberes que establece a Constitución Española e o Estatuto de Autonomía de Galicia.</p>	<p>1. Explicar os sentimentos e emocións experimentados en distintas situacións de relación, convivencia e conflito mostrando unha actitude de rexeitamento ante aqueles que poidan vincularse a falta de respecto, de consideración ou discriminación a persoas ou grupos. (C. AV. 1, 2, 3, 6)</p> <p>2. Definir os conceptos de "problema" e "conflito" exemplificándoos en situacións concretas propias do medio familiar, sociocultural, académico e laboral. (C. AV. 4, 9, 10, 11)</p> <p>3. Mostrar habilidades que denoten asertividade nas relacións cos que o rodean. (C. AV. 1, 2, 4)</p> <p>4. Analizar a multiplicidade de causas que poden explicar algúns dos conflitos e problemas actuais máis relevantes no mundo e os propios do contexto galego. (C. AV. 3, 5, 9, 10, 11)</p> <p>5. Determinar diversos tipos de formas de atopar solucións xustas e as mellores solucións que atopou a humanidade. (C. AV. 2, 4, 6, 7, 11)</p> <p>6. Identificar as principais institucións (galegas, nacionais e internacionais) que contribúen a resolver os conflitos recoñecendo o seu sentido e funcións máis significativas. (C. AV. 4, 6, 7, 11)</p> <p>7. Expoñer as razóns que fundamentan movementos e accións de defensa dos dereitos humanos. (C. AV. 1, 6, 7)</p> <p>8. Determinar, a partir do coñecemento e valoración da nosa Constitución, os principios democráticos e as institucións fundamentais que establece. (C. AV. 6, 7)</p> <p>9. Describir a organización, funcións e forma de elección dalgúns órganos de goberno municipais e autonómicos galegos, así como estatais. (C. AV. 4, 6,</p>

<p>8. Identificar os principais servizos públicos que deben garantir as administracións, recoñecer a contribución dos cidadáns no seu mantemento e mostrar, ante situacións da vida cotiá, actitudes cívicas relativas ao coidado da contorna, á seguridade viaria, á protección civil e ao consumo responsable.</p> <p>9. Utilizar e contrastar con rigor información procedente de diversos medios para identificar as causas dalgúns dos problemas de convivencia nas sociedades actuais, elaborar un punto de vista propio e desenvolver actitudes responsables que contribúan á súa mellora.</p> <p>10. Identificar as características da globalización e o papel que xogan nela os medios de comunicación, recoñecer as relacións que existen entre a sociedade na que vive e a vida das persoas doutras partes do mundo.</p> <p>11. Recoñecer a existencia de conflitos e o papel que desempeñan neles as organizacións internacionais e as forzas de pacificación. Valorar a importancia da participación humanitaria para paliar as consecuencias dos conflitos.</p>	<p>7, 8)</p> <p>10. Achegar fórmulas de solución persoal e razoada para intervir apropiadamente en situacións concretas de discriminación. (C. AV. 3, 6)</p> <p>11. Sintetizar de forma clara e ordenada o sentido dos valores nos que se fundamentan os dereitos humanos. (C. AV. 2, 4, 6, 7)</p> <p>12. Mostrar actitudes de esforzo e compromiso para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos. (C. AV. 1, 2, 3, 4, 6, 7)</p> <p>13. Identificar a repercusión de estereotipos e ideas preconcebidas en comportamentos e informacións valorando a súa repercusión para o establecemento de relacións xustas e equilibradas. (C. AV. 1, 2, 3, 4, 6, 9)</p> <p>14. Determinar o papel que desempeñan nalgúns conflitos as organizacións internacionais e as forzas de pacificación valorando a súa participación para paliar as súas consecuencias. (C. AV. 11)</p> <p>15. Definir os conceptos de dereito, deber, norma, responsabilidade, xustiza e equidade identificando situacións concretas do desenvolvemento da materia que contribuíron á súa clarificación. (C. AV. 6, 7)</p> <p>16. Dialogar respecto das causas dos conflitos actuais e os elementos que caracterizan a organización económica mundial a partir da mundialización e a interdependencia económica, aplicando esta análise aos diferentes conflitos socioeconómicos, tanto de carácter autonómico, nacional como internacional. (C. AV. 2, 3, 5, 8, 9, 10)</p> <p>17. Determinar os aspectos máis importantes que o fenómeno da inmigración tivo en España e de xeito moi especial en Galicia, valorando a súa influencia en diferentes ámbitos (espaciais, demográficos, socio-</p>
---	--

	<p>económico e culturais). (C. AV. 3, 5, 9, 10)</p> <p>18. Expoñer a través dun diálogo aberto, fundamentado e respectuoso coas diversas opinións e valoracións, os principais problemas que afectan a España e ao mundo, en xeral, e a Galicia, en particular, e reflexionar sobre as súas solucións e alternativas. (C. AV. 5, 6, 7, 8, 9, 10, 11)</p> <p>19. Analizar aqueles valores que forman parte dos principios democráticos que rexen as principais institucións de Galicia, valorando as actitudes e comportamentos que permitan o seu mantemento e persistencia no futuro. (C. AV. 4, 7)</p>
--	--

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PROXECTO CURRICULAR E O SEU  
DESENVOLVEMENTO/ VINCULACIÓN COAS COMPETENCIAS ESPECÍFICAS

COMPETENCIAS ESPECÍFICAS DO PC	CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PC
<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Interpretar e empregar informacións de tipo verbal, estatístico e icónico para a elaboración de informes e conclusións a partir dela, transmitíndoa axeitadamente e aplicando no devandito proceso as tecnoloxías da información e a comunicación. (C.B. 5, 1, 2, 7,8)</li> <li>2. Actuar de acordo coas normas de convivencia defendendo o seu valor como medio para regular a relación no ámbito académico, social e familiar. (C.B. 5, 1, 6, 8)</li> <li>3. Identificar e confrontar informacións, coñecementos e opinións respecto dos proxectos de convivencia, destacando aqueles que proveñen do contexto galego. (C.B. 1, 5, 6, 7, 8)</li> <li>4. Diseñar plans sistemáticos e ordenados de traballo, relación e cooperación, que supoñan tomar decisións, que impliquen esforzo e responsabilidade e delimiten e sopesen as repercusións persoais e sociais das súas actuacións. (C.B. 5, 7, 8)</li> <li>5. Identificar e valorar as emocións e sentimentos propios experimentados ante situacións de desigualdade, marxinación, paro, pobreza, analizando aquelas destas situacións que ten lugar en Galicia. (C.B. 5, 8)</li> <li>6. Participar activamente en situacións de diálogo, coloquio e debate respectando as súas normas básicas e diferenciando entre argumentos e opinións. (C.B. 1, 5, 7, 8)</li> <li>7. Expoñer de forma sistemática, clara e fundamentada as causas e o alcance dos problemas e conflitos de convivencia que afectan á sociedade galega. (C.B. 1, 5, 8)</li> <li>8. Identificar a multiplicidade de factores que interveñen no desenvolvemento de</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. Explicar os sentimentos e emocións experimentados en distintas situacións de relación, convivencia e conflito mostrando unha actitude de rexeitamento ante aqueles que poidan vincularse coa falta de respecto, consideración ou discriminación a persoas ou grupos. (C.E. 2, 3, 5)</li> <li>2. Definir os conceptos de "problema" e "conflito" exemplificándoos en situacións concretas propias do medio familiar, sociocultural, académico e laboral. (C.E. 1, 8, 9, 10, 11, 12, 13)</li> <li>3. Mostrar habilidades que denoten asertividade nas relacións cos que o rodean. (C.E. 2, 3, 6)</li> <li>4. Analizar a multiplicidade de causas que poden explicar algúns dos conflitos e problemas actuais máis relevantes no mundo e os propios do contexto galego. (C.E. 9, 10, 11, 12, 13)</li> <li>5. Determinar diversos tipos de formas de atopar solucións xustas e as mellores solucións que atopou a humanidade. (C.E. 4, 6, 11, 12, 13)</li> <li>6. Identificar as principais institucións (galegas, nacionais e internacionais) que contribúen a resolver os conflitos recoñecendo o seu sentido e funcións máis significativas. (C.E. 1, 11)</li> <li>7. Expoñer as razóns que fundamentan movementos e accións de defensa dos dereitos humanos. (C.E. 1, 3, 10, 11)</li> <li>8. Determinar, a partir do coñecemento e valoración da nosa Constitución, os principios democráticos e as institucións fundamentais que establece. (C.E. 2, 3, 11)</li> <li>9. Describir a organización, funcións e forma de elección dalgúns órganos de goberno municipais e autonómicos galegos, así como estatais. (C.E. 2, 3,</li> </ol>

<p>determinados conflitos, especialmente aqueles que proveñen de situacións de violencia de xénero, delimitando a súa importancia e mostrando alternativas fundamentadas para a súa solución. (C.B. 5)</p> <p>9. Desenvolver actitudes de defensa e respecto do medio e reflexionar en grupo sobre os problemas ambientais que as actividades humanas producen nos ecosistemas, principalmente no ámbito galego. (C.B. 3, 5, 6)</p> <p>10. Identificar e caracterizar diferentes formas e institucións políticas e económicas (o traballo e a situación actual dos sectores económicos), especialmente no ámbito galego, comprendendo a complexidade e transcendencia do ámbito económico nun mundo globalizado. (C.B. 3, 5)</p> <p>11. Analizar as diferentes actividades económicas que protagonizan as sociedades actuais, de forma concreta a galega, apreciando o grande impacto que tiveron no medio e nas formas de vida, e mostrando actitudes críticas ante o consumismo excesivo e os fenómenos de especulación da sociedade contemporánea. (C.B. 3, 5, 6).</p> <p>12. Analizar as diferentes actividades económicas que protagonizan as sociedades actuais, apreciando o grande impacto que tiveron no medio e nas formas de vida, e mostrando actitudes críticas ante o consumismo excesivo e os fenómenos de especulación da sociedade contemporánea (C.B. 3, 5, 6).</p> <p>13. Obter, seleccionar e procesar información utilizando fontes diversas e os novos medios de información e comunicación, así como elaborar novas informacións utilizando as axeitadas estratexias e técnicas do traballo intelectual tales como a análise crítica, recollida de datos, comparacións ou</p>	<p>11)</p> <p>10. Achegar fórmulas de solución persoal e razoada para intervir apropiadamente en situacións concretas de discriminación. (C.E. 3, 4)</p> <p>11. Sintetizar de forma clara e ordenada o sentido dos valores nos que se fundamentan os dereitos humanos. (C.E. 2, 3, 4, 11)</p> <p>12. Mostrar actitudes de esforzo e compromiso para construír, aceptar e practicar normas de convivencia acordes cos valores democráticos. (C.E. 5, 6, 7, 9)</p> <p>13. Identificar a repercusión de estereotipos e ideas preconcebidas en comportamentos e informacións valorando a súa repercusión para o establecemento de relacións xustas e equilibradas. (C.E. 5, 6, 8)</p> <p>14. Determinar o papel que desempeñan nalgúns conflitos as organizacións internacionais e as forzas de pacificación valorando a súa participación para paliar as súas consecuencias. (C.E. 1, 10, 11, 12, 13)</p> <p>15. Definir os conceptos de dereito, deber, norma, responsabilidade, xustiza e equidade identificando situacións concretas do desenvolvemento da materia que contribuíron á súa clarificación. (C.E. 1, 8, 9, 10, 11, 12, 13)</p> <p>16. Dialogar respecto das causas dos conflitos actuais e os elementos que caracterizan a organización económica mundial a partir da mundialización e a interdependencia económica, aplicando esta análise aos diferentes conflitos socioeconómicos, tanto de carácter autonómico, nacional como internacional. (C.E. 3, 10, 11, 12, 13)</p> <p>17. Determinar os aspectos máis importantes que o fenómeno da inmigración tivo en España e de xeito moi especial en Galicia, valorando a súa influencia en diferentes ámbitos (espaciais, demográficos, socio-</p>
--	--



<p>síntese, entre outras (C.B. 4, 5, 7, 8).</p> <p>14. Analizar e debater sobre noticias relacionadas cos elementos que forman parte do patrimonio común de galegos (historia, cultura, arte, medio etc.), utilizando como fontes os diferentes medios de comunicación (escritos e audiovisuais) de Galicia e as novas tecnoloxías da información e comunicación. (C.B. 4, 5, 7, 8).</p>	<p>económico e culturais). (C.E. 5, 6, 11, 13, 14)</p> <p>18. Expoñer a través dun diálogo aberto, fundamentado e respectuoso coas diversas opinións e valoracións, os principais problemas que afectan a España e ao mundo, en xeral, e a Galicia, en particular, e reflexionar sobre as súas solucións e alternativas. (C.E. 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14)</p> <p>19. Analizar aqueles valores que forman parte dos principios democráticos que rexen as principais institucións de Galicia, valorando as actitudes e comportamentos que permitan o seu mantemento e persistencia no futuro. (C. E. 14)</p>
--	---